



Sección de Lingua / Seminario de Onomástica

# Estudos de Onomástica Galega VI

## A onomástica e o Camiño de Santiago



REAL ACADEMIA GALEGA





# **Estudos de Onomástica Galega VI**

Edita:  
Real Academia Galega

ISBN:  
978-84-17807-12-2

Depósito Legal:  
C 1964-2021

<https://doi.org/10.32766/rag.384>

© Real Academia Galega, 2021

Deseño da colección:  
Grupo Revisión Deseño

Maquetación:  
Real Academia Galega

Impresión:  
LUGAMI ARTES GRÁFICAS  
Infesta, 96  
15319 Betanzos  
Tel. 981 77 41 71  
[www.lugami.com](http://www.lugami.com)



**REAL  
ACADEMIA  
GALEGA**



Sección de Lingua / Seminario de Onomástica

**Estudos de Onomástica Galega VI**  
**A onomástica e o Camiño de Santiago**  
Xornada de estudo  
16 de outubro de 2021

Edición de Ana Boullón e Luz Méndez



**REAL ACADEMIA GALEGA**



## Limiar

Ana Boullón

Luz Méndez

*Real Academia Galega*

Co gallo de se celebrar en 2021 o Ano Santo Compostelán, a xornada anual de onomástica da Academia Galega debrúzase este ano sobre o Camiño de Santiago, declarado polo Consello de Europa en 1987 como primeiro Itinerario Cultural Europeo. O fundamental do Camiño de Santiago son as súas rutas, que conformaron historicamente un espazo de encontro multicultural. Nesta VI Xornada queremos achegarnos á onomástica do Camiño, constituída fundamentalmente polos nomes dos lugares polos que atravesamos.

Coma adoito, as perspectivas de estudo nesta xornada son diversas. Comézase pola Idade Media, na época da consolidación do Camiño, cunha achega sobre os cambios nos significados dos topónimos ao longo da historia e outra sobre o seu valor para a crítica textual (neste caso, na transmisión do *Códice Calixtino*). Céntranse no propio nome de *Santiago* as dúas seguintes: unha sobre as súas moitas variantes na antroponimia e na toponimia e a segunda sobre a súa presenza na toponimia americana. Despois, as acostumadas experiencias didácticas, neste caso dúas con base na toponimia dun tramo do Camiño. Finalmente, unha mesa redonda sobre o estudo da toponimia no Camiño de Santiago.

Anselmo López Carreira (UNED), historiador da Galicia medieval, traza un percorrido sobre a evolución semántica de Galicia e España ao longo da Idade Media, baseándose nas fontes históricas. Desde que os romanos acuñaron estes corónimos (como *Gallaecia* e *Hispania*, respectivamente), *Galicia* presenta gran permanencia semántica, aínda que os límites xeográficos foran variando. A primitiva provincia romana, que abranguíu o territorio noroccidental peninsular, foise configurando desde a Alta Idade Media no reino medieval, cunha delimitación similar á actual: ata o século xv a súa personalidade política era recoñecida polas fontes documentais e cartográficas da época. Pola contra, o de *España* foi moito máis variable. Primeiro designou a Península Ibérica, como un termo xeográfico, concepción que continuou na Alta Idade Media, período en que se foi recoñecendo a súa unidade e, asemade, a súa diversidade (*omnis Spania*).



Nas crónicas andalusís distinguíase entre o reino cristián de Galicia e o resto: no emirato cordobés substituíuse pronto o nome de *Spania* por *Al-Andalus*, mais no exterior continuouse chamándolle así. Finalmente, ao chegar á Baixa Idade Media, *España* era denominación sinónima de Castela. Sería no século XVII, coa definitiva independencia do reino de Portugal, cando durante a monarquía dos Habsburgo ese termo pasaría a utilizarse como denominador do ámbito de goberno do resto da Península. A visión da historiografía española fixada desde o século XIX ocultou sistematicamente a realidade medieval e o protagonismo histórico do reino de Galicia. É importante, logo, clarificar a evolución dos dous termos cos ollos abertos á luz do que realmente explican as crónicas.

José María Anguita (USC), estudoso desde hai longo tempo do *Liber sancti Iacobi*, pon de relevo a importancia da onomástica para a crítica textual. Para dilucidar de forma cabal as secuencias toponímicas transmitidas, moitas escuras e descoñecidas polos copistas, cómpre coñecer moi ben non só a obra, senón moi diferentes aspectos da cultura medieval. O minucioso estudo permite recoñecer as formas que designan algunhas das cidades hispanas conquistadas por Carlomagno recollidas no Pseudo-Turpín: *Adania*, *Lucerna Ventosa*, *Capparra*, topónimos que identifican tres ruínas lendarias. Nesta relación, a última das formas parece estar por *Cauria*, ausente no *Códice Calixtino*. A propósito disto, o autor retoma a teoría de Gonzalo Navaza sobre a orixe de *Crunia* nunha mala lectura de *Cauria*, aducindo argumentos que lle outorgan maior credibilidade. A toponimia transmitida pola literatura medieval ilumina as orixes dos nomes de lugar de hoxe.

Sandra Beis (IES da Illa de Arousa), formada na análise onomástica no ILG, examina a fértil descendencia de *Iacobus* en nomes, apelidos e topónimos peninsulares: *Santiago* foi a creación onomástica galega de máis éxito no mundo. Moi frecuente na toponimia galega, peninsular e americana, sobre todo coa forma galega, pero tamén coa catalá *Sant Jaume* e coa vasca *Donejakue bidea* na microtoponimia. Hai moita máis variación nos nomes persoais: de *Santiago* desaglutínouse *Iago* e, en portugués, *Tiago*. De *Iacobus* proceden *Xacobe* e *Xacobo*, e dunha variante *Jacomus*, *Xácome* e *Xaime* (esta a través do francés), con equivalencias nos restantes idiomas peninsulares e europeos. E moitos deles convertéronse en apelidos. Isto é, un nome fértil con abundosa proxenie no mundo.

Pilar Cagiao (USC), unha das investigadoras máis recoñecidas en historia de América, vai seguindo o percorrido do nome na colonización americana

desde as viaxes de Colón. O apóstolo Santiago desempeñou para os conquistadores españois unha función semellante á considerada polos guerreiros medievais contra os mouros. As poboacións arrasadas e conquistadas era renomeadas, as novas fundacións recibían nomes peninsulares: un vello procedemento para a apropiación tamén simbólica do territorio. Son centos hoxe as localidades clamadas Santiago (tamén Compostela), con habitantes coñecidos como *santiaguinos* o *santiagueros*; así mesmo, a imaxe de Santiago Matamouros está presente en moitas igrexas.

As experiencias didácticas da onomástica no Camiño desenvolvéronse as dúas en centros de ensino primario e secundario do concello de Ames, por onde discorren tramos de dous camiños: o Portugués e o de Fisterra-Muxía (e mais un que se pretende revitalizar, o da Ría de Muros-Noia). E as dúas tiveron semellantes dificultades por desenvolverse en tempos pandémicos, coas restricións que isto supuxo. Secasí, malia as limitacións e compartiren ámbito xeográfico, reveláronse dúas aproximacións distintas (tamén distinta a idade dos destinatarios), moi interesantes para compartir noutros centros.

A primeira, realizada por M.<sup>a</sup> Carmen Liñares (CEIP Agro do Muíño), desenvolveuse con alumnado de 4<sup>o</sup> de primaria. Con eles recadaron en Internet información histórica, xornalística e cartográfica que serviu para elaborar unha exposición oral na aula e despois visitar *in situ* os valores patrimoniais e naturais do percorrido. Con todo ese pouso, examinaron o significado achegado polos topónimos e microtopónimos. Un exemplo máis das moitas posibilidades de contidos multidisciplinares que achega a onomástica.

Luciano Fernández Martínez (IES do Milladoiro) traballou con grupos de ESO para realizaren un achegamento ao territorio a partir dos nomes dos lugares. De novo un enfoque interdisciplinar, coa implicación dos departamentos de Lingua galega, Xeografía e historia e Matemáticas, que deron lugar a infografías e guías audiovisuais para percorrer o Camiño en Ames. Unha das peculiaridades deste centro é a gran cantidade de alumnado procedente doutros lugares, como corresponde a unha poboación dormitorio que gravita arredor da cidade de Santiago. Así, o que en principio podía semellar unha carencia para o desenvolvemento do proxecto, aprobeitase para potenciar a integración dun alumnado sen arraigo no territorio: coñecer os topónimos, o seu significado, cal foi a motivación, serve tamén para establecer vencellos entre as persoas e os lugares que habitan.

Na mesa redonda, en que se quixo tratar a toponimia do Camiño como elo vertebrador dos estudos toponímicos en Europa, contouse coa participación da antropóloga Cristina Sánchez-Carretero, especialista en xestión do patrimonio; Eduardo López Pereira, doutor en Filoloxía clásica e membro da Academia Xacobeá, gran coñecedor da cultura da *Gallaecia*; Valentín García Gómez, Secretario Xeral de Política Lingüística, e con Gonzalo Navaza, doutor en Filoloxía e un dos principais estudosos da toponimia galega.

Cristina Sánchez-Carretero disertou sobre o patrimonio cultural inmaterial, os seus retos e contradicións, e expresou a necesidade non só de catalogar senón tamén de democratizar este patrimonio, isto é, de facer partícipes del á comunidade e aos grupos locais que o habitan e o sosteñen, para que o repensen, o transmitan e a tradición siga vinculada co presente.

Eduardo López Pereira mergullounos na antigüidade do Camiño de Santiago e explicounos como Aymerico Picaud o fixou a partir da toponimia (de entidades de poboación pero tamén de elementos xeográficos), que estaba xa establecida por anteriores camiños, pero agora reforzada pola haxiotoponimia, o que el denominou toponimia sagrada (fronte á profana), para crear e divulgar a nova ruta xacobeá.

Valentín García Gómez expresou na súa intervención o compromiso da SXPL na catalogación do patrimonio toponímico, competencia da Xunta de Galicia, a través do *Nomenclátor de Galicia* e do proxecto *Galicia Nomeada*, de rexistro da microtoponimia galega. Estas dúas actuacións son mostra dos traballos que a administración autonómica, a través da Comisión de Toponimia, e a Real Academia Galega, desde o Seminario de Onomástica, veñen realizando desde os principios da democracia; estes traballos destacan pola súa adecuación aos tempos e ás novas tecnoloxías e pola colaboración con outros organismos xeográficos e estatísticos da administración propia e da estatal. O proxecto *Galicia Nomeada*, coa súa web, a aplicación para móbiles e a campaña *Toponimízate*, é un modelo de modernización, divulgación e participación cidadá no coidado e recuperación do patrimonio.

Pola súa parte, Gonzalo Navaza tratou sobre aspectos etimolóxicos e históricos dalgúns topónimos xacobeos: *Camiño*, *Hospital*, *Rozabales*, *Viana...*; tamén destacou o papel do Códice Calixtino e do rei Afonso IX, o noso VIII, na creación destes topónimos e doutros coma *A Coruña* ou *Ponte Nafonso*.

No debate posterior ás intervencións, entre máis asuntos, os intervenientes puxeron de relevo os avances nos estudos toponímicos en Galicia, tanto pola experiencia acumulada coma polas posibilidades dixitais de acceder á documentación histórica e ás ferramentas cartográficas. Todo isto pon de manifesto a capacidade galega para liderar os estudos onomásticos no Camiño de Santiago. Desde aquí, logo, expresamos o noso desexo de que se convoque unha cita para reunir os especialistas europeos en toponimia para afondar no seu estudo científico e poñer en valor a importancia dos nomes de lugar dentro da sociedade.



# I

*Regnante in Spania et in Gallecia.*

Evolución semántica dos dous corónimos ao longo da Idade Media.

/ ANSELMO LÓPEZ CARREIRA

Notas sobre a toponimia do *Códice Calixtino*:

listaxes, *Adania* e *Crunia*

/ JOSÉ MARÍA ANGUIA JAÉN



*Regnante in Spania et in Gallecia.*  
**Evolución semántica dos dous corónimos  
ao longo da Idade Media**

Anselmo López Carreira  
UNED-Ourense

Ao longo da Idade Media establecéronse ou readaptáronse os elementos sobre os que no Antigo Réxime se creou o *Estado Moderno*, antecedente da forma actual de Estado. As transformacións sociais e políticas que entón tiveron lugar esixiron o axuste do léxico correspondente.

Mais os mil anos medievais non conteñen a evolución completa dos dous nomes que nos interesan, pois se o de Galicia, aínda experimentando cambios no ámbito físico a que se aplica, presenta desde o seu inicio unha notable permanencia semántica, pola contra o de España será bastante despois dese período cando adquira o significado actual. Ata que iso aconteza, se por ‘corónimo’ entendemos a designación dun país máis que dun espazo, España, case mellor que un corónimo era un macrotopónimo, en contraste co nome de Galicia, que semella ter orixe étnica.

Por tanto, nas seguintes páxinas só asistiremos aos primeiros pasos mediante os cales o nome de España foi agregando valor político e incluso étnico ao inicial xeográfico, nun proceso de longo percorrido. Por outra parte, a fixación conceptual que acompaña a constitución do Estado Liberal no século XIX aínda hoxe non conta co necesario consenso, vista a dificultade de querer denominar unha realidade plurinacional por medio dun nome que exprese un único ente nacional.

A observación diacrónica simultánea de ambos os nomes facilitará, mediante o contraste, conclusións máis congruentes que as obtidas do seu estudo por separado, método frecuentemente utilizado que obvia boa parte da información pertinente.

Cabe propoñer que na súa incerta orixe os dous nomes se situán en campos semánticos diferentes, un dotado de contido étnico, o de Galicia, e o outro, o de España, alusivo á condición xeográfica. Tal diferenza, sancionada polo forte



cuño da romanidade, atravesada toda a Idade Media e prolóngase máis alá dela, adaptándose ás cambiantes circunstancias históricas.

Desde finais do século xv o nome de España vai adquirindo novos significados: primeiro o que o habilita para a designación da pluralidade política do Estado Moderno do Antigo Réxime; despois, a partir do xix, o que lle engade a connotación nacional, como expresión da *nación española*, no *proceso de nacionalización* do Estado liberal, fase actualmente non culminada.

O de Galicia completa durante a Idade Media a contracción do seu ámbito de aplicación. Se moi axiña se mostrou inadecuado para representar unha unidade étnica ou xeográfica (dada a amplitude da *provincia* romana de Gallaecia), a redución ao territorio actual, perceptible desde o século x, consumouse a finais do xv. Desde aquela coincide cunha área xeográfica configurada polo clima, o relevo, a hidrografía, a edafoloxía e a paisaxe humana e natural, o cal permitiu designar o país co substantivo *rexión*, propio do acervo léxico da xeografía. En 1833, en sincronía co devandito *proceso de nacionalización* de España, Galicia, dividida en catro provincias, deixaba de ser o denominador do país e o nome reducíase a mero indicador xeográfico, mesmo en risco de ser substituído polo de Noroeste.

Tanto España (*Hispania*) como Galicia (*Gallaecia*) son nomes que, coa súa oficialización sobre os territorios correspondentes, debemos aos romanos, mesmo se non os inventasen eles. Cómpre, por tanto, remontármonos brevemente ata aquel momento.

## **HISPANIA NA CONCEPCIÓN CLÁSICA**

Desde época romana e durante moito tempo a partir de aí, o nome de Hispania designará a Península Ibérica no seu conxunto, pois foi entón cando se acadou un coñecemento relativamente exacto das súas dimensións e configuración física. A etimoloxía da palabra é obxecto de debate. A estendida hipótese que lle outorga orixe fenicia non é compartida por Schulten (1920, p. 7).

Antes dos romanos chamábase comunmente Iberia, en referencia aos iberos –con evidente fondo étnico–, pero a aplicación do nome cinguíase aos territorios da costa mediterránea, é dicir, a aqueles en que se estableceran colonos

púnicos e gregos. Do interior e do noroeste, aínda sendo visitados desde antigo, só se tiña unha percepción difusa e incompleta.

Mentres non se comprobou a súa condición peninsular non se lle atribuíu carácter propio; era vista como continuación do occidente europeo, cuxo extremo atlántico Heródoto, no século V a. C., denomina *Κελτική*, en referencia á clasificación dos seus habitantes.

O dominio de Hispania polos romanos, rematado cerca do cambio de era, e a conseguinte circunnavegación desde o Mediterráneo ata a Galia e Britania, permitiron elaborar mapas notablemente fieis, como o de Agripa, do século I a. C., e a partir de Tolomeo, no II d. C., establecer coordenadas e distancias moi precisas.

A Península aparece entón cunha evidente personalidade física. No século VII Isidoro descríbena “situada entre África e a Galia, cerrada ao norte polos montes Pireneos e rodeada polo mar polos seus restantes costados”<sup>1</sup>, constituíndo unha das *rexións* de Europa, denominación imprecisa, pois tanto lle vale ao autor para designar grandes espazos xeográficos (Xermania, Galia, Italia ou Grecia) como outros máis reducidos; en todo caso, sen facer indicación do seu *status* político.

Por tanto, a toda a Península se lle asignará o nome de Hispania, cun significado exclusivamente xeográfico, pero que reconece a existencia de trazos físicos definidores do conxunto, o cal conduce axiña a percibila con cohesión interna e a establecer similitudes entre os seus poboadores. Idacio e Orosio, no século V, aluden aos seus habitantes como un conxunto<sup>2</sup> e desígnanos co xentilicio *hispanos*<sup>3</sup>.

No baixo Imperio, a partir da reorganización realizada por Diocleciano, Hispania divídese politicamente en cinco *provincias*: Tarraconense, Cartaxinense, Bética, Lusitania e Gallaecia, que á súa vez, a efectos fiscais, xunto coa Mauritania Tingitana (no norte do actual Marrocos), se agruparon na *diocese* de Hispania, engadíndolle así a este nome un matiz administrativo, pero sobre un espazo certamente irregular. Por outra parte, as provincias hispanas, xunto coas da Galia e Britania, e neste caso con carácter militar, integrábanse na *prefectura* das Galias.

---

1 Isidoro de Sevilla, *Etymologiarum...*, Lib. XIV, Cap. 4, § 28 (Oroz, Casquero e Díaz 1995, t. II, p. 186).

2 “[...] ceteras Hispaniae gentes” (Orosio, *Historiarum...*, Lib. VI, 21, 1; Torres 1985, p. 568).

3 “Spani...” (Idacio; López Silva 2004, p. 166).

A visible diversidade da Península propiciaba a utilización do plural (*Hispaniae*), única forma utilizada por Idacio e frecuentemente por Orosio<sup>4</sup>, que se manterá durante toda a Idade Media e acadará a Contemporánea.

O asentamento dos pobos xermánicos a principios do século v e a desaparición do Imperio de Occidente no ano 476 puxo fin á validez administrativa de *dioceses* e *prefecturas*, mais non á das *provincias*, que perdurarán durante varios séculos como referente organizativo.

Hispania consolidouse como o nome propio da Península, e seguiría séndoo durante moito tempo, pero a partir dese momento o seu reparto político entre varias xurisdicións non coincidentes coas demarcacións provinciais orixina unha dificultade nominal á hora de designar uns territorios cuxo único elemento común era o feito de estaren situados nesa rexión xeográfica. Por esta razón, desde os inicios da Idade Media asistimos a momentos de mímese entre o orixinario significado xeográfico de Hispania e outro novo de natureza política, posto que a agrupación de catro das súas *provincias* nun mesmo marco político (primeiro o visigodo, logo o andalusí) e a formación dun reino á parte (o suevo) na Gallaecia, facían incongruente a denominación herdada de Roma, obrigando a procurar outra, que loxicamente para esas catro *provincias hispanas* será a de Hispania. Aínda no século VII, Isidoro chegará a declarar hispana a *provincia* norteafricana da Mauritania Tinguitana<sup>5</sup>, transposición dun pasado xa distante que quizais encubriese pretensións visigodas fronte aos bizantinos.

Polo contrario, no caso da Gallaecia o valor referencial do nome viuse reforzado polo establecemento dos suevos e a transformación política da *provincia* en reino.

## A PROVINCIA ROMANA DE GALLAECIA

Tras o primeiro contacto militar comandado por Décimo Xunio Bruto sobre o ano 138 a. C., a campaña de César no 60 a. C. e a definitiva de Augusto no 19 a. C. integraron no Imperio o territorio noroccidental de Hispania.

4 “Galliarum Hispaniarumque prouinciae” (Orosio, *Historiarum...*, Lib. VII, 38, 3; Torres 1985, p. 700).

5 “Hispania [...] ten seis provincias: Tarraconense, Cartaxinense, Lusitania, Galicia, Bética e, pasando o estreito, na rexión de África, Tinguitania” (Isidoro, *Etymologiarum...*, Lib. XIV, Cap. 4, § 29; Oroz, Casquero e Díaz 1995, t. II, p. 186).

Inicialmente adscribiuse á extensa *provincia* de Hispania Citerior Tarracense, na que constituía un extremo apenas asimilado, pero no ano 212 (co emperador Caracalla) individualizouse como entidade provincial propia co nome de Hispania Nova Citerior, dividida en tres *conventus xurídicos* (Bracarense, Lucense e Asturicense), cun territorio comprendido entre os ríos Douro e Cea, acollendo pobos diversos, mais que aos ollos dun observador externo debían compartir trazos suficientes para xustificar o deseño da *provincia*, axustada na súa meirande parte ao mundo castrexo.

Un cambio de gran transcendencia produciuse a finais dese mesmo século III, a raíz da gran reforma administrativa de Diocleciano. A *provincia* pasou a chamarse Gallaecia e a case duplicar o seu tamaño ao crearse, a costa da Tarracense, un novo *convento*, o Cluniense, que levou os seus límites ata os Pireneos e a poboación de Numancia<sup>6</sup>, o cal supuxo a adscripción de poboacións marcadamente diferentes dos galaicos (bárdulos, vaceos...), desaparecendo calquera viso de homoxeneidade étnica ou xeográfica.

O nome de Galicia (Gallaecia) pasaba a integrar o vocabulario xeo-político da romanidade e, con iso, a tradición que desde ese fundamento clásico percorrería os séculos posteriores.

A etimoloxía de *Gallaecia* está tamén pendente de solución. Acéptase comunmente o seu carácter de etnónimo, pola xeneralización a toda ela do xentilicio do pobo dos galaicos (Καλλαῖκοι, callaici)<sup>7</sup>, mais isto traslada a cuestión á etimoloxía do nome dos galaicos, que non podemos considerar resolta por Isidoro, quen asocia o nome a unha suposta brancura da pel<sup>8</sup>. Estrabón (64 a. C. - 19 d. C.) ademais de *bárbaros* (βαρβάροι) chama tamén a todos os habitantes da zona *habitantes da montaña* (ὄρειοι λιτοί) (Romero e Pose 1988, pp. 35 e 36), o cal puidera gardar relación cunha raíz \*καλ significando pedra ou monte.

Ao contrario do que acontecía con Hispania, Gallaecia non nace como indicador xeográfico, senón como demarcación política integradora de pobos diversos, identificados co xentilicio de *galaicos* non por seren membros da mesma

---

6 “Numantia ... in capite Gallaeciae sita” (Orosio, *Historiarum...*, Lib. V, 7, 2; Torres 1985, p. 412); traducimos nós: “no inicio de Galicia”.

7 Ese semella ser o sentido con que, no século V, o utiliza Orosio cando, narrando a campaña de Décimo Xunio Bruto, estima en sesenta mil o número de galaicos implicados: “LX milia Gallaecorum” (Orosio, *Historiarum...*, Lib., V, 5, 12; Torres 1985, p. 408).

8 “[...] chámase así aos galegos pola súa brancura” (Isidoro, *Etymologiarum...*, Lib. IX, Cap. 2, § 110; Oroz, Casquero e Díaz 1995, t. I, p. 760).

etnia, senón habitantes desa provincia. E aínda que a división do espazo provincial mediante o trazado dos *conventos* pode certamente reflectir a existencia previa de diferenzas humanas ou, en todo caso, contribuír a acentualas, todas as áreas incluídas na Gallaecia son igualmente galaicas.

Orosio, contemporáneo da chegada dos suevos (cando aínda existe o Imperio), localiza cántabros e ástures na provincia de Gallaecia<sup>9</sup>. A explícita referencia a Galicia por parte deste autor non estraña, xa que el era galaico bracarense, pero en cambio non deixa de sorprender que, máis de douscentos anos despois (a mediados do século VII) o faga Isidoro, sendo el bético e súbdito do reino visigodo. A fortuna de que escollese o exemplo de Galicia para ilustrar o significado dos termos *provincia* e *rexión* débese explicar polo seu recurso á fonte orosiana, que reproduce case literalmente: “as rexións son partes das provincias, como Cantabria e Asturias en Galicia”<sup>10</sup>.

É o modelo clásico vixente ao longo da Idade Media, que explica por si mesmo a transmisión do nome de Galicia ao reino constituído no territorio da *provincia*.

## O GALICIENSE REGNUM DO PERÍODO SUEVO

Bispo da efémera diocese de Chaves, Idacio non só é coetáneo dos acontecementos que rexistra, senón directo participante neles, como membro e dirixente da comunidade galaico-romana. É natural, por tanto, que os nomes de Galicia e España aparezan constantemente na súa obra; o primeiro deles en moita maior medida, pois Galicia era o centro das preocupacións do autor. Abonda con asomarse á súa *Crónica* para comprobarmos a prolongación dos significados con que ambos os termos se introducen na Idade Media. En cambio, a pretensión de universalidade e a amplísima diacronía das *Historias* de Orosio limitan a focalización, nada comparable á minuciosidade de Idacio.

Malia ostentaren os suevos o poder fáctico sobre Galicia desde o ano 410, toda a *Crónica* idaciana se desenvolve dentro da teórica existencia do Imperio

---

9 “Cantabri et astures Gallaeciae provinciae portio sunt” (Orosio, *Historiarum...*, Lib. VI, Cap. XXI, 2; Torres 1985, p. 568).

10 “[...] regiones partes sunt provinciarum [...] sicut in Gallicia Cantabria, Asturia” (Isidoro, *Etymologiarum...*, Lib. XIV, Cap. 5, § 21; Oroz, Casquero e Díaz 1995, t. II, p. 190).

(que *oficialmente* non desaparece ata o ano 476) e o autor mantense aferrado aos vellos moldes institucionais. Para el os *galegos* son os galaico-romanos.

Os suevos non o son. Ao contrario, son os adversarios, destrutores do país. Os seus reis sono exclusivamente dos suevos, e cando anota que Requiario sucede ao seu pai “in regnum” (López Silva 2004, p. 172) ou que os suevos toman por rei a Maldras<sup>11</sup>, non está a falar do territorio, senón da transmisión do poder<sup>12</sup> dentro da comunidade sueva.

En puridade non existe de momento un *reino de Galicia*<sup>13</sup>. Galicia segue a ser a *provincia* do Imperio, da que el é natural<sup>14</sup> e na que habitan dúas comunidades diferenciadas<sup>15</sup> e confrontadas, con alternancia de violencias e paces<sup>16</sup>. E aínda sendo el consciente de que as campañas militares dos primeiros reis alteraron por completo o mapa *provincial*, pois a autoridade sueva afánzase en toda a metade norte da Lusitania e chega a acadar as demais *provincias* hispánicas, Galicia segue a ter polo sur a extrema no río Douro<sup>17</sup>.

A conclusión da *Crónica* no ano 468 (e probablemente da propia vida do cronista), abre unha prolongada paréntese de máis de medio século de case absoluta falta de información.

Cando os datos reaparecen, xa ben entrada a centuria seguinte, o panorama é moi diferente, sen que poidamos saber cando se produciu a transformación. As fontes de información son entón de variada procedencia e natureza (crónicas, actas, poemas), contemporáneas dos feitos ou moi próximas a eles, entre finais do século VI e mediados do VII.

Nelas represéntasenos a síntese resultante da fusión daquelas dúas comunidades, xa nunca mencionadas como antagónicas e que Gregorio de Tours chega

---

11 “Sueui ... sibi regem constituent” (Idacio, *Crónica*; López Silva 2004, p. 176).

12 O uso de *regnum e imperium* como equivalentes de poder, goberno ou reinado, sen necesaria atribución territorial, será constante ao longo da Idade Media.

13 As reiteradas alusións ao “Galliciae regno” e aos “Galliciae et Hispaniae regnis” supostamente feitas polo papa León I na primeira metade do século V (Migne 1846, v. 55, pp. 1031, 1044, 1054, 1055, 1056, 1057 e 1063) chegaronns mediatizadas por recensións dos séculos XVII e XVIII.

14 “Ydatus prouinciaie Galleciae” (Idacio, *Crónica*; López Silva 2004, p. 162).

15 “Galleciorum et Sueuorum” (Idacio, *Crónica*; López Silva 2004, p. 178).

16 “Hermericus pacem cum Gallecis ... reformat” (Idacio, *Crónica*; López Silva 2004, p. 169); “Sueui ... cum Callicis pacem ... conturbant” (2004, p. 169); “inter Sueuos et Callicos” (2004, p. 177); “inter Gallecos et Sueuos” (2004, p. 179).

17 “[Teodorico] ad Bracaram extremam ciuitatem Galleciae” (Idacio, *Crónica*; López Silva 2004, p. 175); “regionem Galliciae adherentem flumine Durio” (2004, p. 176).

a denominar *gali-suevos*<sup>18</sup>, dentro dun reino de Galicia<sup>19</sup> cuxos reis, galegos<sup>20</sup>, o son de Galicia<sup>21</sup>. A definitiva conversión dos suevos ao cristianismo romano a mediados dese século, impulsada por Martiño, a quen Venancio Fortunato denomina “bispo galego”<sup>22</sup>, sinala a culminación dun camiño iniciado décadas atrás. Aínda así, non se ignora a pertenza étnica da realeza<sup>23</sup> (probablemente circunscrita ao ámbito suevo), algo que xorde en todos os autores. Mais a confusión entre etnicidade e territorialidade<sup>24</sup> ou a designación de todo un grupo de poboación con ese etnónimo<sup>25</sup> que apreciamos en varios deles, nesas datas tardías, eran unha lembranza máis que unha realidade.

O termo *provincia*, na súa formulación clásica, continúa vixente. No *incipit* das actas dos concilios bracarenses I (ano 561) e II (572) alúdese aos “Galliciae provinciae episcopi” alí congregados (Vives, Marín e Martínez 1963, pp. 65 e 78). Mais o seu valor orixinario está alterado na Galicia do século VI. Denomínese provincia ou reino, xa non coincide cos catro conventos baixoimperiais, limitados polo río Douro, senón que designa todo o ámbito político do reino suevo, é dicir, non só a antiga provincia da Gallaecia romana, senón tamén a parte da Lusitania incluída no reino. Todas as *sedes* citadas no *Parrochiale Suevum* (elaborado sobre o ano 570), desde a dos bretóns na cornixa cantábrica ata a de Idaña, lindando co río Texo, son ‘galegas’, comprendidas, como declara o rei Teodomiro, “in prouincia regni nostri ... in tota Galliciae regione” (Geyer *et al.* 1965, p. 413).

O reino visigodo, pola súa parte, mantén a estrutura organizativa provincial romana<sup>26</sup>. É precisamente entón, no século VII, cando Isidoro define o concepto clásico de *provincia* nas súas *Etimoloxías*, aínda que o seu contemporáneo

---

18 “De Gallis Suabis” (Gregorio de Tours, *De virtutibus sancti Martini episcopi*, Lib. I, Cap. 11).

19 “[...] regnum Galliciensim”, “Galliciensim regnum” (Gregorio de Tours, *Historia Francorum*, Lib. VI; Krusch 1937, pp. 315-316).

20 “Mirus rex Galliciensis” (Gregorio de Tours, *Historia Francorum*, Lib. V; Krusch e Levison 1965, p. 248), “Mironis Galliciensis regis” (Gregorio de Tours, *Historia Francorum*, Lib. VI; 1965, pp. 314-315).

21 “Chararici cuiusdam regis Galliciae” (Gregorio de Tours, *Historia Francorum*, Lib. I; Krusch e Levison 1965, p. 144); “Mironis regis Galliciae” (Fredegario, *Crónica*, Lib. III, Cap. 83; Krusch 1888, p. 116).

22 “Ad Martinum episcopum Galliciensem” (Venancio Fortunato, *Poemas*; Leo 1881).

23 “De rege Galliciae ... sive de Suevis” (Gregorio de Tours, *Historia Francorum*, Lib. I; Krusch 1937, p. 144); “in Gallaecia Suevorum regnum” (Xoán de Bicláro, *Crónica*; Campos 1960, p. 92); “Miro Suevorum rex” (1960, pp. 81, 82, 91); “regnante Theodemiro rege Suevorum” (Isidoro de Sevilla, *De viris illustribus*; Codoñer 1964, p. 146).

24 “Liuigildus rex in Gallaecia Suevorum fines conturbat” (Xoán de Bicláro, *Crónica*; Campos 1960, p. 86).

25 “Sueuorum populis” (Isidoro de Sevilla, *De viris illustribus*; Codoñer 1964, p. 145).

26 “[...] in provincia Gallaeciae” (Xoán de Bicláro, *Crónica*; Campos 1960, p. 91).

Xoán de Biclaro, iniciando unha tendencia chamada a perpetuarse, aplícallo a territorios de moi diferente carácter e magnitude, desde a propia Hispania no seu conxunto ata a pequenas rexións (Campos 1960, pp. 91, 89, 84 e 87).

## **GALICIA, PROVINCIA DA ESPAÑA VISIGODA**

No ano 585 o reino suevo-galego foi anexionado ao visigodo. A Hispania visigoda, constituída ata ese momento, aínda que de maneira incompleta, sobre as outras catro *provincias*, incorporaba a de Gallaecia<sup>27</sup>, mais non por isto se retornaba ao deseño territorial do baixo Imperio Romano, pois a Galicia incorporada ao reino visigodo conservou os límites do reino suevo, é dicir, incluía o norte da *provincia* lusitana, ata a reforma realizada por Recesvinto na segunda metade do século VII (Vives, Marín e Martínez 1963, pp. 330-331).

O *Provinciale Visigothicum* (ou *Divisio Wambae*; Geyer *et al.* 1965) permite reconstruír os límites de Galicia no tránsito do século VI ao VII. Consiste nun catálogo das sedes episcopais e metropolitanas de época visigoda, supostamente elaborado no século VII. Víctima de interpolacións e coas eivas inherentes aos avatares da súa transmisión, conserva valor para coñecermos en liñas xerais os límites desas entidades administrativas (David 1947, pp. 1-6).

Nunha das recensións do texto (*recensio altera*), as igrexas lusitanas de Lamego, Viseu, Coimbra e Idaña continúan dependendo da metropolitana de Braga, pero a rectificación de límites efectuada no século VII xa aparece reflectida na outra recensión (*recensio prior*).

Diso dedúcese que ata mediados do século VII por Galicia non só se entendía o territorio pertencente á *provincia* romana, senón tamén o lusitano do reino suevo, ao que, pola inercia da situación política, se ampliaba o corónimo. Incluso é posible, segundo suxire o uso do plural (*Galicias*) por parte do biclarenses<sup>28</sup>, que, pasada a metade do século VI, o nome de Galicia abranguese algunhas comarcas na zona da Meseta. Despois, as anexións visigodas previas á incorporación do reino e á posterior reforma do século VII reduciron o ámbito de aplicación non xa á *provincia* romana dos catro *conventos*, senón á inicial dos tres *conventos*, excluído por tanto o cluniense, como certifican as dioceses dos

---

27 "Gothorum provinciam facit" (Xoán de Biclaro, *Crónica*; Campos 1960, p. 93).

28 "Liuigildus rex Gallaecias vastat" (Xoán de Biclaro, *Crónica*; Campos 1960, p. 93).



bispos asistentes ao Concilio bracarense III, celebrado o ano 675, todas elas entre O Porto e Astorga (Vives, Marín e Martínez 1963, pp. 379-379).

En todo caso, o antano reino galego dos suevos e agora provincia do visigodo mantiña unha denominación precisa: Galicia.

O forte pouso deixado polo seu longo pasado histórico (*provincia* romana e reino suevo) unido ao carácter predominantemente consensuado da integración (sancionado no ano 589 pola adopción en todo o reino godo do catolicismo, que era xa a relixión practicada en Galicia), coa explícita intención de procurar a “unidade e paz” entre suevos e visigodos<sup>29</sup>, propiciaron que Galicia continuase a ser un espazo político diferenciado dentro do reino godo, segundo confirma a *Crónica* de Xoán de Bicláro cando consigna que no III Concilio toledano (ano 589) se congregaran os bispos de “toda España, Galia e Galicia”<sup>30</sup>. Nas actas da asemblea consta expresamente que as disposicións adoptadas serían de aplicación nesas tres partes do reino<sup>31</sup>, tal como se repite cen anos despois nas do concilio XIII, no ano 683<sup>32</sup>, aproximándose xa o final do reino.

En sentido contrario, a integración de Galicia na España visigoda convidaba a simplificar a fórmula, presentando os asistentes aos concilios como “omnes Spanie et Gallie pontificis”, obviando a inclusión de Galicia, que a fin de contas –e a diferenza da Galia– estaba en Hispania desde o punto de vista xeográfico.

Nin no caso de Galicia nin no da Galia había dificultade nominal, pois ambos eran espazos ben perfilados. Onde si a había era no das outras catro provincias (Tarraconense, Cartaxinense, Bética e Lusitania), pois, sendo varias, viñan compartindo o mesmo *status* político desde bastante tempo atrás e precisaban un único nome.

O mantemento da identidade étnica goda durante toda a existencia do reino e incluso unha vez desaparecido este, do que serían factores importantes a súa exclusividade na transmisión da coroa e a existencia dunha nobreza (os *gardingos*) composta por membros dese grupo, propiciaron a denominación de

---

29 “Recaredus ... ad catholicam fidem facit gentemque omnium Gothorum et Suevorum ad unitatem et pacem revocat” (Xoán de Bicláro, *Crónica*; Campos 1960, p. 95).

30 “Sancta synodus episcoporum totius Hispaniae, Galliae et Gallaetiae” (Xoán de Bicláro, *Crónica*; Campos 1960, p. 97).

31 Cap. II, “per omnes ecclesias Spaniae, Galliae et Gallaeciae” (Vives, Marín e Martínez 1963, p. 125).

32 Comunicación do rei Ervixio: “in provinciam Galliae vel Galliciae atque in omnes provincias Hispaniae” (Vives, Marín e Martínez 1963, p. 436).

“reino dos godos”<sup>33</sup>. Mais ao mesmo tempo, a súa implantación sobre un determinado espazo físico facilitaba a perífrase *provincias de Hispania*, como aínda se fai no XIII Concilio de Toledo, do ano 683, propendendo á simplificación do corónimo de Hispania, tanto dentro como fóra: na *Crónica de Fredegario* (do século VII) o nome de *Spania* resérvase para o territorio godo, excluindo o suevo. A designación de Sisnando, no IV Concilio toledano (ano 633), como “rei de España e da Galia” (Vives, Marín e Martínez 1963, p. 186)<sup>34</sup> evidencia a intención de distinguir as dúas áreas xeográficas da tradición clásica, pois a Galia visigoda (Narbonense) era un pequeno territorio transpirenaico.

A utilización do plural contribuía a agrupar as provincias hispanas nunha unidade política. Gregorio de Tours apunta a chegada e o retorno ao reino franco de “legati de Hispaniis” en tempos de Leovixildo<sup>35</sup>. Certamente, había máis dunha España, pois se en razón do seu dominio sobre varias *provincias* da península o reino godo era acreedor do título de *reino de España*, os bizantinos instalados na Bética (e con pretensións sobre toda Hispania), como prolongación da romanidade, tamén chamaban *Spania* ao territorio que ocupaban. A forza da orixinaria acepción xeográfica explica que na asturiana *Crónica Albeldense* (de finais do século IX) se diga que unha vez expulsados os bizantinos polo visigodo Suintila, obtivo este “a monarquía de toda España”<sup>36</sup>, pois a súa autoridade abrangueu entón toda a península.

O nomeamento de Vitiza como rei de Galicia feito polo seu pai Exica no ano 697 que lemos nunha *crónica asturiana*<sup>37</sup> demostraría a permanencia da memoria histórica do reino dos suevos e a transferencia cara ao próximo futuro, dada a inminente ruína da monarquía visigoda, reforzándose o valor referencial que o corónimo Galicia estaba chamado a ter nos séculos vindeiros.

Por todo iso, e polo relativamente breve tempo durante o cal os visigodos dominaron a totalidade de Hispania (menos de un século) peca de “nacionalismo

---

33 A expresión emprégase comunmente na *Crónica Mozárabe*, datada cerca de medio século despois da desaparición do reino visigodo.

34 Tamén cobra sentido pola recente conquista da *provincia* bizantina do sur peninsular e a conseguinte extensión da xurisdición visigoda a toda Hispania.

35 Gregorio de Tours, *Historia Francorum*, Lib. VI, Caps. 29 e 34.

36 *Crónica Albeldense*, Cap. XIII, § 64 (Fernández, Moralejo e Ruíz 1985, p. 165).

37 *Crónicas Asturianas* (“A Sebastián”); Fernández, Moralejo e Ruíz 1985, p. 119; P. de Sandoval (1610, 9v) di que recolleu a noticia nunha antiga *Historia General de España* escrita en “lengua castellana tan cerrada, que parece portuguesa”: “fizo el Rey Egica a Batiza seu fillo [...] rey de Galicia, tres annos ante de sua morte, e deulle toda esa terra a mandar assi como a teveran os Suevos”.

anacrónico” (Rodríguez 1975, p. 57) interpretar a *laus Spaniae* atribuída a Isidoro como expresión de algo semellante a un precoz patriotismo hispano, e non como sinxela gabanza dun territorio.

## ALTA IDADE MEDIA (SÉCULOS VIII-XI)

O século e medio longo que segue á caída do reino visigodo de Toledo (no 711) constitúe un dos períodos máis escuros e máis expostos á fabulación da nosa historia. Á escaseza de documentos súmanse as interpretacións que deles se fixeron.

Para o século VIII o catálogo máis optimista (o de Floriano Cumbreño, 1949) rexistra unicamente quince diplomas, e deles só cinco auténticos. O volume amplíase no IX, contando ata o reinado de Afonso III (ano 866), corenta e catro auténticos<sup>38</sup> cuxo aproveitamento empece a extrema concreción dos contidos. A estiaxe documental supérase a partir do século X, tanto na cantidade de diplomas como na riqueza dos seus contidos.

Nestas condicións aumenta o peso relativo das crónicas. As máis próximas aos feitos que narran son as chamadas *crónicas asturianas*, tres textos (*Crónica Albeldense*, *Crónica Profética* e *Crónica de Afonso III*), elaborados a finais do século IX, que se proxectan retrospectivamente aos case dous séculos precedentes. A súa manifesta intencionalidade política compromete o sentido de moitos dos seus datos. En canto ás andalusís, frecuentemente a única fonte fornecedora de información, aquelas das que a nós chegaron redaccións orixinais non son anteriores ao século X. Outras noticias chégannos desde datas ou lugares aínda máis distantes.

Só unha obra se redactou no momento en que nace o reino altomedieval, a *Crónica Mozárabe* do ano 754. Os corenta e tres anos que a separan da irrupción do Islam na Península non impiden que o seu autor, un mozárabe, siga empregando as nocións vixentes en época visigoda ou incluso romana<sup>39</sup>. España é un lugar físico<sup>40</sup>, onde se producen episodios singulares<sup>41</sup> e fenómenos naturais<sup>42</sup>,

---

38 Barrau-Dihigo (1919, p. 4), moito máis crítico, reduce notablemente o *corpus* documental.

39 Por exemplo, “*ulteriorem Spaniam*” (López Pereira 1980, pp. 70 e 80).

40 “*Spanie cuncta superficie*” (López Pereira 1980, p. 74).

41 “[...] *famis ualida Spaniam populat*” (López Pereira 1980, p. 56), “*per Spaniam ... uagitant*” (López Pereira 1980, p. 64).

42 Un eclipse tivo lugar “*in Spania*” (López Pereira 1980, p. 80).

mais tamén é o ámbito sobre o que se exerce o poder<sup>43</sup>, é dicir, un escenario político. A idea de unidade e de diversidade acentúase, agora como no futuro, co abundante uso do plural e do adxectivo *omnis*<sup>44</sup>, ao que logo se sumará *totius*<sup>45</sup>.

Así pois, para este período, a xeneralidade das crónicas e descrições xeográficas, que tanta importancia revestirán en épocas posteriores, son tardías ou proceden de lugares distantes da nosa área, polo que deben ser tomadas con cautela.

A máis antiga configuración territorial do reino galaico ao longo da alta Idade Media pódese reconstruír acudindo ás fontes cronísticas musulmás, ás nóminas de prelados e ás sés episcopais enumeradas (a finais do século IX) na *Crónica Albeldense* e na consagración da catedral de Compostela no ano 899<sup>46</sup> e a algunha outra noticia puntual. Con eses datos delimítase un mapa que vai desde Lamego e as proximidades de Mérida no sur ata Oca e a vella Clunia no leste. Os *Annales regni Francorum* (de finais do século VIII) precisan que Lisboa é a derradeira cidade de España, é dicir, de Al-Ándalus, e Ibn Haián coloca no río Texo a fronteira sur entre Al-Ándalus e Galicia (*Yilliqiyya*), deixando Santarem e Simancas na banda andalusí; no leste, Clunia era a primeira cidade de Galicia. Os *Annales Petaviani*, de principios do IX,<sup>47</sup> e a crónica de Al-Razí, do X (Gayangos 1840-1843, II, p. 260), catalogan Pamplona entre as cidades de Galicia, e outro autor cordobés coetáneo dos anteriores, Ibn Hawkal, tras citar León e Zamora entre as cidades galegas, acrecenta que os vascos eran “ cristiáns de Galicia ” (Romaní 1971, p. 62). Isto dedúcese tamén da descrición contida na *Historia* de Al-Maccari (unha recompilación do século XVII a partir de fontes antigas), segundo a cal a “ nación chamada Galicia ” ocupa uns territorios estendidos ao longo da cordilleira Cantábrica ata o país do francos.

A inclusión das terras vascas en Galicia remonta ao deseño do *convento* cluniense na Gallaecia romana, mais na alta Idade Media acomódase aos criterios

---

43 “[...] reginam Spanie” (López Pereira 1980, pp. 76 e 78), “in Spania ducatum habente” (1980, p. 84), “apud Spanias ualde triumphat” (1980, p. 88), “Spanie potestate”, “ad Spaniam regendam” (1980, p. 92), “Spaniis preerat” (1980, p. 108).

44 “[...] omnis Spania” (López Pereira 1980, p. 64).

45 Ano 832: “rex ... regni totius Gallaeciae” (*Tombo de Lugo*, Risco 1796, doc. XIV, p. 369).

46 Na *Crónica Albeldense* inclúense no territorio do reino os bispados de Braga, Lugo, Dumio, Mondoñedo, Iria, Coimbra, Lamego, Ourense, Porto, León e Astorga (Fernández, Moralejo e Ruíz 1985, p. 158). Á consagración da catedral de Santiago asistiron os bispos de Oca, León, Astorga, Oviedo, Salamanca, Coimbra, Lamego, Viseu, Porto, Coria, Braga e Britonia, ademais do de Zaragoza, cidade de Al-Ándalus (López Ferreiro 1898-1911, t. II, p. 192).

47 Ano 778: “rex Karolus ... venit in terram Galliciam, et adquisivit civitatem Pampalona” (Pertz 1829b, p. 16).

políticos do momento, conforme aos cales os señores vasco-navarros (como os doutras moitas comarcas) debían lealdade aos monarcas galegos, cuxa teórica autoridade abranguía un territorio que en todas as partes se denomina Galicia.

En cambio non se esquece, malia o reino altomedieval comprender todo o espazo do antigo reino suevo, que a parte situada ao sur do río Douro non pertencera á *provincia* romana de Gallaecia. Por iso, á marxe de cal fose a xeografía do poder, quen viñese, por exemplo, de Coimbra considerábase chegado de fóra de Galicia<sup>48</sup>.

A antiga Gallaecia mantivo o nome na súa integridade. O cronista Ibn al Qutiya, reconstruíndo o pasado desde o século X en que el vive, narra a suposta entrada de Táric en Galicia, onde chegaría ata Astorga, a principios do século VIII. Sexa ou non verídico o dato, esa era a idea que entón se tiña de Galicia (Ribera 1926, p. 6). Nun documento leonés do ano 873, a cidade de León localízase en Galicia<sup>49</sup> e son varios os que, ao longo dos séculos X e XI, deixan meridionalmente clara a inclusión de todo o territorio leonés, ata o límite con Castela, en Galicia<sup>50</sup>.

Por iso o *Mappamundi* que exhibe a edición de Burgo de Osma (do ano 1086) dos *Comentarios ao Apocalipse* de Beato de Liébana, que pretende evocar simbolicamente o mundo de finais do século VIII, representa dentro da península unha *Gallecia* desmesurada (limitada ao sur polo río Douro) fronte a unha minimizada *Spania* musulmá.

E tamén por iso os seus reis son recoñecidos como reis de Galicia na documentación coetánea da máis variada procedencia. Eguinaldo (finais do século VIII), na biografía de Carlomagno e nos *Annales Regni Francorum*, chama “rei de Galicia e de Asturias” ao seu contemporáneo Afonso II<sup>51</sup>, a quen noutra biografía imperial, a *Vita Ludovici Imperatoris*, do século IX, se denomina “rei das Galicias”<sup>52</sup>, tal como, polas mesmas datas (ano 874) fai o papa Xoán II en carta dirixida a Afonso III, tratándoo de “Amado fillo Afonso, glorioso rei das Galicias”. Ademar de Chabannes, monxe cronista que escribe entre os séculos X e XI,

---

48 No ano 787 “pervenit in Galletia” un diácono, “egressus ... de Colimbria civitas” (Floriano 1949, doc. 12).

49 Doazóns feitas polo bispo Frunimio “in civitate que vocitatur Legio, territorio Gallecie” (ACLE, doc. 6).

50 Anos 904 e 905: “super ripam fluminis cui nomen est Ceia, in finibus Gallecie” (Sahagún, docs. 7 e 8); 922, 925, 1060 e 1069: “super crepidinis amnis Zeia, in finibus Gallecie” (docs. 29, 32, 612, 667, 680 e 682).

51 “Einhardi vita Karoli Magni” (Holder-Egger 1911, p. 19); “Annales Regni Francorum” (Kurze 1895, pp. 102 e 104).

52 “Adefonsi Gallaeciarum principis” (Pertz 1829a, p. 611).



Mapamundi de Beato de Liébana

chama “rei galego” ao seu contemporáneo Afonso V<sup>53</sup>. Nas crónicas andalusís do século X isto é unha constante<sup>54</sup>, e non se deixa de precisar que a autoridade do rei galego, residente en León, comprendía territorios tan diversos como Pamplona, Castela ou Álava<sup>55</sup>.

A transmisión do sentido político implícito ao concepto de *provincia* desde a época romana ata a medieval explica que sexa Galicia o nome con que se coñeza o reino altomedieval. No ano 794 o papa Adrián I dirixíase aos prelados de Galicia e de España<sup>56</sup>, expresando a distinción entre os dous ámbitos territoriais e políticos, pois o clero de España era, evidentemente, o da igrexa mozárabe de Al-Ándalus.

A distinción proviña da época anterior á irrupción do Islam, pero reforzábaa o novo estado de cousas introducido por ese acontecemento. A fractura da

53 “[...] rex Gallitianus Adefonsus” (Migne 1853a, p. 80).

54 “Sancho fillo de Ramiro, señor de Galicia”, “emisarios para os reis de Galicia”, “tirano emir de Galicia” (García Gómez 1967, pp. 98 e 186).

55 “[...] o vascón, señor de Pamplona; señor de Castela [...]; señor de Penafiel [...]; señores de Álava [...]; **o rei de todos eles** Ramiro ibn Sancho ibn Ramiro [...] veu desde a súa capital, a cidade de León” (García Gómez 1967, p. 276).

56 “[...] consacerdotibus nostris Gallaciis, Spanisque ecclesiis” (Rivera 1980, p. 59).

unidade relixiosa da península sumábase, de novo, á necesidade de dotar dun único nome o conxunto das catro *provincias* que agora constituían o espazo andalusí, tal como antes acontecera no reino visigodo.

O emirato cordobés, que con varios argumentos se consideraba sucesor do reino visigodo, mantivo inicialmente o nome de *Spania* para o seu territorio. Substituíuno axiña por Al-Ándalus, pero no exterior continuaron chamándolle España, único nome que en exclusiva atopamos na documentación cristiá europea.

A ese espazo se refire o *Ajbar Machmuâ* cando asegura que os musulmáns chegaron a Francia despois de conquistar “España enteira” (Lafuente Alcántara 1867, p. 36), pois o informante sabía ben que Galicia ficara á marxe. En canto á documentación coetánea producida no propio reino galego, sírvanos o exemplo dun diploma rexio do ano 853, en que se fala da chegada a Galicia dun personaxe procedente de España<sup>57</sup>. É imposible tamén, por tanto, que a suposta esperanza na “salvación de España”<sup>58</sup> que a crónica asturiana do século IX imaxina nos beizos de Paio, admita o traslado literal do actual concepto de patriotismo.

Como consecuencia de adxudicarse ao territorio musulmán o nome de España, este adquiriu sentido político, en virtude do cal os gobernantes andalusís serán chamados reis de España (ou das Españas) en fontes tan dispares como os citados *Annales Regni Francorum*<sup>59</sup>, no *Chronicon Moissiacense*<sup>60</sup> ou na obra de Ibn Abd al-Hakam<sup>61</sup>, todas elas do século IX.

Non debe, por tanto, sorprendernos que desde hai bastante tempo os historiadores que traballaron en contacto directo coas fontes documentais fosen unánimes na afirmación de que os nomes de España e de Galicia se aplicaban na alta Idade Media a dous espazos diferentes, e que o reino cristián recibía o nome de Galicia. Así o manifestaba E. Lafuente Alcántara en 1867<sup>62</sup> e o repetían M. Lafuente en 1877 na súa *Historia General de España*<sup>63</sup> e C. Sánchez-Albornoz en

57 “[...] de ipsa Spania in regione ista ingressus fuisti” (*Samos*, doc. 41).

58 “Pelagius dixit: Spes nostra [...] sit Spanie salus” (*Crónica de Afonso III*, “Rotense”; Fernández, Moralejo e Ruíz 1985, § 9, p. 126).

59 “Foedus inter nos et Abulaz regem Hispaniae” (Kurze 1895, p. 153).

60 Abderramán I (ano 732) é “rex Spaniae” (Lafuente Alcántara 1867, p. 166).

61 Ibn Abd al-Hakam: “Rodrigo, rei de España” (Vidal 1966, pp. 42, 50), “o goberno de España” (1966, pp. 51, 58).

62 “[...] los árabes llamaban así [Chalikia], no solo al reino de Galicia, sino a toda la parte del NO de la Península, comprendiendo los reinos de Asturias, Galicia y León” (Lafuente Alcántara 1867, p. 253).

63 “[...] ni al reino cristiano de Asturias le llamaban Castilla, sino Galicia” (Lafuente 1877 v. I, p. 169).

1981 nos *Estudios sobre Galicia en la temprana Edad Media*<sup>64</sup>. O que si sorprende é que pasase tan desapercibido na historiografía contemporánea.

Este esquecemento pódese amparar na menor utilización da fórmula *reino de Galicia* nos diplomas galegos altomedievais, fronte á preferencia polas que conteñen os nomes de Asturias ou Oviedo –ou de León a partir do século x–, o cal en ningún caso contradí a sistemática denominación de *reino de Galicia* empregada na documentación externa.

A clave da aparente contradición reside na xeneralizada metonimia pola que o conxunto do reino se designa co nome da *sede rexia* ou mesmo, no marco da sociedade señorial, co do territorio concreto sobre o que o rei posúe dominio directo. Observamos entón o uso de diferentes redaccións, segundo as cales os reis aparecen localizados *en Asturias*<sup>65</sup>, *en Oviedo*<sup>66</sup> ou *en León*<sup>67</sup>, reinando sobre os ovetenses en exclusiva<sup>68</sup> (pois é obvio que non se chamaba así a todos os habitantes do reino), ou incluso el mesmo cualificado de ovetense<sup>69</sup>. Existen documentos nos que explicitamente se mostra que esa localización non alude ao nome do reino, senón ao lugar onde reside o rei<sup>70</sup>, é dicir, ao asento do solio rexio<sup>71</sup>; ou incluso a outra cidade desde a que eventualmente exercese algún acto de goberno<sup>72</sup>. A fórmula seguirá usándose durante a plena Idade Media, tanto no ámbito cristián (p. ex. *reis de Pamplona*<sup>73</sup>) coma no musulmán, e amplíase á cidade de Toledo<sup>74</sup> unha vez incorporada por Afonso VI (1085) e adoptada como residencia habitual.

---

64 “[...] se llamaba Galicia a todo el noroeste de la Península” (Sánchez-Albornoz 1981, p. 159); “por otra parte, está firmemente demostrado que los cristianos llamaban Spania a la España musulmana” (1981, p. 105).

65 Ano 790: “rege Veremundo in Asturias” (Floriano 1949, doc. 14).

66 Ano 800: “Regnante principe Adefonso in Obeto” (Floriano 1949, doc. 16).

67 Ano 1079: “Regnante rex Adefonso ... in solio in Legione” (*TVM*, nº 246, f. 62).

68 Ano 804: “Ego Adefonsus gratia dei rex Ovetensium” (*Valpuesta*, ff. 26r-28r).

69 Ano 804: “domno Adefonso principe Obectau” (*Valpuesta*, ff. 11v-12).

70 Ano 857: “principe Ordonio sedente in Asturias” (*Sahagún*, doc. 1). Ano 863: “principe nostro domno Ordonio residente in Asturias” (Floriano 1949, doc. 79).

71 Ano 832: “solum regni Overo” (Flórez 1796, doc. xv, p. 370).

72 Ano 1157: “Regnante rex dompnus Fernandus in Legione et in Astorica” (ADAs, *Cámara episcopal*, doc. 15); ano 1159: “Regnante domino Fernando in Legione et in sancti Jacobi et in omnen regnum suum” (*Carracedo*, doc. 43).

73 “García, rey de los Pamploneses ... Fernán González, conde de los Burgaleses” (*Crónica de Sampiro*; Gómez 1921, p. cv); “reino de Pamplona ... reino de León” (1921, p. cix).

74 Ano 1090: “Regnante Adefonso rex in civitas toletense et in legionense” (*Dueñas*, doc. 287); ano 1102: “Adefonsus imperator Spaniarum regni regnantem in cives Toletane et in Legione” (*SPO*, 6).



Quizais este sistema formulario forme tamén parte da bagaxe clásica, mais temos un directo antecedente altomedieval na *Crónica mozárabe*, onde a capital do reino visigodo é denominada “cidade rexia toledana”<sup>75</sup>.

Mais Ibn Haián resérvanos outra información de gran valor, ao precisar que o extremo occidental de Yilliqiyya, ata Coimbra e a fronteira con Al-Ándalus, é Galisiyya<sup>76</sup>. É dicir, que á altura do século x dentro do conxunto da Gallaecia xa se distingue outro espazo, ao que propiamente se chamaba Galicia, acadando o río Mondego, ou sexa, a franxa atlántica que un século despois recibirá García como reino.

Completando esa información, a finais do século xi Al-Bakri redactaba un texto particularmente clarificador e detallado (*Kitab al-Masalik*), en que enumera as catro partes en que “os antigos” dividiran *Giliqiya* (Gallaecia), cuxas denominacións el pon ao día: o país dos *asturis* (ástures), o dos *burtuqalis* (portugueses), *Qastila* (Castela) e, no occidente, o dos *galaliqa* (galegos), a “Galicia propiamente dita”, co límite sur no río Douro (Maíllo 2011, p. 43); descrición que reproduce a Gallaecia romana dos catro *conventos xurídicos*.

Al-Zuhri, a principios do século xii, é concluínte respecto á percepción que daquela se tiña desta parte do mundo e dos seus habitantes: “A todos os que viven ao oeste chámaseselles galegos (*galaliqa*)”, e a maiores especifica que aquí están situadas localidades como Guimarães, Coimbra ou Cidade Rodrigo (2011, p. 45).

## A ERA COMPOSTELÁ

Entre principios do século xii e ben entrado o xiv (ata que a Peste Negra de 1348 clausure a fase) a sociedade europea vive unha época expansiva, a plena Idade Media, que en Galicia coñecemos tamén como Era Compostelá, pola especial dinámica xerada ao redor desta cidade, nun radio de alcance europeo.

En aparente contraste con isto, foi tamén o momento en que a antiga Gallaecia se dividiu, constituíndose distintas áreas políticas nos territorios tradicionalmente dominados por poderes señoriais confrontados. Ao longo do século xii nacen os reinos de Portugal e de Castela, mentres no gobernado desde León

---

75 “[...] urbis regie Toletane” (*Crónica Mozárabe*, López Pereira 1980, p. 64).

76 Ibn Haián, *Crónica* (Viguera, Corriente e Lacarra 1981, p.103).

aflozan os trazos diferenciais de Asturias, do territorio lexionense e de Galicia; incluso no extremo sur do reino, máis alá do Douro, na Estremadura.

Así pois, desde principios do século XII o nome de Galicia, nun proceso repleto de vacilacións, vai pasando a ser exclusivo da Galicia actual. De feito, xa desde tempo atrás, as comarcas situadas na Meseta eran designadas *Terra de Fóra*, en alusión non só á circunstancia xeográfica de estaren situadas fóra dos montes que cinxen a área noroccidental<sup>77</sup>, senón tamén fóra deste espazo humano, ao que se reservou o nome de Galicia<sup>78</sup>.

Varios pasos foron determinantes nesa transformación. Primeiro, o reparto efectuado en 1063 por Fernando I e Sancha, que encargan a cada fillo os gobernos respectivos de Castela, León e Galicia, e sancionan as diferenzas existentes, co que se poñen as bases dos futuros reinos. Galicia, encomendada a García, comprendía aínda os territorios transmiñotos, ata o río Mondego. En segundo lugar, a creación do condado de Portugal en 1095. Por fin, a nova división efectuada por Afonso VII en 1157, que separa Castela-Toledo e Galicia-León, cuxa definitiva reunificación en 1230 se fará sobre o recoñecemento da existencia de dous reinos.

O reparto sucesorio efectuado por Fernando I e Sancha<sup>79</sup>, coa concesión aos fillos de cadanseu título de rei, tivo por forza que repercutir na adaptación dos respectivos corónimos. Mais isto non aconteceu de inmediato; aínda despois de Afonso VI eliminar aos seus dous irmáns e proclamarse único rei en León en 1072, será denominado *rei de Galicia* pola documentación e literatura europeas da época, por exemplo nunha carta do papa Urbano II<sup>80</sup>, nas obras de Sigieberto de Gembloux<sup>81</sup>, de Orderico Vital<sup>82</sup> ou de Guillermo de Malmesbury<sup>83</sup>.

Sen que a fórmula deixe de rexistrarse nos diplomas galegos, nestes serán máis comúns as que denotan as diferenzas existentes entre os reinos, indicando que o monarca goberna “in Castella et in Legione et in Gallecia”<sup>84</sup>. *A tota*

---

77 Ano 1008, setembro, 20: “in territorio foris monte [...] iusta flumen Orbeo” (*Dueñas*, doc. 77).

78 Ano 1019, marzo, 30: “terra de foris Gallecia” (*Tombo A*, doc. 61).

79 Ela, por ser “filiam Adefonsi Galicienssis regis” (*Historia Silense*; Pérez e González 1959, p. 179), era a titular da coroa (“ad quem Regnum pertinebat”, como se advirte no *Cronicón Compostelán*; Falque 1983, p. 79).

80 Ano 1088 “Urbanus [II] (...) Ildefonso regi Galliciae” (Migne 1853b, p. 289).

81 *Crónica* de Sigieberto de Gembloux (*MGH. Scriptores*, IV, 366).

82 Afonso VI “rei de Galicia” (Orderico Vital, *Historia eclesiástica*, Lib. v; ed. Migne 1855, p. 414).

83 Guillermo de Malmesbury, *De Gestis Regum Anglorum* (Stubbs 1889, pp. 193, 333, 337).

84 Ano 1072, San Millán, nº 324, 327, 400 etc.

*Gallecia*<sup>85</sup> que lemos en varios documentos chega a presentar agora un desorientador carácter polisémico, pois se en ocasións mantén a tradicional referencia ao vello reino extenso, non hai dúbida de que case sempre se circunscribe a outra Galicia, tamén extensa, pero cos límites do reino atribuído a García (Galicia e norte de Portugal).

Por outra parte, esa Galicia reducida á franxa occidental alongábase cara ao sur por un territorio, o portugués, que progresivamente se identificaba como non galego; e non só máis alá do Mondego, senón mesmo atravesado o Miño.

A incorporación do reino andalusí de Toledo á coroa de Afonso VI en 1085 representou a primeira proxección da autoridade dun rei cristián por Al-Ándalus, é dicir, polo territorio que se viña denominando España. A nova situación esixía unha formulación documental que reflectise a existencia dos dous ámbitos do reino, Galicia (conforme a vella concepción extensa) e España<sup>86</sup>. Os mesmos termos serán aplicados aos seus sucesores<sup>87</sup>; e con maior motivo, pois desde o século XIII a maior parte da España andalusí pasará a dominio cristián<sup>88</sup>.

Esta transferencia dos territorios da España musulmá, na cal a incorporación de Toledo tivo forte significación simbólica, unida á hexemonía que Afonso VI (1067-1109) e Afonso VII (1111-1157) acadaron sobre os demais reinos andalusís e cristiáns, abriu as portas ao retorno do nome de España desde Al-Ándalus ao conxunto da península, sobre a que os monarcas cristiáns exercen o *imperium*<sup>89</sup>, pois Afonso VI foi elevado “super omnes Spanie nationes”<sup>90</sup>.

Mais isto non significa que culminase o recoñecemento de España como entidade política, pois o que en realidade se produciu foi de momento a asimilación do nome a outro conxunto político limitado, Castela. O *Códice Calixtino*,

---

85 Ano 1073: Afonso VI “regebat Castellae et Legionis et tota Gallecia” (Serrano 1910, pp. 18-20); ano 1095: “Ego comes Raimundus totius Gallecie senior et dominus” (*Tombo A*, doc. 74).

86 Ano 1095: “Regnante Adefonso rege ... in totam Galletiam et Hispaniam” (Martín 1995, p. 433); ano 1088: “Regnante Adefonso victoriosissimo rege in Tholetis et in Hispanie et Gallecie” (Risco 1796, apénd., doc. 29).

87 Ano 1115: “Ego Urracha Dei gratia totius Hispanie et Galletie regina” (López Ferreiro 1898-1911, t. III, doc. 33).

88 Ano 1179: Fernando II “Regnante in Spania et in Gallecia” (Loscertales 1976, t. 1, doc. 265); ano 1183: “Regnante in Spania et in Legionis et in Gallecia et in Asturias et in Extremadura rege Fernandum” (1976, t. II, 266).

89 Ano 1084: “Ego Adefonsus gratia dei totius orbis Hispaniae Imperator” (ACAs; Caverio e Martín 1999, doc. 433); ano 1122: “Regnante Urraca regina imperatrix [...] totius orbis Hispaniae” (ACAs; 1999, doc. 602); ano 1135: “Regnante rege dompno Adefonso [vii] in totius Yspania” (ADAs, *Cámara episcopal*, doc. 3).

90 Ano 1087: “Adefonsus ... imperator super omnes Spanie nationes” (Gambra 1998, t. II, doc. 89).

no século XII, faise reiteradamente eco do contraste aínda perceptible entre España por un lado e Galicia polo outro<sup>91</sup>.

A creación do condado de Portugal en 1095 tivo unha importancia decisiva na paulatina concreción do nome de Galicia na porción situada ao norte do Miño. Aínda que a mediados do século XII o xeógrafo musulmán Idrisi repetía o obsoleto esquema dunha Galicia esaxeradamente dilatada<sup>92</sup>, a xeneralidade das fontes describen o mapa que verdadeiramente lle correspondía nesas datas, suxeito ás contradicións provocadas polas transformacións en curso neses precisos momentos. A *Crónica de Sampiro* ve aínda a divisoria entre a Lusitania e Galicia no río Mondego (Gómez-Moreno 1921, p. 124) e o *Códice Calixtino* considera que Galicia abrangue de Viseo a Mondoñedo<sup>93</sup>, cando a *Historia Compostelá* xa coloca a fronteira con Portugal no Miño: “fluvius enim iste Portugalensem terram disterninat a Gallaetia”<sup>94</sup>. Un século despois, a continuidade de Galicia por Portugal é unha lembranza, do que Ximénez de Rada deixa testemuño na súa obra *De rebus Hispaniae* (Fernández Valverde 1989, p. 203) cando fala de “esa parte de Galicia que agora se chama Portugal”.

Aínda sendo efectivamente rápida a reorganización política dos espazos efectuada ao longo do século XII, cuxo resultado foi o nacemento dos reinos de Portugal e de Castela e a consolidación do de Galicia-León, a adaptación semántica seguiu o seu propio ritmo. A separación dos reinos de Castela e de Galicia-León tras a morte de Afonso VII en 1157 ten reflexo documental nas varias fórmulas empregadas polo seu fillo Fernando II e o seu neto Afonso VIII, ben recorrendo á pormenorizada relación dos entes que o compoñen<sup>95</sup>, ben na forma abreviada de *rei de Galicia e de León* empregada en numerosos diplomas

---

91 Lib. IV, Cap. xix (“O concilio de Carlomagno”, López Díaz 2009): “que todos os prelados, príncipes e reis cristiáns, tanto españois coma galegos, obedecesen ao bispo de Santiago ... E someteu o rei a esta igrexa toda a terra española e galega” (2009, p. 498). Lib V, Cap. v: “no tempo de ... Afonso [vii], rei de España e de Galicia” (2009, p. 550). Lib. V, Cap. vi: “Se comes algunha vez en España ou en Galicia” (2009, p. 552).

92 “[...] son de Galicia: ... León ... Burgos ... Pamplona” (Idrisi, *Xeografía*; Ubieto 1974, pp.137-138).

93 Lib. IV, “Historia de Turpín”, Cap. iii (López Díaz 2009, p. 462).

94 Lib. i, Cap. xv; Flórez 1765, p. 40.

95 Ano 1184: “regnante rege domino Fernando Legione, Galecia, Asturiis et Extremadura” (*Tombo A*, fol. 56v); ano 1224: “Regnante reie Alfonso in Legione et Gallecia, in Asturiis et in Extremis Dorii” (ADAs, *Cámara episcopal*, doc. 47).

e selos<sup>96</sup> ou incluso, aferrándose ocasionalmente ao vello uso, como reis de Galicia<sup>97</sup>, entendida aínda na máis ampla acepción do termo<sup>98</sup>.

A lentitude de adaptación ás transformacións políticas percíbese asemade nas abundantes ambigüidades dos textos. Na *Historia Compostelá*, a herdanza que Afonso VI deixaba ao seu neto Afonso VII era “totam ... Gallaetiam” (Lib. I, § 46; Flórez 1765, p. 95), e sabemos ben que con ese termo se aludía ao conxunto do reino, pero no mesmo lugar queda tamén clara a diferenza entre Terra de Campos, Castela, Portugal e Galicia (1765, § 101, p. 240 etc.).

## CARA AO FINAL DA IDADE MEDIA

Desde a reunificación das coroas en 1230 as cousas cambiarán xa pouco, sobre todo no que fai a Galicia. Respecto a España, a anexión a Castela de case toda Andalucía durante os reinados de Fernando III e Afonso X facilitou a completa migración do corónimo, pois case todo o que antes se denominaba España pasou a pertencer a Castela, mentres que da musulmá só quedará o reino de Granada, que se coñecía polo seu propio nome.

Durante o século XIII as dúas coroas unidas funcionan como unha federación, sistema que favorecía a memoria histórica e a validez dos esquemas tradicionais. O tunecino Ibn Khaldún non vía obxección para, na segunda metade do século XIV, denominar *reis dos galegos* a Afonso VI (do século XI) e a Fernando III (do XIII) ou seguir chamando España a Al-Ándalus e Galicia ao conxunto do espazo cristián (Trabulsee e Feres 1977, pp. 31, 37, 38, 204, 308, 471). Mesmo en diplomas rexios posteriores á unión de 1230, Galicia pode aínda designar todo o solar do reino galego-leonés<sup>99</sup>.

En efecto, a titulación de reis de Galicia e León (ou máis frecuentemente de León e Galicia), cuñada por Fernando II e Afonso VIII, incorpórase á que despois de 1230 exhibirán nos seus diplomas e selos Fernando III e Afonso X na

---

96 Ano 1158: “Regnante rege Fernando in Legione et Galletia” (*Sobrado*, t. 2, doc. 21); ano 1189: “ego Adefonsus, dei gratia rex Legionis et Galletie [...] SIGNUM ADEFONSI REGIS LEGIONIS ET GALLECIE” (*Tombo A*, 144).

97 Ano 1158: “Regnante ... rege Ferdinando in Gallecia” (*Silos*, doc. 63).

98 Ano 1156: “rex domnus Fernandus in omni Galletia” (*Sobrado*, t. 2, doc. 341).

99 Ano 1230: “Fernandus [III] rex Castellae et Galliciae” (ACAs; Caverro e Martín 1999, doc. 1145).

forma de *reis de Castela e Toledo, León e Galicia*<sup>100</sup>, que condensa dúas ideas complementarias; por unha parte, a da especificidade de cada grupo, e, ao mesmo tempo, a das diferenzas dentro deles.

A partir do século XIV predominará a simplificación *reino de León* para referirse a Galicia-León, pero o certo é que, despois da unión, a cidade de León viuse despoxada da calidade rexia, acaparada por Toledo, e todo o peso político se desprazou a Castela. O frustrado proxecto do infante Xoán (fillo de Afonso X), entre 1296 e 1301, de restaurar o trono de Galicia-León constitúe o derradeiro acto unitario do vello reino. Despois, sen mediar ningunha disposición ao respecto, esa unidade disólvese como simple efecto da inexistencia dun poder político propio e cada unha das partes aparecerá por separado na documentación entre as múltiples posesións dos monarcas. E estes, aínda descendendo da mesma liña dinástica galego-leonesa e castelá, serán adscritos á Casa de Castela<sup>101</sup>. Desde entón é coherente denominar Coroa de Castela a todo o espazo en que reinan, aínda que eles mesmos se presenten documentalmente enumerando todos e cada un dos reinos que a compoñen.

Un deles é o de Galicia, practicamente como hoxe a coñecemos. A expresión documental dun aparente vínculo coas terras ástur-leonesas é algo excepcional<sup>102</sup>. O normal será que Galicia teña un Adiantado rexio propio e que cando –algo tamén infrecuente– se emprendan accións colectivas, como a organización de irmandades<sup>103</sup> ou a elevación de queixas á Corte, estas se fagan en nome do reino de Galicia<sup>104</sup>, cuxa consciencia permanece arraigada<sup>105</sup>.

Ao contrario do acontecido coa fronteira portuguesa, definida con precisión no tratado de Alcañices de 1297, a leonesa manterá durante bastante tempo un punto de incerteza no Bierzo. A súa inclusión en Galicia non estaba definida por

---

100 Ano 1232: “Ferrandus Dei gratia rex Castelle et Toleti, Legionis et Gallecie [...] SIGNUM FERNANDI, REGIS CASTELLE ET TOLETI, LEGIONIS ET GALLECIE” (ACOU, Priv. 3, 11).

101 Ano 1320: “por nosso señor rey don Affonso [...] e polos reys e reynas que foren depouys deles na cassa de Castela” (ACOU; Ferro 1967, t. I, doc. 48); ano 1473: “ylustrisimos reys da Casa de Castella” (1967, t. I, doc. 88).

102 Ano 1366: “dom Fernan Ruys, señor de Castro [...] endeantado mayor en terra de Leon et de Asturias e de Gallisia” (ACLU, ed. Portela 2007, v. 2, doc. 677).

103 Ano 1364: “alcalde mayor ... das yrmandades do regno de Gallisa” (ACOU, *Escrituras* VIII, 330-335v).

104 En varias queixas elevadas á Corte entre 1454 e 1459, os representantes das cidades falan en nome do reino e consideran a Santiago “cabeça do dito reyno de Gallisia” (AHPOU, *Acordos do Concello* IV, 103-104, 163v-164v, 187v-189; VI, 76-77v).

105 Sobre o ano 1465, na resposta a un interrogatorio remitido pola Corte, o concello de Ourense manifesta que o reino de Galicia é “regnado sobre si” (AHPOU; ed. García Oro 1977, pp. 245-248).

ningún estatuto, senón polos seus trazos humanos e a súa dependencia dos condes de Lemos, e por iso ata o mesmo remate da Idade Media o Bierzo, situado nesa zona marxinal *Foris Montes*<sup>106</sup>, será contemplado como parte de Galicia. Nunha lista de filiais de Cluny de fins do século XI ou principios do XII rexístranse en Galicia as zonas bercianas de Vilaverde, Vilafranca e Valcárcel<sup>107</sup>, e Aymeric Picaud, no XII, entraba en Galicia mesmo despois de pasar a Terra de Campos<sup>108</sup>. Varios itinerarios de peregrinos a Compostela describen esa mesma percepción ao longo do século XV: sinálanse como galegas as poboacións de Ponferrada, Camponaraia, Cacabelos e Vilafranca (Viguera, Corriente e Lacarra 1981, I, pp. 219 e 232), e afirmase de forma concluínte ser “Pont Ferat, fin d’Espagne, commencement de Galice” (1981, II, p. 140, doc. 87). Xusto antes de que este panorama se vexa alterado, non será estraño que un mesmo delegado rexio exerza as súas funcións sobre Galicia e o Bierzo<sup>109</sup>, fórmula cuxa ambivalencia non oculta o recoñecemento da proximidade.

Porén, a finais desa centuria, como consecuencia da fracasada rebeldía de Pedro Álvarez Osorio (1483) e Rodrigo Henríquez de Castro (1485), condes de Lemos, contra os Reis Católicos, os territorios bercianos foron entregados aos condes de Benavente e a cidade de Ponferrada incorporada á Coroa (Pardo 2000, pp. 428 e 433).

A Galicia baixomedieval era o extremo noroccidental da Gallaecia; o reino de Galicia cuxa personalidade non dubidan en recoñecer as fontes documentais e gráficas. Numerosos diagramas e mapas medievais deixan constancia disto, e a *Crónica de Froissart*, redactada a finais do século XIV equipara a personalidade política dos reinos de España, Galicia e Portugal<sup>110</sup>.

O nome de España utilízase maioritariamente como sinónimo de Castela, sen que isto chegue a ser unha norma nítida e unánime. Froissat decide resolver

---

106 Ano 1096: “foris montes in valle de Berizo” (ACOV, doc. 108).

107 “Prioratus sancti Salvatoris de Villaviridi in Galicia, Asturicensis diocesis. Prioratus Beatae Mariae de Cluniaco, de Villafrancha, alias de Valle Carceris, in Galicia, Asturicensis diocesis” (Bishko 1984, p. 307).

108 *Códice Calixtino*, Lib. V, Cap. VII: “pasados os montes de Oca ... segue o territorio español, ou sexa Castela e Campos ... a continuación atópase a terra dos galegos” (López Díaz 2009, p. 561).

109 Ano 1485: “governador et justicia mayor en este reyno de Gallisia con el Bierzo” (ACMo., ed. Cal 1999, doc. 202C, p. 416).

110 “En Espagne et en Gallice”, “En Espagne, en Galice et en Portingal”, “tout le roiaulme de Gallice” (ed. Lettenhove 1867-1877, t. 11, pp. 425 e 431; t. 12, p. 214).

a imprecisión inherente a algunha frase<sup>111</sup> explicando con claridade a sinonimia: por España enténdese Castela<sup>112</sup>. As fontes inglesas coetáneas polo xeral indican *España* como o lugar de procedencia de xentes chegadas de calquera dos reinos da Coroa de Castela<sup>113</sup>. Para achegármonos ao momento en que as dúbidas quedan despexadas sería preciso alongar a mostraxe máis aló do xa de por si amplo marco cronolóxico que aquí nos corresponde.

Probablemente a definitiva substitución do orixinario significado xeográfico polo estritamente político non se produza ata a segunda metade do século XVII, cando a *restauración* portuguesa exclúa ese reino da soberanía dos Habsburgo e o corónimo *España* (ou *Españas*) pase a ser exclusivo do ámbito de goberno deles e dos seus sucesores, que efectivamente abranguía o resto da Península.

## Abreviaturas

ACAs. Archivo de la Catedral de Astorga (ed. Cavero e Martín 1999).

ACLe. Archivo de la Catedral de León (ed. Sáez 1987).

ACLu. Arquivo da Catedral de Lugo (ed. Portela 2007).

ACOu. Arquivo da Catedral de Ourense.

ADAs. Archivo Diocesano de Astorga (ed. Cavero, Álvarez e Martín 2001).

AHN. Archivo Histórico Nacional, Madrid.

AHPOu. Arquivo Histórico Provincial de Ourense.

*Carracedo*. Cartulario do mosteiro de Santa María de Carracedo (ed. Martínez 1997).

*Dueñas*. Colección diplomática do Mosteiro de Santa María de Otero de las Dueñas (ed. Fernández e Herrero 1999).

*Sahagún*. Colección diplomática do mosteiro de Sahagún (ed. Mínguez 1976).

*Samos*. Tombo do mosteiro de Samos (ed. Lucas 1986).

*San Millán*. Cartulario de San Millán de la Cogolla (ed. Ubieto 1976).

*Silos*. Documentación do mosteiro de Silos (ed. Vivancos 1988)

*Sobrado*. Tombos do mosteiro de Sobrado dos Monxes (ed. Loscertales 1976).

---

111 “La couronne et l'éritaige de Castille, d'Espaigne, de Cordouan, de Gallice et de Séville” (Lettenhove 1867-1877, t. 11, p. 424).

112 “Castille que on entand Espagne” (Lettenhove 1867-1877, p. 349).

113 “[...] chivalers d'Espayn”, referíndose a varios cabaleiros galegos (Armitage-Smith 1911, Part. I, vol. I, § 707, p. 258 e vol. II, § 915, pp. 22-23; § 955, p. 42; § 1666, p. 302).



SPOv. Mosteiro de San Pelayo de Oviedo (ed. Fernández, Torrente e De la Noval 1978).

SVOv. Colección diplomática do mosteiro de San Vicente de Oviedo (ed. Floriano Llorente 1968).

TVM. *Tumbo Viejo de San Pedro de Montes* (ed. Quintana 1971).

Valpuesta. *Becerro gótico de Santa María de Valpuesta* (AHN, Códices, L. 1166).

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Armitage-Smith, Sydney (1911). *John of Gaunt's Register*. London: Royal Historical Society.

Barrau-Dihigo, Lucien (1919). Etude sur les actes des rois asturiens (718-910). *Revue Hispanique*, 46, 1-192.

Bishko, Charles J. (1984). *Spanish and Portuguese monastic history: 600-1300*. London: Variorum Reprints.

Cal Pardo, Enrique (1999). *Colección diplomática medieval do arquivo da catedral de Mondoñedo*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

Campos, Julio (1960). *Juan de Biclara, obispo de Gerona. Su vida y su obra*. Madrid: CSIC.

Candelas Colodrón, César (2004). *O Cronicón de Hidacio*. Noia: Toxosoutos.

Cavero Domínguez, Gregoria e Martín López, Encarnación (1999). *Colección documental de la Catedral de Astorga (646-1126)*. León: Centro de Estudios e Investigación "San Isidoro".

Cavero Domínguez, Gregoria, Álvarez Álvarez, César e Martín Fuertes, José A. (2001). *Colección documental del Archivo Diocesano de Astorga*. León: Centro de Estudios e Investigación "San Isidoro".

Codoñer Merino, Carmen (1964). *El "De viris illustribus" de Isidoro de Sevilla*. Salamanca: Universidad de Salamanca.

David, Pierre (1947). *Études historiques sur la Galice et le Portugal du VI<sup>e</sup> au XII<sup>e</sup> siècle*. Lisboa-Paris: Institut Français au Portugal.

Falque Rey, Emma (1983). *Chronicón Compostellanum*. *Habis*, 14, 73-83.

Fernández Conde, Francisco J., Torrente Fernández, Isabel e De la Noval Menéndez, Guadalupe (1978). *El monasterio de San Pelayo de Oviedo. Historia y fuentes*. Colección diplomática. Oviedo: Monasterio de San Pelayo.

- Fernández Flórez, José A. e Herrero, Marta (1999). *Colección documental del monasterio de Santa María de Otero de las Dueñas (854-1108)*. León: Centro de Estudios e Investigación “San Isidoro”.
- Fernández Valverde, J. (1989). *Historia de los hechos de España*. Madrid: Alianza Editorial.
- Fernández, Juan G., Moralejo, José L. e Ruíz de la Peña, Juan I. (1985). *Crónicas Asturianas*. Oviedo: Universidad de Oviedo.
- Ferro Couselo, Xesús (1967). *A vida e a fala dos devanceiros*. Vigo: Galaxia.
- Flórez, Henrique (1765). *España Sagrada*. t. XX. Madrid: Viuda de Eliseo Sánchez.
- Floriano Cumbreño, Antonio C. (1949). *Diplomática española del período astur (718-910)*. Oviedo: Instituto de Estudios Asturianos.
- Floriano Llorente, Pedro (1968). *Colección diplomática del monasterio de San Vicente de Oviedo*. Oviedo: Instituto de Estudios Asturianos.
- Gambra, Andrés (1998). *Alfonso VI. Cancillería, curia e imperio*. León: Centro de Estudios e Investigación “San Isidoro”.
- García Gómez, Emilio (1967). *Anales palatinos del Califa de Córdoba Al-Hakam II, por 'Isa ibn Ahmad al-Razi (360-364 H. = 971-975 J.C.)*. Madrid: Sociedad de Estudios y Publicaciones.
- García Oro, José (1977). *Galicia en la baja Edad Media. Iglesia, señorío y nobleza*. Santiago de Compostela: Bibliófilos Gallegos.
- Gayangos, Pascual de (1840-1843). *The history of the mohammedan dynasties in Spain (Ahmed ibn Mohammed al-Makkari)*. London: Oriental Translation Fund.
- Geyer, P., Cuntz, O., Francheschini, A., Weber, R., Bieler, L., Fraipont, J. e Glorie, F, eds. (1965). *Itineraria et alia geographica*. Corpvs Christianorvm. Turnholt: Brepols Editores.
- Gómez-Moreno, Manuel (1921). *Introducción a la Historia Silense con versión castellana de la mismo y de la Crónica de Sampiro*. Madrid: Junta para Ampliación de Estudios e Investigaciones Científicas.
- Holder-Egger, Oswald (1911). MGH, Einhardi vita Karoli Magni. En: *Scriptores Rerum Germanicarum*. Hannover: Impensis Bibliopolii Hahniani.
- Krusch, Bruno (1888). MGH, Chronicarum quae dicuntur Fredegarii Scholastici libri IV cum continuationibus. En: *Scriptores rerum Merovingicarum*. Hannover: Impensis Bibliopolii Hahniani.

- Krusch, Bruno (1937). MGH, Gregorii episcopi Turonensis historiarum. En: *Scriptores rerum Merovingicarum*. Hannover: Impensis Bibliopolii Hahniani.
- Krusch, Bruno e Levison, Wilhelm (1965). MGH, Gregorii episcopi Turonensis miracula et opera minora. En: *Scriptores rerum Merovingicarum*. Hannover: Impensis Bibliopolii Hahniani.
- Kurze, Fridericus (1895). MGH, Annales qui dicuntur Einhardi. En: *Scriptores Rerum Germanicarum*. Hannover: Impensis Bibliopolii Hahniani.
- Kurze, Fridericus (1895). MGH, Annales Regni Francorum. En: *Scriptores Rerum Germanicarum*. Hannover: Impensis Bibliopolii Hahniani.
- Lafuente Alcántara, Emilio (1867). *Colección de obras arábicas de Historia y Geografía. Ajbar Machmuâ (Colección de Tradiciones)*. Madrid: Real Academia de la Historia.
- Lafuente, Modesto (1877). *Historia General de España*. t. I. Barcelona: Montaner y Simón editores.
- Leo, Fridericus (1881). MGH, Venantii Honori Clementiani Fortunati presbyteri Italici opera poetica. En: *Auctorum antiquissimorum*. Berlín: Weidmannsche Verlagsbuchhandlung.
- Lettenhove, Kervyn de (1867-1877). *Oeuvres de Froissart. Chroniques*. Osna-brück: Biblio Verlag.
- Lévi-Provençal, Évariste e García Gómez, Emilio (1981). *El siglo XI en 1ª persona. Las «memorias» de Abd Allāh, último rey z̄irí de Granada, destronado por los almorávides (1090)*. Madrid: Alianza Editorial.
- López Díaz, Xosé (2009). *Códice Calixtino. O Liber sancti Iacobi en galego*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- López Ferreiro, Antonio (1898-1911). *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago*. Santiago de Compostela: Seminario Conciliar Central.
- López Pereira, José E. (1980). *Crónica Mozárabe de 754. Edición crítica y traducción*. Zaragoza: Anubar Ediciones.
- López Silva, José A. (2004). *A Crónica de Idacio de Limia, bispo de Chaves*. Ourense: Deputación Provincial.
- Loscertales, Pilar (1976). *Tumbos del Monasterio de Sobrado de los Monjes*. Madrid: Archivo Histórico Nacional.
- Lucas Álvarez, Manuel (1986). *El tumbo de San Julián de Samos (siglos VIII-XII)*. Santiago de Compostela: Caixa Galicia.

- Lucas Álvarez, Manuel (1998). *Tumbo A de la Catedral de Santiago*. Santiago de Compostela: Seminario de Estudos Galegos.
- Maíllo Salgado, Felipe (2011). *Acerca de la conquista árabe de Hispania. Imprecisiones, equívocos y patrañas*. Gijón: Ediciones Trea.
- Martín, José Luís (1995). La monarquía leonesa. Fernando I y Alfonso VI. En: J. M. Fernández Catón, dir. *El Reino de León en la Alta Edad Media*, III. León: Centro de Estudios e Investigación “San Isidoro”.
- Martínez Martínez, Martín (1997). *Cartulario de Santa María de Carracedo*. Ponferrada: Instituto de Estudios Bercianos.
- Migne, Jacques-Paul (1855). Orderici Vitalis Historiae Ecclesiasticae libri XIII. En: *Patrologiae Latinae cursus completus*, t. 188. Turnhout: Brepols.
- Migne, Jacques-Paul (1846). Sancti Leonis Magni opera omnia. En: *Patrologiae Latinae cursus completus*, t. 55. Turnhout: Brepols.
- Migne, Jacques-Paul (1853a). Ademanus S. Cibardi monachus. Historiarum libri tres. En: *Patrologiae Latinae cursus completus*, t. 141. Turnhout: Brepols.
- Migne, Jacques-Paul (1853b). B. Urbani II epistolae. En: *Patrologiae Latinae cursus completus*, t. 151. Turnhout: Brepols.
- Mínguez Fernández, José M. (1976). *Colección diplomática del monasterio de Sahagún (siglos IX y X)*. León: Centro de Estudios e Investigación “San Isidoro”.
- Oroz Reta, José, Marcos Casquero, Manuela-A. e Díaz y Díaz, Manuel C. (1995). *San Isidoro de Sevilla. Etimologías*. Madrid: Biblioteca de Autores Cristianos.
- Pardo de Guevara, Eduardo (2000). *Los señores de Galicia. Tenentes y condes de Lemos en la Edad Media*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza. *Parrochiale Svevvum*. Ed. *Corpus Christianorum*, Series Latina CLXXV. Turnhout: Brepols, 1965.
- Pérez de Urbel, Justo e González Ruíz-Zorrilla, Atilano (1959). *Historia Silense*. Madrid: CSIC.
- Pertz, Georgivs H. (1829a). *Vita Hludovici Imperatoris*, MGH. En: *Scriptores*, II. Hannover: Impensis Bibliopolii Hahniani.
- Pertz, Georgivs H. (1829b). *Annales Petaviani*, MGH. En: *Scriptores*, 1. Hannover: Impensis Bibliopolii Hahniani.
- Portela Silva, María J. (2007). *Documentos da Catedral de Lugo. Século XIV*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

- Quintana Prieto, Augusto (1971). *Tumbo Viejo de San Pedro de Montes*. León: Centro de Estudios e Investigación "San Isidoro".
- Recuero Astray, Manuel (1979). *Alfonso VII, emperador: el Imperio Hispánico en el siglo XII*. León: Centro de Estudios e Investigación "San Isidoro".
- Ribera y Tarragó, Julián (1926). *Historia de la conquista de España de Abenalcotía el Cordobés*. Madrid: Real Academia de la Historia.
- Risco, Manuel (1796). *España Sagrada*. T. 40. Madrid: Viuda e hijo de Marín.
- Rivera Recio, Juan F. (1980). *El adopcionismo en España (siglo VIII). Historia y doctrina*. Toledo: Seminario Conciliar de San Ildefonso.
- Rodríguez Alonso, Cristóbal (1975). *Las Historias de los Godos, Vándalos y Suevos de Isidoro de Sevilla. Estudio, edición crítica y traducción*. León: Centro de Estudios e Investigación "San Isidoro".
- Romaní Suay, María J. (1971). *Ibn Hawkal. Configuración del mundo*. Valencia: Anubar.
- Romero Masía, Ana M. e Pose Mesura, Xosé M. (1988). *Galicia nos textos clásicos*. A Coruña: Museo Arqueológico Provincial.
- Sáez, Emilio (1987). *Colección documental del Archivo de la Catedral de León*. León: Centro de Estudios e Investigación "San Isidoro".
- Sánchez-Albornoz Menduñía, Claudio (1981). *Estudios sobre Galicia en la temprana Edad Media*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Sandoval, Prudencio de (1610). *Antigüedad de la ciudad y Iglesia Cathedral de Tuy*. Braga: Casa de Fructuoso Lourenço de Basto.
- Schulten, Adolf (1920). *Hispania (geografía, etnología, historia)*. Barcelona: Tip. La Académica.
- Serrano, Luciano (1910). *Fuentes para la historia de Castilla. Becerro Gótico de Cardeña*. Burgos: Real Monasterio de Santo Domingo de Silos.
- Stubbs, William (1889). *Willelmi Malmesbiriensis Monachi De Gestis Regum Anglorum*. Londres: Eyre and Spottiswoode.
- Torres, Casimiro (1985). *Paulo Orosio. Su vida y sus obras*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Trabulse, Elías e Feres, Juan (1977). *Introducción a la historia universal (Al-Muqaddimah)*. México: Fondo de Cultura Económica.
- Ubieto Arteta, Antonio (1974). *Geografía de España*. Valencia: Anubar.
- Ubieto Arteta, Antonio (1976). *Cartulario de San Millán de la Cogolla (759-1076)*. Valencia: Anubar.

- Vidal Beltrán, Eliseo (1966). *Conquista de África del norte y de España*. Valencia: Anubar.
- Viguera, María J., Corriente, Federico e Lacarra, José M. (1981). *Ibn Hayyan, de Córdoba. Crónica del califa Abdarrahman III An-Nasir entre los años 912 y 942 (al-Muqtabis v)*. Zaragoza: Anubar.
- Vivancos Gómez, Miguel C. (1988). *Documentación del monasterio de Santo Domingo de Silos*. V. 2. Burgos: Abadía.
- Vives, José, Marín, Tomás e Martínez, Gonzalo (1963). *Concilios visigóticos e hispano-romanos*. Madrid: CSIC.



# Notas sobre a toponimia do *Códice Calixtino*: listaxes, *Adania* e *Crunia*

José María Anguita Jaén  
Universidade de Santiago de Compostela

## 1. A TOPONIMIA DO *LIBER SANCTI IACOBI* (LSI) COMO MARCA DE AUTORÍA

Como é ben sabido, o *Liber sancti Iacobi* (LSI) é unha compilación de materiais heteroxéneos, dividida en cinco libros moi distintos entre si. Con todo, é tamén unha obra unitaria no sentido de que a súa composición final dista moito de ser unha acumulación acrítica, pero tamén porque a maior parte dos seus textos –non todos, pero si unha porcentaxe moi alta– mostran ser obra dun único autor; alguén moi viaxado, moi ben relacionado, con sólida formación sacerdotal e escolar (é dicir, en teoloxía e artes liberais), pero tamén ávido de coñecementos e formulacións novos. Este autor, posiblemente un mestrescola procedente do Poitou, vencellado á chancelaría de Guillerme X de Aquitania (Gaíferos de Mormaltán!)<sup>1</sup>, pero tamén familiarizado con ambientes papais, composteláns e sandionisianos, é o que urde as xeniais pero discutibles imposturas calixtinas e turpíneas, entre outras, convocadas a conferir prestixio á súa monumental obra<sup>2</sup>.

Entre as diversas marcas de autoría ou acenos de identidade presentes ao longo da obra, ímonos deter no tratamento da información xeográfica a través da toponimia. Seguramente non é moi habitual que a toponimia sexa utilizada

---

1 Nun traballo recente, amosamos a partir de textos contemporáneos como o duque aquitano recibiu o alcume de *Gofarius*, o mesmo que se conservou nun romance galego (*Gaíferos de Mormaltán*) que relata a súa morte en Santiago de Compostela en 1137 (Anguita 2021).

2 Sexa ou non o renomeado Aimerico Picaud da epístola-salvoconduto de pseudo Inocencio II que pecha o LSI no *Códice Calixtino* (Herbers e Santos 1999, p. 268) e noutras moitas copias da obra. Sobre a composición e autoría do LSI, cf. Le Clerc (1847); Bédier (1929, pp. 68-111); Louis (1948, pp. 80-97); David (1949); Hämel (1951, pp. 45-60); Mandach (1961, pp. 21-139); Hohler (1972); Moisan (1992); van Heerwarden (1985, pp. 251-270); Díaz y Díaz (1997, 113-138); Stones, Gerson e Krochali (1998, vol. 1, pp. 18-25); ou Gicquel (2003, 119-125, 731-733) entre outros.



como ferramenta de crítica textual. O caso da toponimia do LSI, tan abundante e tan peculiar, si que dá pé para iso. Por suposto, á recíproca, o LSI ten tamén gran valor como fonte histórico-documental da toponimia do seu tempo, aínda que, para sacarlle o máximo rendemento nese sentido, será preciso entender as peculiaridades ás que acabamos de aludir.

## 2. CARACTERÍSTICAS DA TOPONIMIA DO LSI

Estas características ou trazos distintivos son tres, e refírense non tanto aos topónimos como aos conxuntos de topónimos. O primeiro é o recurso indiscriminado a todo tipo de fontes. O segundo, unha certa vontade de exhaustividade ou completitude nas series. O terceiro é que as relacións de topónimos responden a un esquema gráfico definido. O trazo primeiro e o terceiro parecen contraditorios, pois un presupón promiscuidade ou mestura desordenada, mentres que o outro se basea no contrario, na vontade de poñer orde, mesmo *more geometrico*, nos elementos toponímicos. En calquera caso, os tres responden á perfección ao perfil do autor do LSI que se pode establecer á marxe da toponimia.

### 2.1. Variedade e mestura de fontes

Acabamos de presentar o autor unitario do LSI como alguén de formación tradicional sólida, é dicir, alguén con acceso e capacidade de manexo das fontes documentais tradicionais; pero tamén como un intelectual típico do seu tempo, curioso e ávido de coñecementos e formulacións novos, que non só admite senón que busca fontes de información á marxe das tradicionais cando estas se esgotan, e que recorre a procedementos á marxe dos ortodoxos cando estes non lle bastan. Así sucede na parte litúrxica, onde as homilías breves, sobrias e xenéricas dos padres da Igrexa se intercalan cos prolixos sermóns pseudo-calixtinos ou pseudo-leoninos, e onde as lecturas prescritas nos leccionarios oficiais aparecen da man coas lendas apócrifas da paixón e translación apostólicas (Anguita 2008); ou as ortodoxas pezas da liturxia sacerdotal coas moi heterodoxas da liturxia diaconal (Temperán 1997, pp. 232-233); ou as monodias gregorianas coas “modernas” polifonías, entre o estilo lemosino e o parisiense (Wagner 1931; López-Calo 1994). Tamén no libro dos milagres, onde pezas de gran autoridade,

como a de san Anselmo de Canterbury, se xuntan con falsificacións de nova factura atribuídas a Calixto II, Beda e outros. Por non falar do libro cuarto, a *Historia Karoli Magni et Rhotolandi*, máis coñecida como pseudo Turpín (PsT), que é o máis exitoso expoñente do s. XII –xunto coa *Historia regum Britanniae* de Xofre de Monmouth– dunha forma peculiar de escribir a historia, onde os parcos anais da época anterior –ben coñecidos– complétanse sen o menor escrúpulo botando man do folclore ou da imaxinación.

No caso da toponimia, atopámonos na mesma situación: o tradicional tamén se mestura co novo e extravagante sen discriminación. Cando as fontes tradicionais non dan abasto ou non se axustan ás pretensións do autor do LSI, en canto deixan de ser útiles, son substituídas sen problemas por outro tipo de fontes. É dicir, as autoridades deixan de estar no centro e pasan a utilizarse en función da exposición, o que non deixa de ser unha característica xeral da produción escrita en latín do s. XII. Un exemplo moi claro deste proceder está no capítulo 3 do PsT (Herbers e Santos 1999, p. 202), onde podemos albiscar cinco ou seis tipos de fontes de carácter moi distinto: as crónicas e biografías carolinxias, como a *Vita Karoli* de Exinardo (Halphen 1947); as crónicas hispanas altomedievais de reconquista, como a *Chronica Adefonsi III* (Gil 1985a), a *Chronica Albeldensia* (Gil 1985b), o *Chronicon Sampiri* (Pérez e González 1959) ou a *Chronica Pelagi Ouentensis* (Sánchez Alonso 1924); fontes xeográficas, como o *Prouinciale Visigothicum* (Vázquez e Leclerc 1955, vol. 1, pp. 422-428); folclóricas, coma a *Chanson de Roland*, e outras (López 2002); e simples informacións orais, como veremos no seu momento. En calquera caso, unha das razóns deste proceder está en relación directa coa que establecíamos como segunda característica: vontade de perfección, de completitude e de exactitude do autor do LSI.

## 2.2. Prolixidade e exhaustividade (listaxes)

A maior parte dos topónimos do LSI aparecen mencionados nunhas listaxes rechamantes pola súa extensión, especialmente no capítulo 3 do PsT e no capítulo 3 da *Guía do Peregrino*. Con todo, estas non son as únicas *congeries* ou acumulacións de elementos que se atopan na obra. Pola contra, pode dicirse que é un procedemento frecuente dentro da compilación. Son de dous tipos: unhas veces entran dentro do rango do estilístico, e consisten nunha ladaíña de *callidae iuncturae* que serve para definir cousas diversas, como as 19 formas de auxilio do

apóstolo Santiago (Herbers e Santos 1999, p. 90), os 21 atributos e beneficios da peregrinación (1999, p. 91), os 24 efectos do viño (1999, pp. 94-95) ou as 50 definicións insultantes dos vascos (1999, pp. 238-239). Outras teñen un carácter erudito e pretenden ilustrar diferentes realidades. Así, cando se trata de realzar o dato de que o santuario de Santiago atrae peregrinos de todo o orbe, ofrécese unha listaxe de 74 nacionalidades de procedencia (1999, p. 89). O repertorio dos instrumentos que soan na catedral inclúe 20 (1999, p. 89) e o das enfermidades que cura Santiago cos respectivos remedios, 50 (1999, p. 34). No PsT, a Carlomagno acompañano na súa campaña hispana 36 caudillos, apuntados co seu nome e lugar de procedencia (1999, p. 11). Para volver á toponimia, os lugares hispanos conquistados por Carlomagno son 98 (1999, p. 202) e os pobos e cidades do tramo español do Camiño, 51 (1999, p. 236).

### **2.3. Ordenamento *more geometrico***

En calquera caso, as listaxes de topónimos presentan unha característica que non atopamos presente nos outros repertorios, e é que os seus elementos están ordenados e mesmo estruturados en grupos, ofrecendo a súa proxección no mapa unha representación gráfica concreta, de tipo xeométrico: unha liña recta, un círculo, unha espiral. Ímolo ver con diversos exemplos.

## **3. EXEMPLOS**

### **3.1. Os trinta peregrinos loreneses (LSI 2,4)**

Un exemplo de que o autor do LSI traballaba con estes mapas estruturados e os aplicaba minuciosamente nos seus argumentos ofrécenolo o capítulo 2 da *Guía do Peregrino* (Herbers e Santos 1999, p. 236), que divide o itinerario español do Camiño en 13 etapas, desde Saint-Michel-pied-de-Port a Santiago de Compostela.

Táboa 1. As 13 etapas da *Via francigena*.

<b>Xornadas do Camiño Francés (LSI 5,2)</b>	
<b>1ª xornada</b>	Saint Michel - Viscarret
<b>2ª xornada</b>	Viscarret - Pamplona
<b>3ª xornada</b>	Pamplona - Estela
<b>4ª xornada</b>	Estela - Nájera
<b>5ª xornada</b>	Nájera - Burgos
<b>6ª xornada</b>	Burgos - Frómista
<b>7ª xornada</b>	Frómista - Sahagún
<b>8ª xornada</b>	Sahagún - León
<b>9ª xornada</b>	León - Rabanal
<b>10ª xornada</b>	Rabanal - Vilafranca do Bierzo
<b>11ª xornada</b>	Vilafranca do Bierzo - Triacastela
<b>12ª xornada</b>	Triacastela - Palas de Rei
<b>13ª xornada</b>	Palas de Rei - Santiago de Compostela

E especialmente, a aplicación deste esquema ao *exemplum* 4 do libro dos milagres (Herbers e Santos 1999, pp. 163-164), que refire como un grupo de 30 cabaleiros de Lorena, xuramentados para chegar xuntos a Santiago, ve como un deles enferma ao chegar a Gascuña e, tras unhas penosas xornadas transportando o enfermo entre todos, decide abandonalo ao pé dos Pireneos e seguir a súa viaxe. Salvo un, que queda acompañándoo en Saint-Michel e ao día seguinte consegue levalo penosamente ata o alto do porto, onde o enfermo morre. Alí aparéceselle Santiago, quen nunha soa noite transporta os dous peregrinos ata a súa cidade e encomenda ao vivo enterrar o morto e volver á casa. Emprendida a viaxe de regreso, o cabaleiro lorenés atópase cos seus 28 compatriotas en León. Por que en León? No texto non se fai explícito en ningún momento nin o tempo transcorrido nin as distancias percorridas por cada un dos dous grupos. Con todo, se aplicamos a este argumento o esquema de 13 etapas para o itinerario

español, veremos como é León xustamente o lugar onde se terían que cruzar os peregrinos previamente separados.

Táboa 2. As 8 xornadas dos dous grupos, dende a separación ata o reencontro en León.

**O percorrido dos 30 peregrinos loreneses (LSI 2,4)**

<b>Xornadas</b>	<b>Os 28 peregrinos</b>	<b>O peregrino fiel e o peregrino morto</b>
<b>1ª xornada</b>	Saint Michel - Viscarret	Saint Michel (x)
<b>2ª xornada</b>	Viscarret - Pamplona	Saint Michel-Port de Cize-Santiago (1-13)
<b>3ª xornada</b>	Pamplona - Estela	Santiago de Compostela (x)
<b>4ª xornada</b>	Estela - Nájera	Santiago de Compostela - Palas de Rei (13)
<b>5ª xornada</b>	Nájera - Burgos	Palas de Rei - Triacastela (12)
<b>6ª xornada</b>	Burgos - Frómista	Triacastela - Vilafranca do Bierzo (11)
<b>7ª xornada</b>	Frómista - Sahagún	Vilafranca do Bierzo - Rabanal (10)
<b>8ª xornada</b>	Sahagún - <b>León</b>	Rabanal - <b>León</b> (9)

A dedución que xorde desta constatación é que os dous textos foron escritos pola mesma man, ou cando menos que a cronoloxía interna do milagre se elaborou tendo á vista o capítulo 2 do libro quinto. Non obstante, este milagre está datado en 1080 e atribuído ao cóengo Huberto de Besançon, o que nos fala dunha nova falsa atribución ou ben dunha remodelación drástica dun texto previo por parte do revisor definitivo do LSI.

**3.2. O peregrino barcelonés vendido e liberado 13 voltas (LSI 2,22)**

O exemplo anterior transcorre nunha xeografía moi ben coñecida, case cartografada polo autor do LSI, como é o tramo español do Camiño de Santiago, e dános unha medida do seu carácter meticuloso, polo cal non quere deixar ningún detalle solto en aras á verosimilitude dos seus relatos.

Pero, que ocorre cando os argumentos transcorren en xeografías menos coñecidas, mesmo totalmente descoñecidas? O milagre 22, o que pecha a serie

do libro segundo do LSI (Herbers e Santos 1999, p. 177), relata a peripecia dun comerciante barcelonés que pedira ao apóstolo que o librase do cativerio dos seus inimigos. Meu dito, meu feito: nunha viaxe por mar desde Barcelona a Sicilia é apresado e vendido por piratas berberiscos e inmediata e milagrosamente liberado das súas cadeas..., pero para caer de novo apresado e ter que ser liberado novamente; así ata en 13 ocasións. Cada un destes 13 episodios de prisión e liberación ocorre noutros tantos lugares de carácter exótico: Corociana, Iazera, Blasia, Turcoplia, Persia, India, Ethiopia, Alexandria, Affrica, Berberia, Bizerta, Buxía e Almaria. A súa identificación deu bastantes problemas aos estudosos pola aparente incoherencia da lista (Moralejo, Torres e Feo 2004, p. 383, n. 476). Pola contra, se hai algo que define, na nosa opinión, esta relación de lugares é a súa coherencia xeométrica, xa que os 13 topónimos debuxan un gran círculo ao redor da terra coñecida.

En calquera caso, a listaxe presenta problemas obxectivos. O primeiro, menor, é que non é sistemática á hora de mesturar cidades con rexións e mesmo, continentes. O segundo, máis importante, é a dificultade para localizar algúns destes lugares. En ambos os casos, a explicación está na diversidade de fontes utilizadas. Nesta lista distinguimos ata tres distintas:

Temos, por unha banda, os topónimos da sección central (*Persia, India, Etiopía, Alexandría* e *África*) tomados claramente de tratados de xeografía ou de mapamundis. Os mesmos topónimos, na súa forma xentilicia, reaparecen en distintos lugares do LSI, onde se pondera o carácter ecuménico do culto a Santiago, como a lista de nacionalidades de LSI 1,17 (Herbers e Santos 1999, p. 89: *Indiani... Africani, Perse, Alexandrini... Ethiopes*). Como vemos, a mestura indiscriminada de continentes, rexións e cidades é unha característica propia deste tipo de fontes.

Por outra banda, temos, na terceira sección da lista, unha serie de lugares da costa norteafricana occidental (*Berberia, Bizerta* e *Buxía*, coa adición de *Almería*). Estes catro topónimos –xunto a un quinto, *Alcoroz*, do que falaremos máis adiante– repítense na gran lista de lugares hispanos de LSI 4,3 (Herbers e Santos 1999, p. 202: *urbs Besertum... urbs Bugia... Goharan que est urbs in Barbaria... Alcoroz, Almaria*), formando parte dun subconxunto que pretende representar a talasocracia andalusí do Mediterráneo occidental. A fonte destes topónimos está, por tanto, no PsT, que á súa vez toma os nomes directamente de informantes con acceso ás formas orais destes topónimos.

Finalmente, temos, abrindo a lista, os catro topónimos máis difíciles do conxunto: *Corociana*, *Iazera*, *Blasia* e *Turcopia*. Non lle falta razón ao profesor Juan José Moralejo (2004, p. 384) cando indica que a chave para identificar estes topónimos debe estar nas crónicas das cruzadas. É claro que *Iazera in Ysclavonia* se trata da actual Zadar, en Croacia, a antiga *Iader* (Cuntz 1929, p. 40), coñecida na Idade Media latina como *Iadera* (Schnetz 1940, p. 95; Gautier 1988, p. 152) ou *Iazera*, que foi efectivamente estación para os cruzados procedentes por mar de Venecia e onde tivo lugar algún incidente soado en relación con estes (Scheffert e Boichorst 1874, p. 880). *Blasia* debe ser a *Blachia* ou *Blacia* mencionada nos recordos da primeira cruzada para referirse a Valaquia, na actual Romanía, como un dos lugares que a expedición de Pedro o Eremita atravesou camiño de Constantinopla (Ehrenfeuchter 1872, p. 503). En canto a *Turcopia*, non é o nome de ningún lugar coñecido aínda que si poida, e deba, relacionarse cos famosos *turcoples*, auxiliares autóctonos dos cruzados dos que falan Raimundo de Aguiliers (Bongars e Migne 1880, col. 602) ou Guiberto de Nogent (Huygens 1996, pp. 130, 151-152), e que se debería corresponder con Asia Menor ou, máis xenericamente, coa rexión de Oriente próximo. Finalmente, *Corozania* é un nome que parece inevitable poñer en relación coa *Corozaim* palestina, a cidade do Anticristo (Whitehill 1944, vol. 3, *index*) ou mellor con *Corazana*, o Khorasán caucásico, nome divulgado xustamente no tempo das Cruzadas polos xa mencionados Guiberto de Nogent (Huygens 1996, pp. 83, 126, 146) e Raimundo de Aguiliers (Bongars e Migne 1880, col. 603), entre outros.

Con todo, aceptar que *Corociana* sexa o Khorasan, ou mesmo Corozaim, restaría toda coherencia ao marco xeográfico do milagre, pois supón que, tras a súa captura por piratas berberiscos entre Barcelona e Sicilia, o protagonista sexa levado para a súa primeira venda nada menos que ata a fronteira de Irán con Afganistán. Como vimos no exemplo anterior –e veremos nos seguintes–, a congruencia dos marcos espazo-temporais é un aspecto moi importante no LSI por razóns de verosimilitude. De acordo con isto, podemos afirmar que, para o autor deste milagre, *Corociana* é sen dúbida un lugar no Mediterráneo occidental, por moito que o nome poida estar tomado, ou influído, polas crónicas das cruzada contemporáneas. Pero, cal? Na gran listaxe de lugares hispanos de LSI 4,3, da que se nutriu a sección final do repertorio de LSI 2,22, atopámonos con outro topónimo pantasma, de indubidable resonancia árabe: *Alcoroz*. Trátase, aquí si se pode asegurar, dun lugar costeiro do Mediterráneo occidental, como o resto

de topónimos da subrelación na que se insire, e o seu nome aseméllase sospeitosamente a *Corociana*, que podería ser perfectamente a súa latinización, mediante deglutinación do artigo árabe e sufixación xentilicia habitual: *coroz-ana* (Anguita 1997, pp. 7-19). Con isto trasladamos a localización de *Corociana* miles de quilómetros, ao Mediterráneo occidental, e devolvémoslle coherencia xeográfica ao milagre 22. Pero nin *Alcoroz* nin *Corociana* corresponden con topónimos desta área, ou si? Se miramos o mapa, entre Barcelona e Sicilia o comerciante tivo que atopar no seu camiño, de forma ineludible, a illa de Córsega, que era por entón precisamente un bastión dos corsarios berberiscos. Pero Córsega é un lugar perfectamente coñecido polas fontes xeográficas que manexou o autor do LSI. Como podería entón xustificarse que as estrañas *Corociana* e *Alcoroz* aludan a esta gran illa do Mediterráneo occidental?



Fig. 1. Córsega, entre Barcelona e Sicilia

Na nosa opinión, a clave está na mestura de fontes: *Corociana* está influído pola *Corazana* das crónicas de cruzadas, mentres que *Alcoroz*, como o resto de topónimos marítimos-andalusís, foi tomado dunha fonte oral. Sería a transcripción máis ou menos afortunada dunha variante vulgar e arabizada do nome de Córsega. Esta forma non proviría de *Corsica*, senón de *Corsa*, forma que garanten tanto o xeógrafo Idrisi, bo coñecedor do Mediterráneo occidental (Jaubert 1840, vol. 2, p. 68: *Qrsat*, قرسة) como a forma moderna do topónimo en francés (*Corse*). Loxicamente, tanto o engadido do artigo *al-* como a epéntese *\*cor[o]sa* e a caída do *-a* final xustificárianse nese contexto arabófono e vulgar do que parece tomada toda a información xeográfica da subrelación marítima e transmariña do LSI 4,3, quizá de mariñeiros mozárabes que coñecían estes lugares de primeira



man e os seus nomes polas formas coloquiais que usaba a poboación ou a propia mariñeiría. En calquera caso, aceptar que *Corociana* alude, en realidade, á illa de Córsega, non só devolve a coherencia ao episodio da captura e primeira venda do comerciante barcelonés do milagre 22, senón ao milagre enteiro, pois desta maneira, podemos observar que a peripecia deste home describiría un enorme círculo, que desde Barcelona, pasaría por Córsega, Croacia (*Iazera*), Romanía (*Blasia*), Turquía, Persia, India, Etiopía, Alexandría, a costa norteafricana oriental (*Affrica*) e occidental (*Barbaria*), cos portos de Bizerta (Túnez) e Buxía (*Arxelia*), e finalmente, Almería, onde foi liberado definitivamente e desde onde puido regresar a pé á súa casa. Como se pode ver na figura 2, o carácter circular do periplo queda salientado nun mapa isidoriano OT como o de mss. München, clm 10058, fol. 154v, copiado na Francia occidental no século XII, é dicir, en ambientes aos que non foi alleo o autor do milagre, que é o mesmo redactor final do LSI.



Fig. 2. O periplo circular do comerciante barcelonés (LSI 2,22). Téñase en conta para a lectura do mapa que o leste está arriba e occidente abaixo, o norte á esquerda e o sur á dereita do lector.

### 3.3. Os lugares polos que pasa o Camiño de Santiago en España (LSI 5,3)

O seguinte exemplo de ordenación de topónimos devólvenos a un ámbito perfectamente coñecido, ademais de primeira man, polo autor do LSI. Trátase da lista de lugares polos que avanza o chamado Camiño Francés ao seu paso por España, consignada no capítulo 3 do quinto libro; o coñecido como *Guía do peregrino* (Herbers e Santos 1999, p. 236). Xa vimos no primeiro exemplo como o seu autor divide este percorrido en trece etapas (moi desiguais, por certo), e que, loxicamente, o criterio de ordenación é o da contigüidade lineal: a liña recta que leva desde os Pireneos a Compostela, pasando por ata 50 lugares que se identifican sen problemas, pois a maior parte deles segue levando o mesmo nome con que aparece consignado no LSI:

*Villa sancti Michaelis, uilla Runcievallis, Biscarellus, Resogna, Pampilonia, Pons Regine, Stella, Arcus, Grugnus, Villarubea, urbs Nagera, sanctus Dominicus, Radicellas, Belfuratus, Francavilla, Altaporca, Burgas, Alterdalia, Furnellos, Castrasorecia, Pons Fiterie, Frumesta, Karrionus, sanctus Facundus, Manxilla, Legio, Orbeqa, Osturga, Raphanellus, inde Sicca Molina, Ponsferratus, Carcavellus, Villafranca, Castrum Sarracenicum, Villaus, Linar de Rege, Triacastella, villa sancti Michaelis, Barbadellus, pons Minee, SALA REGINE, Palatium Regis, Campus Levurarius, sanctus Iacobus de Boento, Castaniolla, Villanoua, Ferreras, Compostella.*

Os casos en que non é así son poucos, aínda que teñen explicacións diversas. Por exemplo, *Villaus* cambiou o seu nome polo actual, La Faba, a principios do século XIII (Anguita 2000, pp. 593-597), e algo semellante sucedeu, sen que saibamos precisar as datas, con *Villa sancti Michaelis*, que pode identificarse coa actual Montán grazas á documentación de Samos e aos relatos de peregrinos baixo medievais (2000, pp. 587-592). Máis sinxela de identificar é a *Villa Runcievallis* coa actual Burguete; o *Burgum Roscideuallis* dos documentos medievais. Noutras ocasións enfrontámonos á desaparición total tanto do topónimo como da localidade, como sucedeu co hospital sanxoanista de *Villarubea*, á beira de Navarrete, ben documentado no século XII, pero pouco despois desaparecido, e cuxos vestixios permanecen nunhas exiguas ruínas e na microtoponimia local (2000, pp. 583-586). Finalmente, están os casos de denominacións alternativas a topónimos locais, sospeitamos que usuais en ambientes de peregrinos, como *Pons Minee* en lugar de *Portus Marini* ou *Villanoua* en lugar de *\*Arciola* (Arzúa).

Esta casuística responde a exemplos verificados, que nos certifican a fiabilidade do LSI como fonte informativa. Outros comportamentos estraños, como usar o hidrónimo *Orbega* para denominar Ponte de Órbigo ou Hospital de Órbigo (ou os dous á vez) ou os curiosos *cognomina* de Los Arcos (*Vrancia*) e Rabanal (*Captivus*), sen referendo en ningunha outra parte, non empecen as identificacións e só revalorizan o LSI como fonte que ofrece informacións preteridas por outras fontes. Nesa mesma liña, temos que constatar que o LSI é a primeira fonte documental de moitas destas poboacións e, dalgunhas delas, a única (*Castrum Sarracenicum* - Castelo de Sarracín; *Linar de Rege* - San Estevo de Linares; *Castaniolla* - Santa María de Castañeda; ou a propia *Villanoua* - Arzúa).

O único elemento desta lista que se resistiu tenazmente á súa redución ou identificación é *Sala Regine*, mencionado entre Portomarín e Palas de Rei e por iso localizado nun lugar intermedio ligado tradicionalmente á hospitalidade, como Ventas de Narón. O autor do LSI mostra bastante coñecemento do tramo galego do Camiño, feito deducible da denuncia recollida no sermón *Veneranda dies* de diversas situacións ocorridas entre Triacastela e Barbadelo, ou entre Portomarín e Palas de Rei (Herbers e Santos 1999, p. 96-97). Curiosamente, entre os dous primeiros está a *Villa Sancti Michaelis*-Montán, situado no chamado camiño de San Xil, alternativo á ruta que pasa a carón do gran mosteiro beneditino de Samos, ao que o LSI evita mencionar por razóns que se nos escapan. Entre os segundos, localizárase xustamente *Sala Regine*, en cuxa contorna as prostitutas saían ao encontro dos peregrinos, segundo o *Veneranda dies*. Preguntámonos se existe algunha relación entre o indocumentado topónimo, quizá unha hospedería laica, e a situación denunciada.

En calquera caso, resulta evidente que os topónimos da lista do capítulo 3 do libro quinto son o froito dun traballo de campo, pois foron tomados *in situ* por alguén que pasou por eles. A forma en que se presentan estes topónimos, moitas veces documentados por primeira vez no LSI, mostran que foron maioritariamente recollidos de fontes orais (*Osturga*, *Orbega*, *Campus Levurarius*), aínda que moitos deles fosen posteriormente relatinizados en busca de etimoloxías, ás veces absurdas (*Castra Sorecia* ‘castelo de ratos’, *Altaporca*, *Furnellos*, *Maxilla* ‘fazula’, *Carcauellus*); outras deglutinando artigos, ou presuntos artigos, románicos (*Ressogna*-Larrasoaña, *Grugnus*-Logroño); modificando o xénero (*Burgas*, *Pons Fiterie*, *Pons Minee*, *Orbega*, *Ponsferratus*, *Ferreras*), o número (*Radicellas*), a sufixación (*Biscarellus* por Viscarret, *Raphanellus* por Rabanal,

*Castaniolla* por Castañeda, *Castrum Sarracenicum* por \**Castrum Sarracinum*) ou a ordenación do determinante e o determinado nos compostos (*Francauilla*, *Siccamolina*). Por suposto, os máis importantes e coñecidos, e aqueles que non presentaban problemas de comprensión, son consignados correctamente en coincidencia coas fontes documentais tradicionais (*urbs Pampilonie*, *Pons Regine*, *Stella*, *Arcus*, *Nagera*, *Sanctus Dominicus*, *urbs Legio*, *Sanctus Facundus*, *Villafranca*, *Triacastella*, *Barbadellus*, *Compostella*).

### 3.4. As cidades hispanas conquistadas por Carlomagno

O noso último exemplo resume mellor que ningún dos vistos ata o de agora as tres características que sinalamos: a vontade de exhaustividade, a mestura de fontes e a ordenación dos elementos *more geometrico*. Trátase dunha lista de 98 topónimos mediante a cal o autor do LSI quere reflectir unha conquista completa da Península Ibérica e arredores (Herbers e Santos 1999, pp. 202-203). Se isto se fai por medio dunha lista de cidades, e non de rexións, como nos *Anais carolinxios* ou en Exinardo (Halphen 1947, pp. 42-44), e como puido facerse nunha fase embrionaria do capítulo (Anguita 2003, p. 133), é por influencia do modelo utilizado en crónicas hispanas da reconquista como a de Afonso III (Gil 1985a, p. 131-132) ou a do bispo Paio de Oviedo (Sánchez Alonso 1924, p. 82), onde os reinados dos distintos reis se resumían en listas de prazas fortes conquistadas<sup>3</sup>. Con todo, a pretensión do autor do LSI-PsT de presentar unha conquista completa de Hispania por parte de Carlomagno precisaba dunha lista que cubrixe todo o territorio peninsular, cousa que as poucas crónicas altomedievais estaban lonxe de ofrecerlle. Para iso, tivo que recorrer a unha fonte onde si se ofrecía unha descrición xeopolítica completa de España a través dunha longa listaxe de cidades. Esta fonte era o *Provincial Visigótico*; un repertorio de sedes episcopais ordenadas por provincias metropolitanas (Vázquez de Parga e Leclerc 1955, vol. 1, pp. 422-428). Por desgracia para o autor do LSI, este documento estaba completamente desactualizado no século XII, debido á invasión musulmá de 711 e a reordenación territorial que tivo lugar a partir da Reconquista. Esa é a razón pola que as partes do *Provincial* que resultaron máis útiles para a lista

3 Aínda no século XIII, o arcebispo toledano Rodrigo Ximénez de Rada replica o modelo da lista de cidades reconquistadas ao Islam, precisamente para contestar ao PsT, especificando quen foi o verdadeiro conquistador en cada caso (Fernández 1987, p. 130).

do PsT foron precisamente as correspondentes á *Gallaecia* e a *Tarraconense*, as menos afectadas por estes acontecementos históricos, tal como se pode observar nas táboas 3 e 4.

Táboa 3. Provincia Bracarense no *Provincial Visigótico* e subrelación Galega no PsT: coincidencias e actualizacións.

<b>Provincial Visigótico</b> <i>Prov. Bracarense</i> (14)	<b>LSI 4.3</b> <b>Coincidencias</b> (9)	<b>LSI 4.3</b> <b>Actualizacións</b> (4)
<i>Bracara metropolis</i>	<i>Brachara metropolis</i>	
<i>Portucale</i>		
<i>Conimbria</i>	<i>Colimbria</i>	
<i>Egitania</i>		<i>Midonia</i>
<i>Veseo</i>	<i>Visunia</i>	<i>Vimarana</i>
<i>Lameco</i>	<i>Lamego</i>	<i>Crunia</i>
<i>Wetica</i>		<i>Compostella</i>
<i>Dumio</i>	<i>Dumia</i>	
<i>Auriense</i>	<i>Aurenas</i>	
<i>Tude</i>	<i>Tuda</i>	
<i>Luco</i>	<i>Lugo</i>	
<i>Iria</i>	<i>Yria</i>	
<i>Brittunia</i>		
<i>Astorica</i>		

Táboa 4. Provincia Tarraconense *Provincial Visigótico* e subrelación Aragonesa no PsT: coincidencias e actualizacións.

<b>Provincial Visigótico</b> <i>Prov. Tarraconense</i> (15)	<b>LSI 4.3</b> <b>Coincidencias</b> (11)	<b>LSI 4.3</b> <b>Actualizacións</b> (10)
<i>Tarracona metropolis</i>	<i>Terragona</i>	
<i>Barcinona</i>	<i>Barquinona</i>	
<i>Egara</i>		
<i>Gerunda</i>	<i>Gerunda</i>	<i>Burgas</i>
<i>Empurias</i>		<i>Nageras</i>
<i>Ausona</i>		<i>Kalathaus</i>
<i>Urgello</i>	<i>Urgellum</i>	<i>Miracula</i>
<i>Ilerda</i>	<i>Lerida</i>	<i>Tutela</i>
<i>Dertosa</i>	<i>Tortosa</i>	<i>Baiona</i>
<i>Cesaraugusta</i>	<i>Cesaraugusta</i>	<i>Iacqua</i>
<i>Oscá</i>	<i>Osqua</i>	<i>Barbastra</i>
<i>Pampilona</i>	<i>Pampilonia</i>	<i>Rozas</i>
<i>Auca</i>		<i>Elna</i>
<i>Calagurre</i>	<i>Kalagurria</i>	
<i>Tirasona</i>	<i>Terraciona</i>	

En calquera caso, pode apreciarse como, aínda que son moitas as coincidencias, froito dunha dependencia directa o indirecta, tamén o son as actualizacións, o que evidencia que o autor do PsT contaba con máis fontes de información á parte do Provincial.

Isto móstrase de forma moi evidente ao comezo da relación de lugares de España, que busca representar precisamente o centro peninsular, onde se situaba a antiga capital, Toledo. Neste punto, o vello provincial, completamente obsoleto no século XII, foi substituído como fonte pola lista de conquistas de Afonso VI durante a súa campaña toledana de 1086. Por suposto, non é inocente e si

un magnífico indicio de que esta lista de lugares se realizou ou se reformulou en ambientes que tiñan moi presente a rivalidade entre Compostela e Toledo pola primacía eclesiástica hispana, o feito de que a principal discrepancia entre a lista de conquistas afonsinas, tal como a recolle Paio de Oviedo, e a subrelación correspondente do PsT, sexa xustamente o topónimo máis importante da mesma e o que debería abrir a lista, Toledo, que foi substituído por *Auchala*, é dicir, o *Complutum* que segue a Toledo na lista do Provincial, como pode apreciarse na seguinte táboa.

Táboa 5. Provincia Carpetana no *Provincial Visigótico*; lista de conquistas toledanas de Alfonso VI segundo a *Crónica de Paio de Oviedo*; e subrelación Central en LSI 4,3.

<b>Provincial Visigótico</b>	<b>Crónica Pelagiana</b>	<b>LSI 4.3</b>
<i>Prov. Carpetana</i> (17)	<b>Conquista de Toledo por Alfonso VI</b> (13)	<b>Coincidencias</b> (9) <b>Discrepancias</b> (1)
<i>Toleto metropolis</i>	<i>Tholetum</i>	<i>Auchala</i>
	<i>Talavera</i>	<i>Talavera</i>
<i>Compluto</i>	<i>Sancta Eulalia</i>	<i>Santa Eulalia</i>
<i>Segontia</i>	<i>Maqueda</i>	<i>Maqueda</i>
<i>Oxoma</i>		
<i>Palentia</i>	<i>Alfamin</i>	
<i>Segobriga</i>		
<i>Secobia</i>	<i>Argenza</i>	
<i>Valeria</i>		
<i>Arcabica</i>	<i>Maierit</i>	<i>Madrita</i>
<i>Oreto</i>	<i>Olmos</i>	<i>Ulmas</i>
<i>Valentia</i>		
<i>Dianio</i>	<i>Canales</i>	<i>Canalias</i>
<i>Setabi</i>		
<i>Beatia</i>	<i>Calatalifa</i>	
<i>Basti</i>		
<i>Mentesa</i>	<i>Talamantica</i>	<i>Talamantica</i>
<i>Acci</i>	<i>Uzeda</i>	<i>Uzeda</i>
	<i>Gaudelfaiara</i>	<i>Godelfaiar</i>

En realidade, moitos dos topónimos da Provincia Carpetana si que se atopan tamén na lista do PsT, pero nunha distribución que non se corresponde cos antigos provinciais senón con outros criterios, que mesturan a xeografía física coa xeografía política do s. XII. Como se pode ver no mapa (Fig. 3), a disposición dos topónimos na lista é tan coherente que permite, sen outras indicacións máis explícitas, distribuílos en grupos correspondentes a unidades territoriais: 0. Galicia-Provincia Bracarense, 1. Rexión Central, da Serra ou toledana (sen Toledo), 2. Submeseta Norte ou Estremadura entre o Douro e a Serra, 3. Submeseta Sur ou Estremadura entre a Serra e o Guadiana, 4. Reino de León-Castela sen Galicia, 5. Provincia Tarraconense ou Reino de Aragón-Navarra, 6. Estremadura aragonesa, 7. Al-Ándalus interior, 8. Al-Ándalus costeiro e ultramarino.




Fig. 3. As “provincias” de Hispania en LSI 4,3 e o seu ordenamento en espiral.



Á parte disto, podemos ver como esta ordenación por grupos debuxa unha grande espiral que se vai abrindo progresivamente de dentro a fóra, seguindo as agullas do reloxo, coa excepción de Galicia. Así, tras a relación de lugares arredor do núcleo central (*Auchala, Godelfaiar, Thalamanca, Vzeda, Vlmas, Canalias, Madrita, Maqueda, Sancta Eulalia, Talavera*), sóbese á Submeseta Norte, ao sur do Douro (*Osmá, Seguntia, Segovia, Aavilla, Salamanqua*), para baixar enseguida á Submeseta Sur, ao norte do Guadiana (*Toleta, Kalatrava, Badaioth, Turgel, Talavera Godiane, Emerita*). Desde aí, a espiral volve subir ao norte pola Vía da Prata, cubrindo o Reino de León exceptuando Galicia (*Altamora, Palencia, Lucerna, Caparra, Austurga, Ovetum, Legio*), e virando desde aí ao leste cara á Terra de Campos e Castela, polo Camiño de Santiago (*Karrionus, Burgas, Nageras*), ata o territorio da antiga Provincia Tarraconense, en boa medida coincidente co Reino de Aragón de Afonso I o Batallador. De volta ao sur, cóbrese dunha forma peculiar a fronteira aragonesa, para continuar polo Al-Ándalus do século XII, comezando por lugares do Levante e a Andalucía interior (*Valencia, Denia, Sativa, Granada, Sibilía, Corduba, Abula, Accintina*), e concluíndo cunha serie de portos marítimos da costa andaluza e noroeste africana, incluídas algunhas illas do Mediterráneo occidental, todos eles mesturados de forma desordenada (*Besertum, Maioricas, Bugia, Agabiba, Goharan, Meloida, Evicia, Formenteria, Alcoroz, Almaria, Monequa, Gibaltaria, Kartago, Septa, Gesir*), pero significativamente rematados en *Tharuf*: ‘a punta’ ou ‘o extremo’. É dicir, a lista que comeza no centro xeométrico, coa cabeza metafórica ou capital (neste caso Alcalá substituíndo a Toledo) conclúe co extremo tanto físico como etimolóxico (Tarifa).

Resulta curioso comprobar como esta espiral replica o modelo dunha lista dependente do antigo *Provincial Visigótico*: o capítulo 3, *Alia [exquisitio Spanie]*, da *Crónica Albeldense* (Gil 1985b, p. 154), tal como se pode ver na figura 4. Non cremos que esta coincidencia sexa casual. Tampouco o feito de que ambas as dúas listas conclúan cunha relación transmaríña.

A meirande parte dos topónimos desta longa lista, fosen tomados de fontes anticuarias, cronísticas ou orais, non presenta dificultades para a súa identificación e localización. Con todo, hai dúas grandes faltas ou lagoas. A primeira é sinxelamente iso, unha lagoa, pois consiste na inexistencia total de información sobre o reino de Portugal ao sur do Texo. Do mesmo xeito que na lista non faltan os datos da fronteira leonesa, é dicir, da actual rexión de Estremadura, é rechamante a falta de calquera referencia á parte sur do reino de Portugal e súa




Fig. 4. As provincias de Hispania na *Crónica Albeldense* 3 e seu ordenamento en forma de espiral.

fronteira, onde ficaban cidades como Lisboa, Beja, Santarem ou, xa noutra riba do Guadiana, Huelva. Algo semellante sucede coa fronteira sur do reino de Aragón, aínda que neste caso o PsT non presenta un oco, senón máis ben un caixón de xastre ou contedor de topónimos estraños, moitos deles caracterizados como *oppida fortissima* ou como *horae*, o que os singulariza dentro da lista e o que afianza a impresión do seu carácter fronteirizo: *opidum fortissimum Barbagalli*, *opidum fortissimum Carbone*, *opidum fortissimum Aurelie*, *opidum fortissimum*

*Algaieti, urbs Adania, Yspalida, Escalona, hora Malague, hora Burriane, hora Quotante* (Herbers e Santos 1999, p. 202).

Estes topónimos, que forman o grupo situado entre os catalano-aragoneses e os levantino-andalusís, ocuparían en boa lóxica as terras de ninguén situadas entre estes dous territorios, tal como se pode ver na figura 3. En calquera caso, destes topónimos soamente dous (Burriana e Cutanda) se axustan sen problema ás coordenadas xeográficas que suxire a súa posición na lista. O resto constitúe un *stock* heteroxéneo, con topónimos tomados da épica francesa, como os *opida fortissima Barbagalli e Carbone*, e as *hora Malague*, identificadas cos topónimos *Brigal, Clarbone* ou *Balaguez* da *Chanson de Roland* (Short 1990, pp. 63, 82, 218), e cuxos referentes reais poderían ser Berbegal, Balaguer (Dozy 1880, pp. 388-389) e Cardona (Meredith-Jones 1972, p. 279). Nesta lista hai lugares vencellados a feitos de armas notorios, dos cales o máis próximo no tempo é sen dúbida a batalla de Cutanda de 1120, na que participou, xunto a Afonso I o Batallador, o duque de Aquitania, Guillerme IX o Trobador. Tamén están Burriana, escenario de feitos relacionados coa afamadísima figura do Cide Campeador († 1099); e a fortaleza de Aledo, célebre enclave castelán no corazón de Al-Ándalus que resistiu con éxito entre 1085 e 1092 múltiples acometidas dos almorávides. Aínda que non se axuste plenamente ás coordenadas xeográficas da subrelación 6, hai que admitir que Aledo no está excesivamente afastada das mesmas, o que non se pode dicir do resto de topónimos. Por unha banda, as fortalezas de Escalona e Oreja, situadas na Serra ou Sistema Central, deberían ser incluídas na subrelación 1 por coherencia xeográfica, pero o feito é que o autor do PsT non as atopou na lista de conquistas de Afonso VI na súa campaña toledana, senón noutro tipo de fontes<sup>4</sup>. Finalmente, o feito de que *Yspalida*, evidente alógrafo de *Hispalis*, non fose identificado polo autor de PsT con Sevilla, fai que esta cidade sexa o único lugar da lista de LSI 4,3 que aparece repetido: baixo a forma arabizada *Sibilia* e correctamente situado entre os topónimos andalusís de interior, e

<sup>4</sup> Por exemplo, *Aurelia*-Oreja está entre as prazas fortes que Zaida, a nora de Al-Mu'tamid namorada de oídas de Afonso VI, achegou como dote ao seu matrimonio co rei leonés. Esta noticia, aínda que a coñecemos soamente grazas á *Historia* de Ximénez de Rada (Fernández 1987), ten un sabor indubidablemente literario, e dunha fonte deste tipo debeu tomala tamén o autor do PsT. En canto a *Escalona*, praza inexpugnable situada no territorio de Alfamín (este si na lista de conquistas de Afonso VI), non se constituíu en concello con este nome ata datas posteriores. Os seus habitantes foron os coñecidos como *serranos* e *pardos* (Madoz 1847, vol. 7, s.v. *Escalona*) e tiveron gran presenza nas guerras fronteirizas do século XII (Sánchez Belda 1959, p. 215). O autor do PsT tivo noticias imprecisas deles e inclúeos na lista de etnias islámicas que acompañan a Aigolando na conquista de Agen en LSI 4,9 (Herbers e Santos 1999, p. 205). As rexións chamadas *tellus Serranorum* e *tellus Pardorum* en LSI 4,3 son evidentes creacións a partir dos devanditos etnónimos (1999, p. 202).

como *Yspalida*, clasificado no caixón de xastre da subrelación 6<sup>5</sup>. Á *urbs Adania*, o único nome deste grupo do que non falamos aínda, está consagrado o punto que remata este traballo.

### 3.5. As cidades malditas: Lucerna, Adania, Capparra... e Cauria/Crunia?

Ademais de formar parte desta dificultosa subrelación 6, a *urbs Adania* repítese na coda final do capítulo dedicado ás conquistas hispanas de Carlomagno. Aí, xunto con *Lucerna* e *Capparra*, estes dous localizados na relación correspondente aos reinos de León e Castela, constitúe un pequeno grupo de lugares que resistiron tenazmente ao emperador, polo que recibiron a súa maldición, de modo que desde entón quedaron convertidas en ruínas deshabitadas.

*Lucerna* é un topónimo literario de importación suíza e lenda incorporada (Anguita 2003b, pp. 145-160), que o autor do LSI localiza con precisión no Bierzo, identificándoo co castro de Ventosa (Bédier 1929, vol. 3, pp. 159-60).



Fig. 5. O castro de Ventosa, Cáparra e Idanha-a-Velha:

*He sunt urbes quas ille postquam graui labore adquisiuit maledixit, et idcirco sine habitatore permanent usque in hodiernum die: Lucerna Ventosa, Capparra, Adania.* (Herbers e Santos, 1999, p. 203).



5 Non sabemos se, en relación con esta rechamante inadvertencia do PsT, un século máis tarde, Lucas de Tui considerou aclarar no seu *Chronicon mundi* (3, 20) que Sevilla era a antiga *Hispalis*, nun capítulo precisamente dedicado ás cidades que cambiaron o seu nome orixinal por outro (Falque 2003, p. 184).

Pola súa banda, *Capparra* era xa no s. XII unha vistosa ruína romana situada na actual provincia Cáceres. Sen historia nin lendas coñecidas (*Capparra* é descoñecida en fontes medievais fóra do LSI) o autor do LSI parece localizala en territorio leonés, bastante máis ao norte do que lle corresponde, a xulgar pola súa posición na lista entre Lucerna e Astorga. A terceira e última da lista é *Adania*, caracterizada como *urbs*, é dicir, como antiga sé episcopal. Como acabamos de ver no punto anterior, a lista de LSI 4,3 sitúaa entre os topónimos fronteirizos aragoneses, ou mellor dito, entre aqueles que, na súa maioría, non sabía localizar con precisión.

Con todas as prevencións que a escaseza de datos aconsella, cremos contar con algunhas razóns para identificar a *urbs Adania* coa actual Idanha-a-Velha, antiga sé da provincia emeritense (ou bracarense) convertida en ruína tras a invasión musulmá. Á parte de que o resultado da evolución fonética é admisible a partir dun topónimo moi variable na transmisión manuscrita, onde podemos atopalo en formas como *Egitania*, *Agathania*, *Agitaunia*, *Igitania* e moitas outras (Vives, Marín e Martínez 1963), chama a atención a súa localización real no mapa, non moi lonxe de Cáparra, coa que debuxa unha liña paralela ao norte do Texo, formando parte do que poderíamos chamar primeira Estremadura leonesa. Curiosamente, nesa mesma liña, case equidistante entre unha e outra ruína, atópase Coria, unha das grandes omisións da lista de LSI 4,3 (Figura 6).



Fig. 6. Coria, entre Cáparra e Idanha

E Coria, non Cáparra, que é un topónimo descoñecido pola crónica medieval, ten en común con Idanha e con *Ventosa-Bergidum* protagonizar sendas campañas de aniquilamento en tempos de Afonso III, tras as que quedaron convertidas en ruínas despoboadas, segundo a *Crónica Albeldense* 15,12. Por unha

banda *Bergidum*, é dicir, Ventosa: *Ipsisque diebus alia hostis in Vergido ingressa usque ad nicilum est interemta* (Gil 1985b, p. 176). Por outra, Coria e Idanha: *Cauriensis, Egitaniensis et ceteras Lusitanie limites gladio et fame consumpte [...] heremauit et destruxit.* (1985b, p. 177). Ademais disto, Sampiro de Astorga refire na súa *Crónica* (3) outra historia, de claro sabor lendario, onde Ventosa recibe unha punición a mans do propio Afonso III, por dar acollida ao seu irmán Bermudo, levantado en armas contra el (Pérez e González 1959, p. 60). O feito de que esta pequena serie de ruínas malditas quedasen asociadas entre si para a posteridade déixase ver no capítulo do *Chronicon Mundi* (3, 20) onde Lucas de Tui dá unha relación de lugares antigos que cambiaron o seu nome e equipara a *Agitania*, é dicir, Adania, con *Lucenia*, é dicir, Lucerna (Falque 2003, p. 184).

Por tanto, temos catro topónimos (*Adania*, *Lucerna Ventosa*, *Capparra* e *Cauria*) para designar tres ruínas lendarias. Pero o feito é que nin Cáparra ten lenda, nin Coria era xa unha ruína no s. XII. Na nosa opinión, é posible que o autor de LSI 4,3, á hora de elaborar a breve listaxe de ruínas que pecha o capítulo, partise das antigas historias de Afonso III convertendo en ermos deshabitados Coria e Idanha, e vingándose mediante un castigo de Ventosa. Pero, como Coria xa non era unha ruína no s. XII, senón unha praza forte obxecto de disputa entre leoneses e almorávides, decidiu substituíla por *Capparra*, unha ruína real no mesmo territorio. E esta substitución podería ser a explicación de que *Cauria* non apareza na lista de conquistas carolinxias de LSI 4,3.

En calquera caso, é posible que *Cauria* non desaparecese totalmente e sen deixar pegada. Nun traballo recente, Gonzalo Navaza (2016) propuxo que a *Crunia* da subrelación galega de LSI 3,4, primeira testemuña absoluta do topónimo a gran distancia das seguintes, non é senón unha lectura defectuosa de *Cauria* que, medio século despois, deu lugar ao nome definitivo da Coruña, que nunca antes se chamara desta maneira, precisamente en virtude do prestixio do PsT. Os intereses da sé compostelá en Coria, sufragánea súa dende a súa conquista en 1142 por Alfonso VII, fan rechamante a súa ausencia da lista do PsT e confiren máis posibilidades a esta hipótese. Como vimos anteriormente, Coria non deixa de ser o epicentro das informacións en torno a Cáparra e Idanha, as ruínas coas que equidista e coas que forma unha liña de fortalezas paralelas ao Texo, ao norte do río. É certo que *Cauria* sempre contou nos provinciais antigos entre as sedes suxeitas a Mérida, e nunca entre as dependentes de Braga, polo que se fai difícil entender a súa introdución, baixo a forma de *Crunia*, na lista galega de LSI 4,3, pero este é tamén o caso de *Adania*, que tampouco aparece no

lugar que lle correspondería, é dicir, entre os topónimos leoneses, xunto con Lucerna e Caparra (cos que si aparece asociada liñas despois), senón que foi levada ata a fronteira aragonesa, xunto con outros topónimos que o autor da lista non sabía localizar ben no mapa.

En resumidas contas, poderíamos teorizar sobre estas incongruencias con base nas distintas reescrituras ás que foi sometido o capítulo terceiro do Pseudo-Turpín, xa que sobran indicios de que isto ocorreu. En calquera caso, podemos reconecer que non sabemos con exactitude como foi exactamente o proceso, pero tamén afirmar con certo grao de certeza que os problemas que afectan a todos estes topónimos (*Lucerna, Adania, Capparra, Cauria* e *Crunia*) están entrelazados entre si.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Anguita Jaén, José M.<sup>a</sup> (1997). Localización e identificación de los topónimos del *Liber sancti Iacobi* “Alcoroz” y “Corociana”. *Iacobus. Revista de Estudios Jacobeos y Medievales*, 3-4, 7-19.
- Anguita Jaén, José M.<sup>a</sup> (2000). *Estudios sobre el Liber sancti Iacobi. La toponimia mayor hispana*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Anguita Jaén, José M.<sup>a</sup> (2003a). La toponimia del *Pseudo-Turpín* y sus fuentes. En: Klaus Herbers, ed. *El Pseudo-Turpín. Lazo entre el culto jacobeo y el culto de Carlomagno*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 131-147.
- Anguita Jaén, José M.<sup>a</sup> (2003b). Luzern und die Legende der versunkenen Stadt. En: Martin Graf e Christian Moser, eds. *Strenarum lanx. Beiträge zur Philologie und Geschichte des Mittelalters und der frühen Neuzeit*. Zug: Achius Verlag, 145-160.
- Anguita Jaén, José M.<sup>a</sup> (2008). Lecturas y sermones del *Liber sancti Iacobi*: ¿un pulso entre la magnificencia y la ortodoxia? *Hagiographica*, 15, 63-110.
- Anguita Jaén, José M.<sup>a</sup> (2021). Gaiferos de Mormaltán y el duque Guillermo X de Aquitania: entre Jofre de Monmouth y Manuel Murguía. *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 134, 91-123.
- Bédier, Joseph (1929). *Les légendes épiques. Recherches sur la formation des chansons de geste*. 4 vols. 3ª edición. Paris: Librairie ancienne Édouard Champion.

- Bongars, Jacques e Migne, Jean-Paul (1880). *Raimundi de Agiles canonici podiensis Historia Francorum qui ceperunt Ierusalem*. Patrologia Latina 155, cols. 591-668. Paris: Patrologia Latina.
- Cuntz, Otto (1929). *Itineraria Antonini Augusti quae dicuntur duo*. En: Otto Cuntz. *Itineraria Romana* 1. Leipzig: Teubner, 1-85.
- David, Pierre (1949). Études sur le Livre de Saint-Jacques attribué au pape Calixte II. IV. Révision et conclusion. *Bulletin des Études Portugaises et de l'Institut Français au Portugal*, 13, 52-104.
- Díaz y Díaz, Manuel C. (1997). El texto y la tradición textual del Calixtino. En: Manuel C. Díaz y Díaz. *De Santiago y de los Caminos de Santiago*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 111-139.
- Dozy, Reinhart (1880). *Recherches sur l'Histoire et la Littérature d'Espagne pendant le Moyen Age*. 2 vols. Leyden: E.J. Brill.
- Ehrenfeuchter, Ernst (1872). *Thomae Tusci Gesta imperatorum et pontificum*. En: Georgius Henricus Pertz, ed. *Monumenta Germaniae Historica. Scriptores* 22. Hannover: Hahn, 483-528.
- Falque Rey, Emma (2003). *Lucae Tudensis Chronicon Mundi*. Corpus Christianorum. Continuatio Medievalis 74. Turnhout: Brepols.
- Fernández Valverde, Juan (1987). *Roderici Ximenez de Rada Opera omnia I. Historia de rebus Hispanie sive historia gothica*. Corpus Christianorum. Continuatio Medievalis 72. Turnhout: Brepols.
- Gautier Dalche, Patrick (1988). *La "Descriptio mappae mundi" de Hugues de Saint-Victor*. Paris: Institut de Études Augustiniennes.
- Gicquel, Bernard (2003). *La légende de Compostelle: le livre de saint Jacques*. Paris: Tallander.
- Gil Fernández, Juan (1985a). Adefonsi III Chronica. En: Juan Gil Fernández, José L. Moralejo e Juan I. Ruiz de la Peña, eds. *Crónicas Asturianas*. Oviedo: Universidad de Oviedo, 114-149.
- Gil Fernández, Juan (1985b). Chronica Albeldensia. En: Juan Gil Fernández, José L. Moralejo e Juan I. Ruiz de la Peña, eds. *Crónicas Asturianas*. Oviedo: Universidad de Oviedo, 153-186.
- Halphen, Louis (1947). *Eginhard. Vie de Charlemagne*. Paris: Les Belles Lettres.
- Hämel, Adalbert (1951). *Überlieferung und Bedeutung des Liber Sancti Iacobi und des Pseudo-Turpin*. En: *Sitzungsberichte der Philosophisch-historischen Klasse*



- der Bayerischen Akademie der Wissenschaften zu München, Jahrgang 1950. Heft 2.* München: Verlag der Bayerischen Akademie der Wissenschaften.
- Heerwarden, Jan van (1985). L'integrità di testo del Codex Calixtinus. En: Giovanna Scalia, ed. *Il Pellegrinaggio a Santiago de Compostela e la letteratura iacopea. Atti del Convegno Internazionale di Studi. Perugia, 23-25 de settembre 1983.* Perugia: Università degli Studi di Perugia.
- Herbers, Klaus e Santos Noia, Manuel (1999). *Liber sancti Iacobi. Codex Calixtinus.* Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Hohler, Christopher (1972). A note on Jacobus. *Journal of the Warburg and Courtauld Institute* 35, 31-80.
- Huygens, R.B.C. (1996). *Guiberti abbatis sanctae Mariae Novigenti Historia quae inscribitur Dei gesta per francos.* Corpus Christianorum. Continuatio Medievalis 127A. Turnhout: Brepols.
- Jaubert, Amédée (1840). Géographie d'Édresi. 2 vols. En: *Recueil de Voyages et de mémoires de la Société de Géographie* 5-6. Paris: Arthus Bertrand.
- Le Clerc, Victor (1847). Aimeric Picaudi de Parthenai, cantique et itinéraire des pèlerins de Saint-Jacques de Compostelle. En: Victor Le Clerc. *Histoire littéraire de la France* 21. Paris: Académie des inscriptions et belles lettres, 272-292.
- López-Calo, José (1994). *La música medieval en la catedral de Santiago. V. La Edad Media.* La Coruña: Diputación Provincial de La Coruña.
- López Martínez-Morás, Santiago (2002). *Épica y Camino de Santiago. En torno al Pseudo Turpin.* Sada: Edición do Castro.
- Louis, René (1952). Aimeric Picaud, alias Olivier d'Asquins, compilateur du Liber sancti Iacobi. *Bulletin de la Société nationale des Antiquaires de France* 1948-1949, 80-97.
- Madoz, Pascual (1847). *Diccionario geográfico estadístico histórico de España y sus posesiones de Ultramar* 7. Madrid: Estudio Tipográfico-literario Universal.
- Mandach, André de (1961). *Naissance et développement de la chanson de geste en Europe 1. Le geste de Charlemagne et Roland.* Genève: Droz.
- Meredith-Jones, Cyrill (1972). *Historia Karoli Magni et Rotholandi ou Chronique du Pseudo-Turpin.* Reprint. Genève: Slatkine Reprints.
- Moisan, André (1992). *Le livre de Saint-Jacques ou Codex Calixtinus de Compostelle.* Paris: Champion.

- Moralejo, Abelardo, Torres, Casimiro e Feo, Julio (2004). *Liber sancti Iacobi. Codex Calixtinus*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Edición revisada por Juan José Moralejo e M.<sup>a</sup> José García Blanco.
- Navaza, Gonzalo (2016). A orixe literaria do nome da Coruña. *Revista Galega de Filoloxía*, 17, 119-164.
- Pérez de Úrbel, Justo e González Ruiz-Zorrilla, Atilano (1959). Crónica de Sampiro. En: Justo Pérez de Úrbel e Atilano González Ruiz-Zorrilla, eds. *Historia Silense*. Madrid: Consejo Superior de Investigaciones Científicas, 159-173.
- Sánchez Alonso, Benito (1924). *Crónica del Obispo Don Pelayo*. Madrid: Centro de Estudios Históricos.
- Sánchez Belda, Luis (1959). *Chronica Adefonsi Imperatoris*. Madrid: Escuela de Estudios Medievales.
- Scheffert-Boichorst, Paul (1874). Chronica Albrici Trium Fontium a monaco novi monasterii Hoiensis interpolata. En: Georgius Heinricus Pertz, ed. *Monumenta Germaniae Historica. Scriptores* 23. Hannover: Hahn, 631-950.
- Schnetz, Joseph (1940). Ravennatis anonymi Cosmographia. En: Joseph Schnetz, ed. *Itineraria Romana* 2. Leipzig: Teubner, 1-110.
- Short, Ian (1990). *La Chanson de Roland*. 2<sup>a</sup> edición. Paris: Libraire Générale Française.
- Stones, Alison, Gerson, Paula e Krochali, Jeanne (1998). *The Pilgrim's Guide. A Critical Edition*. 2 vols. London: Harvey-Miller Publishers.
- Temperán Villaverde, Elisardo (1997). *La liturgia propia de Santiago en el Códice Calixtino*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Vázquez de Parga, Luis e Leclerc, Jean (1955). Provinciale Visigothicum. En: François Glorie, ed. *Itineraria et alia geographica*. 2. vols. Corpus Christianorum. Series Latina 175-176. Turnhout: Brepols, vol. 1, 422-428.
- Vives, José, Marín, Tomás e Martínez Díez, Gonzalo (1963). *Concilios Visigóticos*. Barcelona: Instituto Enrique Flórez.
- Wagner, Peter (1931). *Die Gesänge der Jakobusliturgie zu Santiago de Compostela aus dem sogenannten Codex Calixtinus*. Freiburg [Schweiz]: Kommissions Verlag Universitäts Buchhandlung.
- Whitehill, Walter Muir (1944). *Liber sancti Iacobi. Codex Calixtinus*. 3 vols. Santiago de Compostela: Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento.



# II

## O topónimo *Santiago* no mundo

De *Iacob* a *Santiago*. O camiño dun nome.  
*Santiago* na onomástica peninsular  
/ SANDRA BEIS SILVA

O topónimo *Santiago* en América  
/ PILAR CAGIAO



# ***De Iacob a Santiago. O camiño dun nome.***

## ***Santiago na onomástica peninsular***

Sandra Beis Silva  
*IES da Illa de Arousa*

### **INTRODUCCIÓN**

Compostela foi, durante séculos, un dos focos de atracción máis importantes de Europa, chegou a competir como destino de peregrinación mesmo con Roma e tivo, polo tanto, unha importancia histórica e cultural notable. Non menos importante é tamén a necesidade de crer na existencia do sepulcro do apóstolo, que mantiña vivo o espírito da Reconquista.

A tradición xacobeana influíu significativamente na configuración do territorio tal e como a coñecemos desde un punto de vista cultural, social e económico, pero tamén lingüístico. Poderíamos nomear infinidade de referencias ao apóstolo na onomástica galega e tamén na peninsular.

Na presente comunicación analizaremos de forma xeral a pegada do nome *Santiago* e outras variantes na onomástica peninsular e atenderemos tanto á toponimia como á antroponimia.

### **CONTEXTO HISTÓRICO**

En ben pouco tempo, a noticia do descubrimento dos restos do apóstolo, a comezos do século IX en Compostela, traspasa as fronteiras dos Pireneos e o santo comeza a converterse no valedor das loitas dos cristiáns. O éxito foi rápido, apoiado polas monarquías, e xa no século XI temos o primeiro peregrino inglés. Os francos fóronse asentando ao longo do Camiño para formar cidades e instalar negocios. Pero todo o esforzo dos monarcas sería van se non contasen coa axuda eclesiástica, especialmente a das ordes monásticas e nomeadamente a de Cluny. As peregrinacións acadaron o cume coa compilación do *Liber sancti Jacobi*.

Con todo, e co paso do tempo, o Camiño foi perdendo peso paulatinamente e a cidade deu pasos cara atrás no século XIII. As peregrinacións mudaron e corrompéronse ata tal punto que ser peregrino se chegou a converter nun verdadeiro oficio, promovido polos que buscaban obter o auxilio do santo sen desprazarse.

Facendo unha inmensa elipse temporal, acadamos os anos 60 da etapa contemporánea. Xa no século XX, o Camiño de Santiago volve cobrar vida e convértese, en 1962, en Patrimonio Histórico Artístico. Pero o grande impulso chega no ano 1993, Ano Santo en que o Camiño de Santiago é declarado Patrimonio da Humanidade pola UNESCO. Dende ese momento, o número de peregrinacións incrementouse considerablemente, acadando picos de visitas nos anos santos 2004 e 2010<sup>1</sup>. Todo isto en conxunto non podemos máis que asocialo á difusión do nome na onomástica.

## O NOME

O nome que nos ocupa nestes momentos, que podemos considerar o foco irradiador, é a forma *Santiago*, un haxiónimo resultado da aglutinación da secuencia *Sanctu Iacobu*. A forma, latinizada do grego *Iákobos*, e esta á súa vez do hebreo *Ya'ackôbb*, sería un derivado de *âquebb* 'calcañar', en relación coa escena do Antigo Testamento que nos conta que Xacob, fillo de Isaac e Rebeca, naceu agarrando o calcañar do seu irmán xemelgo, ou da raíz *'qb* 'protexer'.

O nome reflicte, de entrada, un uso anómalo como nome de pía ao fusionar o adxectivo *sanctu* que, aínda que é frecuente atopalo aglutinado na toponimia en formas como *Santiso*, non se traslada de forma tan masiva ao nome de persoa. Isto tamén provocou a difusión como nome do resultado da falsa segmentación *San Tiago* por *Sant'Iago*. *Tiago* é hoxe un nome empregado frecuentemente en Galicia e Portugal.

---

<sup>1</sup> Datos da Oficina do Peregrino de Santiago de Compostela.

## O TOPÓNIMO

O nome da cidade de Compostela contén un dos haxiotopónimos máis emblemáticos no noroeste peninsular, *Santiago*, formando parte dun grupo de topónimos que inclúen os titulares das igrexas. Esta “tradiccion” é moi antiga e deriva da vontade de cristianizar o territorio; xa Piel (1949, pp. 208-292) cita haxiotopónimos na Galia a finais do século VI. Inicialmente, a denominación facía referencia á igrexa, mais de contado pasou a denominar o asentamento situado ao redor desta. O nome do santo acompañaba, con frecuencia, un topónimo común referido a un asentamento, como *Vila, Lugar...*, que pasaba a ser sobreentendido unicamente a través do titular, e máis primitivamente, a través dun xenitivo latino, constituíndo unha forma semellante á formación dos topónimos de posesores.

O emprego do nome do santo para referenciar a cidade de Compostela data do século IX, momento en que se comeza a promover o culto a Santiago tras a construción dunha basílica para albergar os seus restos, aínda que a veneración ao apóstolo fillo de Cebedeo é anterior á invención do seu sepulcro. No século X xa se empregaba como topónimo:

[...] *sancto Iacobo* apostolo, cuius corpus tumulatum esse dignoscitur in arcis marmoricis (CODOLGA, 886).

Damus ad Sanctum Sebastianum clamores de Yria, de *Sancto Iacobo*, de Giro, de Montanos, de Cerzedello (CODOLGA, 914).

[...] episcopus de Loco sancto *Sancti Iacobi Compostelle* (CODOLGA, ca. 946).

Se atendemos á frecuencia do nome en Galicia debemos facer referencia a lugares, parroquias e concellos, tal e como estrutura o *Nomenclátor de Galicia* os nomes xeográficos de lugares habitados.

Os lugares denominados *Santiago*, ou aqueles que inclúen este haxiónimo nun topónimo composto (*Santiago* ou *O cruceiro de Santiago*), son poucos se atendemos ao número de topónimos cos que conta o territorio galego. Contabilizamos un total de once, entre os que contemplamos a forma con sufixo apreciativo *Santiaguíño* (Padrón) e, agás catro, sitúanse nunha freguesía que ten como titular o apóstolo. Ademais, en ningún caso aparece como topónimo



simple nomeando parroquias, algo que si ocorre con outros santos que deron lugar a topónimos maiores como *Santiso* (Co). Por outra banda, non podemos atribuír a esta denominación unha posible influencia do camiño de Santiago, posto que a distribución polo territorio non responde ás vías de peregrinación máis transitadas. Aínda así, todos se corresponden co culto a Santiago o Maior.

Se ben o topónimo *Santiago* non é moi frecuente na toponimia galega, si que o é a advocación relixiosa; un total de 284 parroquias teñen o apóstolo como titular, das cales 60 están na provincia da Coruña, 123 en Lugo, 58 en Ourense e 43 en Pontevedra. Algunhas destas advocacións, con todo, son anteriores ao descubrimento dos supostos restos do apóstolo e non constitúen un topónimo, senón a titularidade dunha igrexa (é por iso que o NG a recolle entre parénteses).

*Sancti Jacobi de Mera* stipata familia mea ab integro (CODOLGA, 747).

*Ecclesia sancti Jacobi de Zerzeta* cum suis terminis (CODOLGA, 747).

E non por obvio resulta menos curioso, o topónimo *Santiago* aparece unha única vez para dar nome a un concello: *Santiago de Compostela*. A motivación pode ser clara. Pensemos que se trata dun titular bastante frecuente polo que empregalo como denominación única dun lugar lle restaría á toponimia a súa función primixenia, que é a de identificar ou individualizar un espazo.

## SANTIAGO NA TOPONIMIA DA PENÍNSULA

Se botamos unha mirada á Península Ibérica, podemos ver que a concentración de topónimos que levan o nome de Santiago se reduce de forma notable.

Un total de 17 municipios levan na súa denominación o nome do apóstolo, coincidente coa forma en galego. A cantidade ascende a 45 se temos en conta outro tipo de unidades de poboación, entre as que se atoparían entidades singulares ou entidades colectivas, localizadas polo xeral nos municipios do mesmo nome.

O nome do apóstolo identifica, coa forma en catalán, catro municipios en Cataluña, que levan no topónimo a secuencia *Sant Jaume*, 25 se temos en conta unidades de poboación, que van desde urbanizacións ata entidades singulares.

Badía Margarit (1954, p. 217) fala dun suposto camiño catalán a Compostela que se uniría ao francés por Logroño e Burgos, feito que confirmaría a toponimia. A tradición sufriu un parón temporal debido a que Zaragoza non pasou a formar parte dos reinos cristiáns ata 1118, polo que ata esa data as rutas batían aí, o que impediría a difusión da variante e a expansión pola Península. Se ben é certo que a frecuencia do nome non é elevada na toponimia maior, a súa densidade en Cataluña é moito máis elevada ca noutros lugares da Península.

Na seguinte táboa recóllense os topónimos derivados de *Iacobus* no territorio peninsular, excluindo Galicia.

Táboa 1. Municipios que levan o nome derivado de *Iacobu*. INE 2020.

Provincia	Municipio
Ávila	Santiago del Collado
	Santiago del Tormes
Badajoz	La Nava de Santiago
Cáceres	Salvatierra de Santiago
	Santiago de Alcántara
	Santiago del Campo
Ciudad Real	Castellar de Santiago
Cuenca	Horcajo de Santiago
	Pozorrubio de Santiago
	Villamayor de Santiago
Jaén	Santiago de Calatrava
	Santiago-Pontones
León	Santiago Millas
Salamanca	Santiago de la Puebla
Santa Cruz de Tenerife	Santiago del Teide
Toledo	Villarrubia de Santiago

Provincia	Municipio
Barcelona	Sant Jaume de Frontanyà
Girona	Sant Jaume de Llierca
Tarragona	Sant Jaume dels Domenys
	Sant Jaume d'Enveja
Zamora	Alfaraz de Sayago
	Almeida de Sayago
	Bermillo de Sayago
	Cabañas de Sayago
	Fresno de Sayago
	Moral de Sayago
	Moraleja de Sayago
	Muga de Sayago
	Roelos de Sayago

Para ter unha visión máis global da motivación dos topónimos, debemos situalos no mapa. Como vemos, non coinciden en ningún caso coas rutas de peregrinación a Compostela máis transitadas da Península Ibérica, senón que se corresponden con territorios pertencentes (agás Santiago del Teide) á Orde de Santiago, creada no século XII, durante a chamada Reconquista, que desempeñaba unha actividade tanto bélica como colonizadora na fronteira meridional. A esta foron entregados os territorios da meseta sur e, posteriormente, no século XIII, moitos dos territorios conquistados na fronteira co reino nazarí de Granada, o que explicaría a aparición do nome do apóstolo na toponimia do sur peninsular.

Mapa 1. Topónimos con *Santiago*



Mención especial merece a forma *Sayago*. Trátase dun topónimo maior localizado en Zamora, na raia con Portugal, que dá nome a unha comarca que abarca 24 municipios. Algunhas hipóteses, entre elas a do propio Piel, afirman que pode derivar dun posible *Sanctus Iacobus*. Con todo, outras teorías, como a de Menéndez Pidal, atribúenlle unha etimoloxía prelatina e a presenza do sufixo *-aco*, neste caso evolucionado en *-ago*, confirmaría esta teoría. Aparece, ademais, documentado na Idade Media como *Saliago*, *Salago* e *Salagu* (Martín 1996, p. 103).

[...] ad regiam pertinet uocem in uilla illa de *Saliago* que dicitur Fremoselli, in termino de Cemora (CODOLGA, 1205).

Con todo, esta comarca zamorana estivo baixo a orde militar de Santiago xa desde o ano 1175 (Martín 1996, p. 128).

No caso de Portugal, atopamos o topónimo *Santiago do Cacém*, que dá nome a un *concelho* en Setúbal. Aínda así, son moitas máis as freguesías que levan o haxiónimo no nome. O total ascendería a 17, incluíndo dous topónimos que presentan o resultado da falsa segmentación: *União das freguesias de Candoso São Tiago e Mascotelos* e *São Tiago dos Velhos*.

Táboa 2. Freguesías co nome de *Santiago*. Dados gov 2020.

<b>Distrito</b>	<b>Concelho</b>	<b>Freguesía</b>
<b>Aveiro</b>	Oliveira de Azeméis	União das freguesias de Oliveira de Azeméis, Santiago de Riba-Ul, Ul, Macinhata da Seixa e Madail
<b>Beja</b>	Odemira	Vale de Santiago
<b>Braga</b>	Guimarães	União das freguesias de Candoso São Tiago e Mascotelos
<b>Évora</b>	Alandroal	Santiago Maior
	Montemor-o-Novo	Santiago do Escoural
<b>Guarda</b>	Seia	Santiago
<b>Leiria</b>	Ansião	Santiago da Guarda
	Pombal	União das freguesias de Santiago e São Simão de Litém e Albergaria dos Doze
<b>Lisboa</b>	Arruda dos Vinhos	São Tiago dos Velhos
<b>Portalegre</b>	Castelo de Vide	Santiago Maior
<b>Santarém</b>	Sardoal	Santiago de Montalegre
<b>Setúbal</b>	Santiago do Cacém	União das freguesias de Santiago do Cacém, Santa Cruz e São Bartolomeu da Serra
<b>Vila Real</b>	Valpaços	Santiago da Ribeira de Alhariz
<b>Viseu</b>	Armamar	União das freguesias de São Romão e Santiago
	Cinfães	Santiago de Piães
	Mangualde	União das freguesias de Santiago de Cassurrães e Póvoa de Cervães
	Tondela	Santiago de Besteiros

Cabe mencionar a presenza do nome do apóstolo na toponimia menor éuscara. Se ben é certo que xa non se documenta ningún municipio que leve ese nome, podemos referenciar numerosas mencións ao Camiño. Chama a atención a cantidade de formas que adopta: en Navarra documéntanse referencias

ao Camiño como *Donejakue bidea* en Auritz, Erro e Aurizberri, ou *Donejakueko bidea* en Arleta e Esteribar

Como podemos ver, é difícil atopar unha correlación entre o trazado das rutas xacobeas e a toponimia atribuída a Santiago o maior. A partir do século XIII, e durante séculos, o Camiño experimentou unha etapa de decadencia, da que non se recuperaría ata que o manto arquitectónico do Barroco fixese a súa entrada. Isto puido afectar, e sepultar, as referencias a Santiago nas vías de peregrinación.

## SANTIAGO NA ONOMÁSTICA PERSOAL

### Nomes

O nome bíblico *Ya'aqôbb* foi especialmente produtivo en canto a variantes na onomástica persoal, e non só, por suposto, na Península Ibérica. Xa fora un dos nomes máis empregados na tradición hebrea por ser un dos fillos de Isaac. A súa evolución parte do nome dos dous apóstolos, pero a súa difusión vén da man da popularidade do culto a Santiago o Maior.

A forma latinizada do nome, *Iacobus*, deu lugar ao xa mencionado *Santiago*, forma nacida na Idade Media, e tamén a *Iago*. Da variante latina *Iacobus*, con acentuación paroxítona, derivan as formas galegas *Xacobe* e *Xacobo*. Esta última viría do latín tardío, ao igual que as formas *Xácome*, que sobreviviu ata hoxe como apelido, maioritariamente na deturpación *Jácome*, e *Xaime*, dunha evolución *Jácomu* (Ferro 1992). Con todo, esta última forma relaciónase co antigo francés *Jame*, *James* e *Gemmes*.


Xa se documentan, dende o século XII, diversas grafías e evolucións dun orixinal *Iacobus*:

S. s. Ego, Laborans, presbiter cardinalis Sancte Marie Transtiberin tituli Calisti. Ego, *Iacobo*, diaconus cardinalis Sanctorum Martirun (CODOLGA, 1179).

[...] quod Martinus Alffonsi et *Jacobus* Iohannis. Predicti (CODOLGA, 1245).

O uso de *Santiago* como primeiro nome segue a ser moi popular e é un dos 50 nomes máis impostos en moitas provincias (máis de 110.000 portadores). Con todo, o seu uso está sendo desprazados polas formas *Iago* e a castelanizada *Yago*:

Gráfico 1: Evolución dos nomes *Santiago*, *Iago* e *Yago*.



A forma *Xácome*, hoxe con moi poucos portadores pero rexistrada na súa variante castelanizada como apelido, aparece no século XIII como primeiro nome:

Fernán Roderici de Aguiar, Alfonsus Reymundo, don *Jacome*, domnus Petrus Alfonsi (CODOLGA, 1257).

En castelán temos as variantes correspondentes: *Santiago*, *Yago*, *Yagüe* (hoxe como apelido), *Jaime* (que presentaría o hipocorístico *Chaime*) e *Jacobo*. Todas elas coa mesma etimoloxía arriba mencionada.

A forma *Yagüe* empregábase como unha evolución do nome do apóstolo nas partidas de Afonso X. Na *Estoria de España* documéntase como nome de persoa.


E en dias sennalados se deue guardar. assi cuemo en las uigilias de todos los apostoles. fueras ende de sant philip & de *sant yague* que no han uigilia de ayunar (CORDE, 1256-1263).

Don *yague* obispo de Coria (CORDE, 1270).

No caso do éuscaro, rexístranse numerosas formas derivadas de *Iacobus* tanto en feminino como en masculino. Así, temos *Jagobe* e *Jakoba* como variantes femininas, e *Jakob*, *Jakue*, *Jakobe* e *Jagoba* en masculino. Documentáanse tamén as formas *Jakes* e *Jaime* en masculino. A forma *Jakes* procedería da zona do Iparralde, mentres que a forma *Jaime* chegaría desde Aragón.

A variante *Jakue*, parella a *Jacob*, foi un nome moi usado en Euskal Herria, pero a forma *Santiago* desprazouna e acabou por desaparecer na Península. Actualmente pórtano 21 persoas, cunha media de idade de 28 anos, segundo os datos tirados do padrón continuo, ofrecido polo INE. *Jagoba* é unha das variantes que presentou unha tendencia á alza durante a década dos 80 e 90, aínda que limitado ás zonas en que se fala o éuskaru.

Gráfico 2: Portadores do nome *Jagoba* entre os nacidos a partir de 1960. INE 2020.



Outra das linguas que presenta unha variante da mesma forma latina é o catalán. Neste caso, documentamos *Jaume*, moi difundida nos territorios de fala catalá e empregada en documentos do século XIII para referirse ao rei de Aragón. O nome acadou gran popularidade na década dos 60-70 do século XX e, se ben é certo que descendeu progresivamente o número de portadores, segue a ser un dos nomes máis frecuentes entre a poboación de Cataluña e das Illas Baleares.

En canto a *Tiago*, *Thiago* (esta pasa de ter unha recorrencia de apenas 300 portadores a preto de 8000 entre as décadas 2000-2010 e 2010-2020), e mesmo *Thyago*, acadou gran difusión na Península Ibérica na primeira década do século XXI. Moi difundida, especialmente en Galicia, entra a través do portugués. A forma resulta dunha falsa segmentación da secuencia onomástica *Santiago* e adopta diferentes grafías co paso dos anos.



E mentres que *Santiago* perde popularidade como nome de persoa pese a acadar as rutas xacobeas grande auxe nos últimos anos, en Portugal sitúase como o primeiro nome entre os nados, tal e como amosan os datos do ano 2017 do *Portal de datos abertos da Administración pública*, que recolle 1914 nados con ese nome, fronte aos 16 que se rexistraban no ano 2000.

Non poderíamos avanzar no camiño sen facer referencia a *Diego* e *Diogo* (port.), antropónimo moi frecuente na onomástica peninsular, tanto na Idade Media como na actualidade. A súa procedencia suscita controversia. Unha das teorías atribúe a orixe do nome a unha raíz ibérica, e mesmo se asociou á masculinización da forma grega *didaché* ‘doutrina’. Tamén se atribuíu a unha evolución da forma *Iacobus* parella á de *Santiago* ou *Iago*. Hai autores que o xustifican como unha abreviación de *Sant-Iago*, cunha sonorización da consoante oclusiva inicial despois dunha falsa segmentación. Con todo, esta teoría é difícil de soste. O nome aparece xa nas fontes documentais galegas desde o século VIII, o que o sitúa antes da construción onomástica *Santiago*:


Framirus, Adosinda, Sundemaro, Donello, *Didacus* et eius progenie, ecclesia sancti Iohannis de Campo (CODOLGA, 747).

Adaulfo testis. Sando testis. Sesnando testis. *Didaco testis*. *Emefredo testis*. (CODOLGA, 757).

## Apelidos


Do topónimo *Santiago* xérase o apelido coa mesma forma, que pode ir precedido de preposición *de*. Trataríase dun apelido detoponímico e a cidade xacobeá será o principal foco irradiador. Ademais, é un dos apelidos máis frecuentes no noroeste peninsular. En Galicia rexístrase un total de 6.884 veces e podemos ver na súa distribución territorial, no mapa da *Cartografía dos Apelidos de Galicia*, que está concentrado fundamentalmente na franxa máis occidental.

Mapa 2. Apelido *Santiago* na  
CAG



No resto da península, o apelido rexístrase un total de 108.272 veces no conxunto do estado español, tendo en conta o primeiro e o segundo apelido da poboación. Con todo, a difusión do apelido concéntrase no sur, concretamente nas provincias andaluzas de Almería, Granada, Xaén e Málaga, ademais de nas provincias de Zamora e As Palmas.

Mapa 3. *Santiago* como  
primeiro apelido. INE 2020



Pero, pese a ser esta a forma máis frecuente, o orixinal *Sanctus Iacobus* presenta outras moitas variantes que deixaron pegada na antroponimia peninsular, algunhas derivadas da forma desprovista do adxectivo. Podemos documentar na actualidade, polos datos tirados do INE, ata quince variantes diferentes: *Santiago (de)*, este tamén coa preposición aglutinada *Desantiago*; *Xácome (Jácome)*, *Jacobo*, *Jacob*, *Yagüe*, *Oyagüe*, *Yagües*, *Yagüez*, *Yago*, *Jaume* e *Sanjaume*, *Jaime* e, aínda que anecdoticamente, *Sayago*, *Jacue* e *Tiago*.

No conxunto destas formas, cada unha das variantes ten unha distribución xeográfica diferente e practicamente complementaria, pois nos lugares en que predomina unha forma, é rara ou escasa a outra. Podemos velas nos datos ofrecidos polo INE, que achega tamén un mapa da distribución dos apelidos. Aínda que só traíamos aquí as ocorrencias das formas como primeiro apelido, a distribución xeográfica é parella no segundo.

Tal e como observamos polos datos tirados do INE, xerados a partir dos datos do padrón continuo do ano 2020, os apelidos *Jácome* (forma anómala de *Xácome*) e *Jacob* (de *Xacob*), ambos patronímicos, concéntranse en Galicia e nalgunhas partes do centro peninsular. A primeira, como xa se mencionou, procedería dunha forma *Jacomus*.

*Xácome*, ou *Jácome*, conta con 2.835 ocorrencias, das cales 366 se concentran en Ourense e Pontevedra, na súa maioría.


As primeiras atestacións da variante, que hoxe se documenta exclusivamente como apelido, aparecen no século XIII como primeiro nome e no XIV, como segundo nome ou apelido:

[...] auctoridade de don *Pedro Iacome* juyz de Lugo, o dito tidoo por mina mao trasladey en este libro et puge en el meu signal (CODOLGA, 1305).


Se ben o apelido *Jacob* é moito menos frecuente e presenta unha oclusiva bilabial final anómala para o galego, a forma aparece documentada como apelido xa no século XII:

[...] per mandado de don Lourenço Perez et do dito Johan *Jacob*, juyzes de Santiago. (TMILG, 1295).


Mapa 4. *Jácome* como primeiro apelido. INE 2020



Mapa 5. *Jacob* como primeiro apelido. INE 2020



Mapa 6. *Jacobo* como primeiro apelido. INE 2020



En canto á forma *Yagüe*, portada por un total de 11.608 habitantes, e a variante que presenta o patronímico en *-ez* (898), distribúese na zona do centro peninsular e rexistra a maior concentración nas provincias de Segovia, Soria, Zaragoza, Valladolid e Ávila. A forma co patronímico en *-es* concéntrase case exclusivamente en Murcia. Na documentación antiga aparecen rexistros xa no século XIII para referirse ao apóstolo e tamén á cidade de Compostela, e vémosto como apelido arredor do século XIV.

[...] & fuese pora Espanna en Romeria a sant *yague* (CORDE, 1293).

[...] don dulçedo obispo de salamanca. Don *yague* obispo de Coria. Don frausto obispo de coynbra (CORDE, 1344).

A variante *Oyagüe*, menos frecuente e localizada na provincia de Salamanca, documéntase no século XVI como sobrenome, precedida da preposición de:




Ilustración 1: María de *Oyague*

María de *Oyague*, Vezina de la villa de Palacios Rubios (PARES, 1675).

Mapa 7. *Yagüe* como primeiro apelido. INE 2020



Mapa 8. *Yágüez* como primeiro  
apelido. INE 2020



Mapa 9: *Yagües* como primeiro  
apelido. INE 2020



En canto á forma *Yago*, aparece como segundo nome concentrado na zona do levante peninsular, con 2.595 portadores no conxunto do estado.

Mapa 10: *Yago* como primeiro  
apelido. INE 2020




Como xa se mencionou, en catalán a evolución do nome deu lugar a *Jaume*, patronímico (e *Sanjaume*, de orixe toponímica), moi popular na zona do nordeste peninsular como primeiro nome e menos frecuente como apelido, mentres que si que o é a variante *Jaime* en toda a área do Mediterráneo.

Mapa 11: *Jaume* como primeiro apelido. INE 2020



Mapa 12: *Jaime* como primeiro apelido. INE 2020



Menos importantes numericamente como apelidos son as formas que se documentan con máis frecuencia como nome de pía. Falamos da forma desagregada que conserva o *t-* inicial resultado da anteposición do adxectivo *Sanctus*, *Tiago*, e da forma *Jacue*, castellanización coa grafía *-c-* do nome *Jakue*. Esta última documéntase no século XIV como segundo nome en documentos medievais de Navarra: *pelegrin de jaque* (1350), *pascoal periz de jacue* (1350)<sup>2</sup>.

<sup>2</sup> Pode consultarse en [https://www.euskaltzaindia.eus/index.php?option=com\\_ecoeoda&task=deituralkusi&Itemid=795&clang=es&kodea=5679&motu=bateratua](https://www.euskaltzaindia.eus/index.php?option=com_ecoeoda&task=deituralkusi&Itemid=795&clang=es&kodea=5679&motu=bateratua)

Mapa 13: *Tiago* como primeiro apelido. INE 2020



Mapa 14: *Jacue* como primeiro apelido. INE 2020



## CABO

Como vemos, un orixinal *Iacobus*, con numerosas variantes desde a súa aparición no Novo Testamento, tivo na Idade Media e tamén nos nosos días unha gran produtividade onomástica, dando lugar a variantes na toponimia e na antroponimia, e parece que o nome segue a mudar e a presentar descendentes. Se xeograficamente é difícil trazar un camiño ao redor da dispersión do nome, si que podemos referir que o culto e a devoción a Santiago, en primeiro lugar, e a difusión do Camiño, despois, xogaron un papel determinante na difusión do nome na Península e tamén en Europa.



## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Badía Margarit, Antoni M. (1954). Mas sobre la aportación de la toponimia al “Camino de Santiago” y su justificación histórica. *Revista de Filología Española*, 38(1/4), 212-223. <https://doi.org/10.3989/rfe.1954.v38.i1/4.1082>
- Boullón Agrelo, Ana Isabel (1999). *Antroponimia medieval galega (ss. VIII-XII)*. Patronymica Romanica, 12. Tübingen: Max Niemeyer.
- Ferro Ruibal, Xesús, dir. (1992). *Dicionario dos nomes galego*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Gorrotxategi Nieto, Mikel (2007). Camino “bide” en la toponimia vasca. *Fontes linguae vasconum: Studia et documenta*, 104, 141-160.
- Martín Viso, Iñaki (1996). Una comarca periférica en la Edad Media: Sayago. *Studia historica. Historia medieval*, 4, 97-155.
- Méndez, Luz e Navaza, Gonzalo, eds. (2002). *Actas do I Congreso Internacional de Onomástica Galega “Frei Martín Sarmiento”*. Santiago de Compostela: Asociación Galega de Onomástica. Disponible en <http://ilg.usc.es/agon/indice-das-actas-do-i-congre-so-internacional-de-onomastica-galega-frei-martin-sarmiento/>
- Menéndez Pidal, Ramón (1952). *Toponimia prerrománica hispana*. Madrid: Gredos.
- Moralejo Álvarez, Juan José (2007). *Callaica nomina. Estudios de onomástica gallega*. Santiago de Compostela: Fundación Pedro Barrié de la Maza. Disponible en [http://ilg.usc.es/agon/wp-content/uploads/2010/09/Callaica\\_Nomina.pdf](http://ilg.usc.es/agon/wp-content/uploads/2010/09/Callaica_Nomina.pdf)
- Navaza, Gonzalo (2021). *Os nomes dos concellos da provincia da Coruña*. A Coruña: Real Academia Galega. <https://doi.org/10.32766/rag.377>
- Piel, Joseph M. (1949-1950). Os nomes dos santos tradicionais hispânicos na toponimia peninsular. *Biblos*, 25 (1949), 287-353; 26 (1950), 281-314.
- Silvestre, João Paulo (2021). A escolha do nome próprio. Quadro legal e evolução da antroponímia contemporânea em Portugal. *Etudes romanes de Brno*, 1, 217-231
- Asociación Galega de Onomástica (AGOn). Disponible en <http://ilg.usc.es/agon/>

## FONTES DOCUMENTAIS

- CAG = *Cartografía dos apelidos de Galicia*. Instituto da Lingua Galega / Real Academia Galega. <https://ilg.usc.es/cag/>
- CODOLGA = Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (2004). *Corpus Documentale Latinum Gallaeciae*. Dispoñible en <http://corpus.cirp.es/co-dolga/>
- EODA= *Euskal Onomastikaren Datutegia. Base de datos onomástica Vasca*. [https://www.euskaltzaindia.eus/index.php?option=com\\_ecoeoda&task=bilaketa-Portada&Itemid=795&lang=es](https://www.euskaltzaindia.eus/index.php?option=com_ecoeoda&task=bilaketa-Portada&Itemid=795&lang=es)
- INE = Instituto Nacional de Estadística. <https://www.ine.es/>
- NG = Xunta de Galicia (2004). *Nomenclátor de Galicia*. Dispoñible en <http://www.xunta.es/nomenclator/busca.jsp>
- PARES = Ministerio de Cultura. *Portal de Archivos Españoles*. PARES. Dispoñible en <http://pares.culturaydeporte.gob.es/inicio.html>
- REAL ACADEMIA ESPAÑOLA: Banco de datos (CORDE) [en línea]. *Corpus diacrónico del español*. <https://www.rae.es> [30-09-2021]
- TMILG= Instituto da Lingua Galega (2018). *Tesouro informatizado da lingua galega*. Dispoñible en <http://sli.uvigo.es/TILG/index.html>



## O topónimo *Santiago* en América

Pilar Cagiao

*Universidade de Santiago de Compostela*

A abordaxe deste tema ten como referente inescusable, e en moita medida é debedor del, unha magnífica obra que acompañou a exposición conmemorativa *Santiago e América*, exhibida no Mosteiro de San Martiño Pinario durante o ano xubilar de 1993. Pola nosa banda, unha versión preliminar sobre o mesmo asunto foi incluída no primeiro volume do tomo IX, volume 1, dos dous dedicados a *Galicia e o mundo colonial americano* publicados na *Gran Historia de Galicia* (Cagiao e Pazos 2007). Diciamos entón que non é novidade o feito de que numerosos lugares xeográficos do continente americano aludan directa ou indirectamente a Santiago. Así mesmo, durante o período colonial foi moi frecuente que o seu nome patrocinase a fundación de numerosas cidades, vilas, aldeas ou xurisdicións administrativas ou eclesiásticas ao longo de toda a súa xeografía, das que hoxe contamos cunha nómina cada vez máis ampla, como amosan os traballos desenvolvidos desde a década dos noventa por G. Méndez, que aínda continúan na actualidade<sup>1</sup>, baseados en fontes primarias e secundarias de distinto tipo, nos que incluso se rexistran topónimos referidos a Santiago noutras linguas alén do castelán (Méndez 1993b).

No que respecta ás poboacións, ademais de numerosos accidentes xeográficos, a contribución do nome de Santiago á toponimia americana, que á súa vez deu lugar a toda unha variedade de xentilicios, produciuse a partir do momento mesmo das primeiras viaxes colombinas. Así pois, foi no mundo antillano onde apareceron os primeiros topónimos relacionados directa ou indirectamente co apóstolo<sup>2</sup>.

---

1 As súas últimas pescudas foron recentemente expostas no XIX Congreso Internacional da Asociación Española de Americanistas, *Os Camiños de América*, celebrado en Santiago de Compostela en xuño de 2021, nun simposio monográfico coordinado pola autora titulado *Santiago en América y los Santiagos de América: mito, toponimia y representaciones*.

2 Na costa sur da illa da Española foi fundada en 1504 Azua de Compostela, nome atribuído segundo algúns autores, á suposta procedencia galega dun dos primeiros propietarios de terras da zona.

Foi na illa de Quisqueya, bautizada como *La Española* polos casteláns e identificada hoxe coa República Dominicana e Haití, onde xurdiu o primeiro enclave americano que levou o nome de Santiago, que mudou varias veces de lugar. Inicialmente foi fundado como un forte polo propio Cristóbal Colón en 1495, o mesmo ano, por certo, en que o almirante chegou á illa de Xamaica, á que tamén denominou *Illa de Santiago* e onde en 1520 se fundaría a vila de *Santiago de la Vega* (Méndez 1993a, p. 91). Aquela primeira fortaleza españolesa, situada nun outeiro á beira do río Yaque, na costa norte, foi crescendo en poboación por mor do abandono da primeira vila fundada na illa –La Isabela– un ano atrás. Con posterioridade, en 1504, durante o goberno de Nicolás de Ovando, o forte de Santiago foi trasladado cara ao interior, xunto ás ribeiras do río Jacagua, dando lugar a unha vila á que a raíña Juana lle outorgou título e escudo no ano de 1508. Cinco décadas despois, tras ser destruída por un terremoto, foi de novo trasladada ao val do Cibao, onde pasou a chamarse *Santiago de los Caballeros* por título outorgado por Felipe II (Santiago, Campillo e Dobal 1997).

O segundo Santiago de América foi fundado na rexión oriental de Cuba á altura de 1514, seguindo as instrucións de Diego Colón ao gobernador da illa, Diego Velázquez, quen deu conta desa fundación ao rei Fernando, moi devoto do apóstolo, comunicándolle que puxera ao novo asentamento o nome de Santiago na súa honra (Guerra 2021). Ata a morte de Velázquez, Santiago de Cuba foi o enclave principal da illa e o lugar desde onde partiu Hernán Cortés, que era daquela o seu primeiro alcalde, cara á conquista de México<sup>3</sup>. Co paso ao continente, as illas do Caribe, onde se fixeran os primeiros experimentos de explotación colonial e que serviran de plataforma para a expansión continental, entraron nunha etapa de decadencia e, consecuentemente, tamén os dous primeiros Santiagos fundados en América, o dominicano e o cubano<sup>4</sup>, cuxos habitantes coñécense, en ambos os casos, como *santiagueros*.

O topónimo *Santiago* foise estendendo ao compás da conquista do continente, a través de movementos expedicionarios que xeralmente partían da plataforma caribeña para logo multiplicarse en todas as direccións. En México acadou

---

3 En 1599, próxima a Santiago de Cuba, foi tamén establecida unha pequena poboación denominada *Santiago del Prado*, que foi un dos núcleos principais da explotación do cobre (Miller 1999).

4 No século XVII, tamén en Cuba, foi fundada *Santiago de Compostela de las Vegas* (1688) sobre terreos de reguengo por iniciativa do galego Diego Avelino de Compostela, bispo de Cuba entre 1687 e 1704. A esta cidade foille concedida en 1774 un escudo de armas coa cruz de Santiago rodeada de estrelas descansando sobre unha plantación de tabaco, produto que nese momento cobraba auge económico na rexión.

unha extraordinaria profusión superando o centenar os lugares xeográficos que aluden a este nome (Plötz 1992). Moitos deles son pequenos municipios que se atopan repartidos pola práctica totalidade dos actuais estados do país. Non temos de todos eles noticia histórica nin da súa data de fundación nin das razóns que impulsaron a súa denominación. Nalgúns casos, pola contra, si existen algúns datos, ás veces illados, sobre estas poboacións. Semella que un dos primeiros foi *Santiago de Colima*, fundado en 1522 e “refundado” trinta anos máis tarde. Pola súa banda, *Santiago de Querétaro*, por exemplo, un lugar que sería fundamental na historia mexicana do século XIX, foi fundado en 1531 baixo a advocación do apóstolo por unha suposta aparición deste, xusto o 25 de xullo, en medio da loita contra os otomís. Durante os séculos coloniais foi unha importantísima localidade no chamado Camino Real de Tierra Adentro, que discorría polas rexións mineiras novohispanas. No mesmo ano apareceu *Santiago de Compostela* como capital de Nueva Galicia e sede da Real Audiencia, que entrou en decadencia cando esta foi trasladada a Guadalajara.



Iconografía xacobeá en Santiago de Capula, Michoacán (México).  
Fotografías da autora.

En Centro América, despois de que en 1524 *Santiago de los Caballeros de León*, na actual Nicaragua, fose fundada por Francisco Hernández de Córdoba, mediada a segunda década do século XVI, chegoulle a vez a un asentamento

homónimo en Guatemala (hoxe Antigua) que foi fundado por Pedro de Alvarado sobre a antiga poboación de Iximché como asento da súa gobernación, e porque ademais, segundo afirmou o agostiño allaricense Felipe de la Gándara e Ulloa (1596-1676),

[...] les pareció un buen sitio para fundar una ciudad, y reconociendo las obligaciones que tenían con el Apóstol Santiago, aguardaron al día de su fiesta de veinticinco de julio, para dedicarle la ciudad y el templo que fundaron, poniendose por medio de su advocacion debaxo de su amparo, y defensa; de suerte, que aviendo reconocido muchas vitorias, que alcançaron por el favor, y assistencia de el patron de España Santiago, le consagraron Templo, y Ciudad à su Santo Nombre.

De la Gándara baseábase na crónica do seu paisano frei Antonio de Remesal, quen, partindo da información recollida no primeiro *Libro del Cabildo* de Guatemala, non só relatara esa primeira fundación de Santiago de los Caballeros de Guatemala, efectuada por Alvarado o 25 de xullo de 1524 e pola que adoptou precisamente o nome, senón tamén a segunda de 1527 no lugar que habería de ser o definitivamente estable. Segundo R. Plötz (1992), esta fundación respondeu a unha visión que tiveron as hostes de Alvarado ao pé do volcán de Agua. Carlos V concedeu despois á cidade o escudo que aínda hoxe conserva, descrito como “tres montes altos y en medio del volcán de Fuego y en lo alto el Apóstol del modo que apareció en Clavijo”. A cidade, destruída despois por unha explosión volcánica e trasladada por terceira vez en 1543, quedou dende entón baixo seu padroado.

Os territorios centroamericanos operaron, coma no seu día o Caribe, como núcleo de expansión cara ao sur. Nesta área, seguindo máis unha orde cronolóxica ca xeográfica, tras a fundación en 1534 de *Santiago de Quito* –que non é o Quito actual que apareceu baixo a advocación de San Francisco–, seguiron as derivadas da iniciativa de Sebastián de Belalcazar: *Santiago de Guayaquil* (1535) e o 25 de xullo de 1536, *Santiago de Cali*, no actual territorio de Colombia, entón Gobernación de Popayán, Reino de Nueva Granada. Ao longo do século XVI seguirían aparecendo outros Santiagos neogranadinos como o de Atalayas, na zona da actual provincia de Casanare, fundado en 1588 por Pedro Daza Segundo, neto dun dos capitáns de Gonzalo Jiménez de Quesada (Castro 2007, p. 303).

En Chile, o nome de *Santiago del Nuevo Extremo* foi o utilizado por Pedro de Valdivia para bautizar a fundación realizada en febreiro de 1541 á beira do río Mapocho, non só porque así o prometera cando partiu do Cuzco (Cárdenas 1993, p. 49), senón tamén porque así quedaba asociada a unha das “aparicións” do apóstolo sobre as que volveremos máis adiante.

O feito fundacional da futura cidade, da cal os seus habitantes serían coñecidos como *santiaguinos*, foi referido así nas *Crónicas de Chile* (Esteve 1960, p. 255):

Después de haberse dado fin a la batalla con tan felice .....lo primero que hicieron los cristianos fué dar gracias a Dios Nuestro Señor por merced tan .....tan declarada por su mano, y luego [...] mandó el general traer ante sí algunos de los indios que en ella habían sido presos, y los examinó haciendo escrutinio de las causas porque habían tan repentinamente desamparado el campo. A lo que respondieron que estando en su mayor coraje y certidumbre de su victoria, vieron venir por el aire un cristiano en un caballo blanco con la espada en la mano desenvainada, amenazando al bando índico, y haciendo tan grande estrago en él, tanto que se quedaron todos pasmados y despavoridos; [...] Y preguntándoles el general cuál de aquellos españoles que allí están era el que habían visto en el aire, clavaron ellos los ojos en todos los presentes mirándoles con grande atención a todos, y en particular a los más lucidos y señalados [...] y así lo dijeron por palabras expresas certificando que era hombre muy superior a todos ellos y que había hecho más que todos ellos juntos. Oyendo tales palabras y viendo tales ademanes, reconocieron los cristianos ser el glorioso Santiago el que había de socorro, y para certificarse más en ello [...], y, así lo llamaron todos por muy particular abogado suyo y Patrón del pueblo [...] pusieron luego mano en la obra a los doce días del mes de febrero de mil y quinientos y cuarenta y uno.

Con posterioridade, e en estreita relación coa expansión producida dende Chile –onde en 1567 se asentaría *Santiago de Castro* na illa de Chiloé por iniciativa de Martín Ruíz de Gamboa (Méndez 1993a, p. 91)– na actual Arxentina, o 25 de xullo de 1550 fundouse *Santiago del Estero*, centro capital do Tucumán na época colonial, que tres anos máis tarde foi trasladado de lugar. Os seus habitantes son chamados *santiagueños*. E, por outro lado, trinta anos máis tarde, tras a segunda fundación de Buenos Aires por Juan de Garay, en 1580, este ordenou a creación dun asentamento chamado *Santiago de Xerez*, na rexión do Guayrá, coa finalidade de poñer termo ao expansionismo portugués no Río da Plata pola indefinición dos límites entre as posesións de ambos.



En Venezuela, despois da fundación de *Santiago de los Caballeros de Mérida* (1558), sobre un enclave previo acerca do cal existen escasas probas documentais, Diego de Losada fundou a cidade de *Santiago de León de Caracas* en 1567. Segundo algúns autores, o nome derivou neste caso do da orde militar dos Cabaleiros de Santiago, creada no século XII polo rei de León, co fin de protexer os peregrinos que viaxaban a Compostela. E como a vila de orixe de Losada-Rionegro, onde ademais o patrón é o apóstolo-, pertencía ao antigo Reino de León, quixo convertelo tamén no de Caracas. Salvador de Madariaga, non obstante, argumentou, non sen certa retranscrición, que Losada quixo homenaxearse a si mesmo utilizando para a nova cidade o seu propio nome pero substituíndo Diego por Santiago, segundo a difundida lenda da etimoloxía popular que identifica os dous nomes. En calquera caso, contra finais do século XVI as autoridades coloniais caraqueñas solicitaron das metropolitanas o envío dunha imaxe onde figurase “puesto encima de su caballo blanco con su espada y esclavina de oro y azul” para non deixar lugar a dúbidas acerca da advocación baixo a que fora fundada a cidade (Cárdenas 1993, p. 48).

Pero ademais dos enclaves civís, dos que só citamos algúns exemplos, tamén foron moi numerosas as misións relixiosas que recibiron o nome de Santiago, especialmente as xestionadas polos xesuítas. Consérvanse aínda hoxe os restos da que foi unha das máis importantes reducións xesuíticas do Paraguai, denominada *Santiago* e fundada en 1669, que chegou a exceder os 3.500 habitantes. Un ano máis tarde, ás beiras do río Huallaga, preto da súa confluencia co Marañón, fundábase outra misión baixo o nome de *Santiago de la Laguna* (1670; Ullán 2007, p. 178), mentres que no outro extremo do territorio americano, xa no século XVIII, o xesuíta Ignacio María Napoli fundaba na baixa California do sur, sobre a costa do golfo, a *Misión de Santiago de los Coras* (1721), cuxo nome católico se superpón ao dos indíxenas daquel lugar.

Na análise dos motivos que influíron na expansión do topónimo é preciso reflexionar sobre a lóxica que propiciou que o nome de Santiago cruzase o Atlántico, que está estreitamente relacionada co seu mito. O papel xogado pola súa figura durante a Reconquista peninsular, que terminara xusto antes da primeira viaxe de Colón, o popular Santiago Matamouros, expresión acuñada tras a batalla de Clavijo, tivo fácil prolongación no Novo Mundo. Así, o apóstolo, como un elemento máis de representación do poder invasor, apoiado ademais pola Igrexa, participou das loitas dos conquistadores sempre ao seu favor, coa



*Santiago Matamoros*. Artista descoñecido/a. México 1575-1600.  
Hispanic Society of America

connotación relixiosa que iso ten, pero tamén como xustificación da ocupación pola vía da forza que implica. Santiago facíao todo sen escatimar ningún esforzo: adxudicaba vitorias –sempre para o mesmo bando– convertendo a crueldade en bendición; sinalaba lugares de asentamento e de construción de templos aos fundadores/poboadores ou revelaba presaxios de acontecementos que haberían de ser importantes para os invasores.

A representación característica do apóstolo brandindo a espada montado no seu cabalo branco –coa importancia ademais que este tipo de animal tivo como factor favorecedor da conquista–, en medio dunha luz resplandecente e cegadora, dominou moitas das expresións artísticas americanas e alimentou numerosos mitos relatados nas crónicas indianas. A arte escultórica e pictórica desenvolvida na Nova España, na escola cuzqueña, en numerosas representacións de Bolivia e Chile, así como nas misións xesuíticas do Paraguai, conta con magníficas expresións iconográficas ao respecto<sup>5</sup>.

<sup>5</sup> Con posterioridade, as representacións artísticas do Santiago guerreiro irán dando paso paulatinamente a outras manifestacións típicas do santo, como apóstolo e como peregrino.

As aparicións de Santiago durante a conquista de América, só comparables ás da Virxe á que frecuentemente tamén acompañaba o apóstolo<sup>6</sup>, aparecen practicamente en todas as modalidades da literatura histórica da etapa colonial, tanto da escrita, por parte daqueles que viviron a experiencia indiana, as famosas crónicas, coma daqueles que a observaron dende a Península.

Non é a nosa intención sinalar aquí a totalidade de alusións que unhas e outras realizan a ese “feito sobrenatural”, senón soamente realizar unha aproximación que permita dar conta do que Santiago e o seu mito significaron na mentalidade daquel tempo, por canto a aparición imprimía solemnidade ás xestas conquistadoras. E, ademais, como sinalou o excelente estudo de E. Cárdenas Guerrero (1993), correspondéronse cunha época impregnada do marabilloso e da mestura de fantasía e realidade, onde todo o inexplicable era traducido ao terreo do milagreiro como unha clara manifestación dos designios divinos.

Durante a conquista de México, nun dos primeiros combates de Cortés contra os indios maias e zoques de Centla, en 1518, Andrés Tapia, un dos homes de confianza do conquistador de México, na súa *Relación de algunas cosas de las que acaecieron al muy ilustre señor don Hernando Cortés, marqués del Valle, desde que se determinó a ir a descubrir en la Tierra Firme del Mar Océano*, fala dun auxiliar misterioso que por tres veces apareceu nun cabalo ruzo picado. O relato de Vicente Riva Palacio, epítome da historiografía do liberalismo mexicano decimonónico, nesa obra monumental que é *México a través de los siglos* (1880), resume perfectamente as interpretacións dos contemporáneos cando di:

Gomara dice que era Santiago, aunque Cortés quería que fuese San Pedro; pero el verídico Bernal Díaz hace la reflexión de que bien pudieron ser los señores apóstoles señor Santiago o San Pedro y que como pecador no fuese digno de verlos; pero a quién vio y conoció fue a Francisco de Morla en su caballo castaño.

Pódense mencionar ademais algúns exemplos da historiografía relixiosa galega que tamén abundaron nas aparicións do apóstolo a Hernán Cortés e a outros conquistadores de México. Tal é o caso do dominicano ourensán Hernando de Ojea, residente na Nova España durante as últimas décadas do século XVI, na

---

<sup>6</sup> Para o caso cubano, a historiadora Danislady Mazorra Ruiz, presentou unha interesantísima comunicación, aínda inédita, titulada “Santiago y la Virgen: primeras representaciones oficiales de Cuba”, no simposio *Santiago en América y los Santiagos de América: mito, toponimia y representaciones* do Congreso Internacional da Asociación Española de Americanistas. Os *Camiños de América*, celebrado en Santiago de Compostela en xuño do 2021 e mencionado con anterioridade.

súa obra *Historia del glorioso apóstolo Santiago, Patrón de España: de su venida a ella y de las grandezas de su Iglesia y orden militar*, escrita en México e publicada en Madrid en 1621; ou do mencionado Felipe de la Gándara e Ulloa quen, con inconfundible estilo barroco, alude tamén as numerosas aparicións de Santiago a Cortés, segundo súas propias palabras “animándome a la conquista de esta tierra y reducción de aquella gente bárbara”. Asegura ademais outras aparicións que tiveron lugar nas primeiras décadas do século XVII nos territorios conquistados no norte por Juan de Oñate e Gaspar de Villagra, onde a resistencia indíxena foi especialmente tenaz, sobre as que refire deste xeito:

[...] salieron quatro mil de ellos contra los setente christianos, y con el favor visible del Apostol Santiago quedaron muertos dos mil, y los demas huyeron [...], siendo Santiago el principal caudillo que obrò en esta ocasión, de quien dixeron los mismos Indios, que cegava con su gran resplandor.

O certo é que, segundo expón nun magnífico traballo o hispanista francés L. Cardaillac (2002), Santiago xa levaba moitos anos “aparecéndose” naquelas terras. A partir dos anos iniciais da expansión pola Nova Galicia, o apóstolo xa realizara favores a Nuño de Guzmán en varias das súas entradas pola zona que xustificaron a denominación do enclave de *Santiago de Tonalá*, segundo refire o frade franciscano Antonio Tello, un dos cronistas que máis abunda nas fazañas do santo (Campos 2016), na súa obra *Crónica miscelánea de la santa provincia de Jalisco* escrita en 1653:

Los de Tonalán y los de Coyolán, los nahualtecas, chiltecas (y) tzitlaltecas, que son cinco pueblos, fueron los que salieron al encuentro a los españoles y comenzaron a pelear con ellos, con sus arcos, chimalas y macanas; el capitán Nuño de Guzmán mandó a sus capitanes y amigos se pusiesen a punto de guerra para castigar a aquellos traidores [...] y viendo que no aprovechaba, acometieron y tuvieron una reñida y sangrienta batalla, y en este puesto los desbarató el apóstol Santiago a vista de nuestro ejército y del de los yndios, y fue la primera aparición del santo Apóstol en el Nuevo Reino de la Galicia [...] y en memoria de esta aparición del apóstol Santiago, después, el padre Fr. Antonio de Segovia, religioso franciscano y apóstol de estas gentes, hizo una capilla en el cerro, donde fue visto el Santo, y con la poca devoción y gran descuido se perdió esta memoria. Esta es verdadera tradición de los conquistadores y de los yndios que experimentaron en sus cuerpos las heridas de la espada de Santiago, y después los heridos y lisiados, publicando la maravilla, pedían limosna por las calles, y se puso al pueblo de Tonalan, por título santiago de Tonalán.

Cristóbal de Oñate foi outro dos privilexiados en 1541 na arriscada xornada da toma do Mixtón onde, coa axuda do vicerrei Antonio de Mendoza, pero “sobre todo” coa de Santiago, logrou vencer a resistencia indíxena.

Igualmente, no Perú, tras o levantamento de Manco Capac en 1536, Hernando Pizarro celebrou a recuperación do Cuzco erguendo un pendón coas imaxes da Virxe e o apóstolo Santiago en agradecemento aos seus favores. É que, de novo segundo Felipe de la Gándara e Ulloa, verdadeiro apaixonado do tema, Santiago se lle aparecera ao estremeño “algunos días continuos” axudándoo a vencer. Na súa obra *El Cisne Occidental canta las palmas y triunfos eclesiásticos de Galicia, ganados por sus hijos* (1678), relata que “se manifestaron estas apariciones en la Ciudad de el Cuzco, Cabeça del Imperio de los Ingas, que cercandola Mana Inga, con mas de dozientos Indios [...], el Apostol Santiago à sus Españoles, que no eran mas de dozientos, y mataron innumerables Indios”.

De la Gándara baseábase nas crónicas do Inca Garcilaso (1539-1616) que relatara así a aparición de Santiago: “lo vieron los españoles y los indios encima de un hermosos caballo blanco [...] y en la mano derecha una espada que parecía relámpago, según el resplandor que daba de sí”, para engadir que “los indios [...] unos a otros decían: «¿Quién es aquel *viracocha* que tiene la *yllapa* en la mano?» [...] ahogábanse de unos a otros huyendo de aquella maravilla” (Garcilaso 1973, p. 189). Sobre este suceso, De la Gándara, no seu comentario sobre a narración do Inca, engade que “refiere tambien dicho Autor, que dedicaron los Christianos la ciudad de el Cuzco al Apostol, y que celebran su fiesta con mucha solemnidad, y que pintaron al apostol de la suerte que avia aparecido”. Por outra banda, segundo Cardaillac (2002), outros cronistas da conquista de Perú, como Pedro Pizarro (1515-1602), Cieza de León (1520-1554) ou Huamán Poma de Ayala (1534-1615), tamén refiren a aparición do Cuzco dotada ademais dun elemento de identificación coas crenzas indíxenas ao comparalo con Viracocha, o antepasado heroe dos incas que era para eles case un deus. A iso únese ademais a asimilación co trono que claramente derivaba do estrondo efectuado polos disparos dos arcabuces, que tamén podemos atopar noutros lugares de América.

A teor do exposto pódese afirmar que o santo nunca estaba ocioso, xa que no mesmo ano en que axudaba a Pizarro na toma da capital incaica, aparecía asemade nas terras da actual Colombia onde, segundo a crónica de Antonio de Herrera (1549-1626), o capitán que recoñecía a provincia de Cartagena enfrontouse con éxito a vinte mil indios grazas á súa intervención. Porque, como

subliña o inefable De la Gándara na obra mencionada máis arriba: “sus apariciones fueron innumerables y se pierde la cuenta de las apariciones del Patrón de España en las conquistas de las Indias”. De feito, en Chile, segundo a crónica do galego Pedro Mariño de Lobeira (1528-1594), o triunfo dos españois sobre os indios aparece tamén asociado en máis dunha ocasión á aparición da Virxe e do apóstolo Santiago. E así mesmo, segundo a tradición venezolana, parece que tamén o fundador de Caracas, á sazón bautizada, como dixemos, baixo a advocación de Santiago, invocou o seu nome durante a cruenta batalla de San Pedro contra os indios teques.

A participación de Santiago no imaxinario da conquista pola vía da forza tivo a súa correspondencia na chamada *conquista espiritual*. Ademais, cando o seu efecto, xa fose voluntario ou forzoso, foi xa unha realidade, o mito de Santiago foi incorporado por parte dos indios cristianizados que fixeron uso del como o fixeran os españois inicialmente. De feito, e como exemplo, segundo o historiador xesuíta uruguaio Juan Villegas, o apóstolo era invocado polos indios guaraní nos seus enfrontamentos contra os bandeirantes paulistas, convencidos de que un santo de tanto prestixio, demostrado abondo ao longo dos tempos coloniais anteriores, non lles negaría o seu favor nunha loita xusta. Dalgún modo, como se pode observar, trátase da reinterpretación do mito para, paradoxalmente, pasar de ser vencidos a converterse en vencedores.

Non menos frecuente foi que ao seu culto se asociasen festas tanto de relixiosidade oficial coma popular. Iso xustifica, por citar só un caso, que no norte de Porto Rico, no enclave de Loíza, aínda exista a tradición de festexar a Santiago, aínda que non é o seu patrón oficial, en conmemoración da protección ofrecida aos españois durante os levantamentos caribes do século XVI contra a poboación de Santiago Daguao, fundada por mandato de Diego Colón. O vinte e cinco de xullo celébrase en Loíza unha procesión na que desfilan tres imaxes talladas de Santiago: a dos homes, a das mulleres e o “Santiaguito” dos nenos, para despois representar unha batalla contra as forzas do mal simbolizadas por máscaras cornudas. Esta celebración boricua garda certos paralelismos con outras da República Dominicana, Cuba e a área caribeña de Colombia, curiosamente todas elas, como Porto Rico, moi abundantes en poboación negra. E é que a proxección relixiosa de Santiago Zebedeo transcendeu incluso a outros compoñentes das etnias que posteriormente á conquista conformaron a poboación americana. En Haití, onde existe un municipio denominado *Santiago* no distrito de Inche, ade-

mais de ingrediente da relixiosidade católica popular, chegou a formar parte das prácticas de vodú incorporadas pola poboación negra. Identificado co guerreiro africano Iwa Ogun, cuxo cerimonial de peregrinación ten lugar o 25 de xullo na coñecida como *Lagoa de Santiago*, o *Matamouros* converteuse a partir da época da independencia de Francia nun referente importante das prácticas de vodú no territorio haitiano. En Cuba aplícase tamén ese tipo de sincretismo relixioso de asociar a Santiago con algúns elementos do extenso panteón africano, diversificado ademais pola extraordinaria variedade de ritos da santería, traducidos nun elenco non menor de representacións artísticas no campo da danza e outras manifestacións lúdico-relixiosas de carácter popular.

En resumo, Santiago, a súa representación e o seu culto constituíron un ingrediente moi importante no imaxinario cultural e relixioso do mundo colonial, que, no entanto, perdeu certa importancia na medida en que a forxa da conciencia crioula foi adquirindo novos elementos “máis americanos” aos que venerar.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Cagiao Vila, Pilar e Pazos Pazos, María Luisa (2007). Galegos en Indias (séculos XVI-XVII). En: *Galicia e o mundo colonial americano*. T. IX, vol. 1, de Xosé Ramón Barreiro Fernández e Ramón Villares Paz, eds. *A Gran Historia de Galicia*. A Coruña: Arrecife Edicións Galegas.
- Campos Moreno, Araceli (2016). Maravillas y prodigios en la crónica de fray Antonio Tello. *Revista de Literaturas Populares*, XVI (1 e 2), 13-30.
- Castro Roldán, Andrés (2007). Santiago de las Atalayas: una ciudad de la frontera en el Nuevo Reino de Granada (xvi-xviii). *Fronteras de la Historia*, 12, 301-339.
- Cardaillac, Louis (2002). *Santiago Apóstol. El Santo de dos Mundos*. México: El Colegio de Jalisco.
- Cárdenas Guerrero, Eduardo (1993). Santiago na alma relixiosa de Indias. En: *Santiago e América: [exposición no] Mosteiro de San Martiño Pinario*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 36-53.
- Esteve Barba, Francisco, ed. (1960). *Crónicas del Reino de Chile*. Madrid: Ediciones Atlas.
- Garcilaso de la Vega, Inca (1973). *Comentarios reales de los Incas*. Lima: PEISA.

- Guerra Vilaboy, Sergio (2021). Los dos primeros Santiagos de América. En: Patricia Calvo González, Eudald Cortina Orero e Valeria González Lage, coords. *Los caminos de América*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Méndez Martínez, Gonzalo (1993a). O nome de Santiago na cartografía americana. En: *Santiago e América: [exposición no] Mosteiro de San Martiño Pinario*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 88-92.
- Méndez Martínez, Gonzalo (1993b). Santiago na toponimia americana. Relación de topónimos vinculados a Santiago e América. En: *Santiago e América: [exposición no] Mosteiro de San Martiño Pinario*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 93-115.
- Millet, José (1999). *El rostro de Santiago Apóstol en Cuba*. Santiago de Compostela: Fundación Eugenio Granell.
- Plötz, Robert (1992). Santiago en América. En: María Xosé Rodríguez Galdo, dir. *Galicia e América: cinco siglos de historia*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 54-57.
- Santiago, Pedro Julio, Campillo Pérez, Julio G. e Dobal, Carlos (1997). *El primer Santiago de América*. Santo Domingo: Academia Dominicana de la Historia.
- Ullán de la Rosa, Francisco Javier (2007). Jesuitas, omaguas y yurimangas y la guerra hispano-lusa por el alto Amazonas. Para un posible guión alternativo de “La misión”. *Anales del Museo de América*, 15, 173-190.





# III

## A onomástica do Camiño na aula

*Día a día facemos o Camiño da Ría.*

Patrimonio material e inmaterial no Camiño da Ría Muros-Noia  
ao seu paso por Ames

/ M.<sup>a</sup> CARMEN LIÑARES

*Imos por Ames.*

Un percorrido didáctico polo Camiño Portugués en Ames

/ LUCIANO FERNÁNDEZ MARTÍNEZ



*Día a día facemos o Camiño da Ría.*  
**Patrimonio material e inmaterial no Camiño  
da Ría Muros-Noia ao seu paso por Ames**

M.<sup>a</sup> Carmen Liñares  
*CEIP Agro do Muíño*

Promover o coñecemento da contorna, tanto a nivel ambiental como patrimonial, entre o noso alumnado é unha aposta necesaria para construír a identidade e o sentimento de pertenza a un lugar, así como un achegamento motivador para traballar o currículo abordándoo dende un punto de vista dinámico e práctico.

Podemos pasar centos de veces por un mesmo sitio e non darnos conta de que nese traxecto hai moitos elementos da nosa cultura, do noso patrimonio e tradición que descoñecemos e que, non obstante, temos diante e falan de nós.

Interesarse por aquilo que temos á altura dos nosos sentidos é a base para respectalo, protexelo e poñelo en valor.

O patrimonio é preciso coñecelo e tratalo como un contido máis, xa que axuda ao alumnado a achegarse á realidade histórica, á sociedade, á cultura... A contorna e a vida cotiá non deben quedar fóra do coñecemento. Como docente gústame espertar o interese e a curiosidade dos nenos polo que os rodea e que sintan a necesidade de seguir aprendendo. Constató dúa a dúa que o alumnado non coñece o medio en que vive e que, dende o momento en que o fai, o valora moito máis.

A abordaxe nas aulas do patrimonio pode ser levada a cabo a través da aprendizaxe baseada en proxectos (ABP), integrando as diferentes áreas de coñecemento que se recollen no currículo.

O proxecto que aquí presentamos encádrase dentro do Plan Proxecta da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, dentro do apartado de Educación Patrimonial, na modalidade “Mirando polo Camiño”.

## 1.

Aínda que no presente proxecto de investigación partimos da área de lingua galega, no seu desenvolvemento intercálanse outras materias; isto é algo natural, xa que o coñecemento non se fai por compartimentos estancos. Neste proxecto non só foron importantes os coñecementos adquiridos, senón todo o proceso e o camiño percorrido co alumnado.

Ademais, acometeuse nunha época de pandemia, onde o día a día nas aulas estaba moi limitado e, por suposto, tamén o estaba a forma de organizar as distintas actividades. Tivemos que adaptarnos aos protocolos establecidos para a covid-19, polo que un dos puntos importantes da metodoloxía, que sería o traballo en equipo, estivo restrinxido, do mesmo xeito que tamén se restrinxiron as actividades no interior. Só se fixo algunha ao final de curso, cando a situación epidemiolóxica estaba máis controlada. Iso si, sempre respectando os protocolos establecidos de hixiene e distanciamento social. Foi moi satisfactorio comprobar, así e todo, que isto non nos freou para levar a cabo o noso traballo.



Camisetas deseñadas polo alumnado para o proxecto

Como o alumnado non podía saír a investigar en equipo, foron as familias as que acompañaron os seus fillos/as, conseguindo así outro importante obxectivo que non se pretendía inicialmente: que tamén as familias fosen coñecendo a contorna e ao mesmo tempo se involucrasen na aprendizaxe dos seus fillos/as participando nas actividades do centro escolar.

Desenvolveuse nas tres unidades de 4º de Primaria en que eu era a mestra de lingua nun dos grupos; un total de 52 alumnos/as con quen traballamos e nos divertimos cada día. Participaron tamén as titoras das outras dúas aulas e as especialistas de música e educación física, coordinando as actividades por grupos burbulla.

O CEIP Agro do Muíño pertence ao concello de Ames. Por este concello discorren dúas vías do Camiño de Santiago: o Camiño Portugués e o Camiño de Fisterra-Muxía.

A principios do curso 2020-2021, o centro determinou traballar, como proxecto documental anual e partindo do equipo da biblioteca, o Camiño de Fisterra-Muxía. Con esta idea achegueime ao Concello para solicitar material bibliográfico, como un dos recursos de información nas aulas.

Nunha conversación informal co concelleiro de Turismo son coñecedora de que o Concello de Ames, xunto con outros oito, levan varios anos achegando documentación histórica para facer realidade un novo, e polo tanto terceiro, camiño de peregrinación que atravesa este concello: o Camiño de Santiago pola Ría de Muros-Noia, que pasa polas parroquias de Ortoño, Bugallido e Biduído.

Un minucioso traballo de investigación realizado durante tres anos, baixo a dirección do arqueólogo Mario César Vila, o arquitecto Marcial Rodríguez e o urbanista Javier Harguindey, supuxo a declaración oficial como Ruta Xacobeá — neste caso marítima — o 15 de decembro de 2020 deste trazado. Esta ruta era utilizada polos ingleses que, navegando, chegaban aos portos de Muros, O Porto do Son, O Freixo de Sabardes e Noia para logo facer a pé o camiño ata Compostela polos concellos de Lousame, Rois, Brión e Ames.

Aproveitando que a nova Ruta Xacobeá pasa a menos dun quilómetro do noso centro, quixemos ser partícipes do seu recoñecemento involucrándonos no seu estudo e facendo o seu percorrido polo menos no tramo que atravesa o noso concello. Sentiamos que estabamos facendo historia, ao ser dos primeiros en retomar este traxecto dende había séculos. Cando comezamos co seu estudo aínda non era oficial o seu recoñecemento.

O primeiro paso consistía en saber por que este camiño ía ter consideración de Ruta Xacobeá e posteriormente saber que pasos deron os concellos implicados para volver activar este camiño esquecido na historia.

## 2.

Partindo dunha metodoloxía baseada na investigación e na busca de información activa e cooperativa, comezamos mergullándonos na rede. Fomos familiarizándonos con diferente terminoloxía sobre lugares, documentos, acontecementos e persoeiros, como o *Portus Apostolis*, as cartas de *pobrança*, a escuadra de *Dartmouth*, o comerciante veneciano Pietro Querini... Estes aspectos foron a pedra angular que marcaron o camiño:

No ano 1147 chegaron ao esteiro do Tambre máis de 200 embarcacións que procedían de Gran Bretaña, Borgoña e Alemaña. A escuadra dirixíase a Terra Santa e permaneceu varios días atracada na ría por mor do temporal. A documentación deixa constancia de que antes de arriar peregrinaron ata Santiago de Compostela.

Outro feito relevante foi o percorrido accidentado que o comerciante Pietro Querini fixo dende Italia ata chegar ao Porto de Muros. Deixa constancia nos seus escritos que dende esta localidade foi peregrinando a Santiago entre o 1431 e 1432.

Na investigación feita para obter a declaración oficial do Camiño da Ría de Muros-Noia, tamén se engade outro documento: unha carta do emperador Carlos V dirixida ao gobernador en Galicia. Nela fala dun grupo de 50 peregrinos que chegaron ao porto de Muros no ano 1524 e que foron apresados polo xuíz. O emperador esixía ao gobernador a liberación de ditos peregrinos e aseguraba que só eran romeiros que ían visitar a tumba do Apóstolo.

Por último, a carta de *pobrança* da fundación da vila de Noia, outorgada no ano 1168 por parte de Fernando II ao bispo de Compostela, recolle a protección para os barcos que levasen peregrinos e amosa que Noia era o porto de Compostela (*Portus Apostolis*), un dos portos máis importantes de Galicia ata o século XVI.

## 3.

O seguinte cometido foi investigar nas hemerotecas dixitais dos xornais galegos todos os pasos que foron dando os concellos polos que pasa o camiño ata chegar ao recoñecemento oficial.

O primeiro documento que atopamos é unha noticia do ano 2015 publicada en *La voz de Galicia*, na que se fai mención da creación da Asociación de Amigos do Camiño de Santiago. A partir desta noticia imos observando toda unha serie de logros ao longo do tempo ata chegar ao recoñecemento oficial da nosa ruta: pónense en coñecemento da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural os pasos dados e os datos históricos que demostran que o Camiño pasaba por esta ría; celébranse reunións cos demais concellos por onde discorre, preséntase en Roma o Camiño Inglés da Ría de Muros-Noia... E xa no verán de 2020 acórdase, nunha reunión coas autoridades eclesiásticas en Santiago de Compostela, proceder á sinatura dun convenio que garanta aos peregrinos que sigan este trazado a obtención da *Compostela*, xa que é un camiño inferior aos cen quilómetros. Finalmente foi recoñecido en decembro do mesmo ano 2020.

#### 4.

Rematada a investigación documental, onde se deixa constancia de que ese camiño existiu e de como foi recuperado polos concellos por onde pasaba, tiñamos que investigar cal era o seu itinerario no noso concello e ir vendo todos os elementos patrimoniais, tanto artísticos coma naturais, que nel hai, sen esquecer outro gran patrimonio, neste caso inmaterial: a toponimia. Manexando o *Google Maps* fomos vendo por onde entra o camiño no concello de Ames e os nomes das aldeas e parroquias por onde discorre ata chegar a Santiago. Foi a partir de aquí cando comezamos a facer o estudo de campo.

Despois de fixar que elementos de patrimonio había no camiño, a cada alumno tocoulle traballar un deles. Cada neno/a debía ir visitar, acompañado polos seu maiores, esa mostra do patrimonio (cruceiros, pombais, lavadoiros, capelas, igrexas, petos de ánimas...) e logo de investigar sobre el, debían expoñer os resultados das súas investigacións

Tamén estudamos elementos naturais como o río Sar, as Brañas da Devesa (Rede Natura 2000) e as carballeiras. Para a súa investigación partimos da web do concello de Ames, que recolle todos estes elementos do patrimonio relixioso, civil, arqueolóxico e natural.





Visita ás Brañas da Devesa (Río Sar)

A finais do 2º trimestre comezamos a facer saídas dende o centro ata os diferentes puntos de interese. A finalidade era que o propio alumnado fixese de guía turística e fosen eles mesmos quen lles explicasen aos seus compañeiros os coñecementos adquiridos no proceso de documentación e recollida gráfica.

## 5.

Rematada esta parte, comezamos co estudo dos nomes dos lugares e aldeas polas que pasa o camiño. Mergullámonos na toponimia. Foi esencial contar cun libro imprescindible para o seu estudo: *A toponimia de Ames* de Xosé Ramón López Boullón, da colección Terra Nomeada, e posteriormente coa esclarecedora visita do autor ao centro.

Teño que dicir que eu non son ningunha estudosa desta disciplina pero que sempre me suscitou grande interese e curiosidade saber a procedencia dos nomes dos lugares da miña contorna. O pouco que coñezo débese á miña inquedaanza por procurar información na rede, nalgunha publicación e, sobre todo para este traballo, no libro de López Boullón, a cuxa presentación asistín hai un par de anos e que espertou en min a necesidade de levalo ás aulas para un primeiro achegamento a esta ciencia.

Comezamos traballando diferentes termos imprescindibles para abordar a temática: *topónimo*, *toponimia*, *microtoponimia*, *macrotoponimia*, *fitotopónimo*, *hidrotopónimo*, *zootopónimo*, *antropónimo*...



Traballo do alumnado sobre toponimia

Foi sorprendente comprobar o gran potencial didáctico que ten a toponimia e o interese que suscitou no alumnado, porque ademais de coñecer a procedencia dos lugares onde vivía cada un, derivou tamén, sen pretendelo, no descubrimento da orixe de moitos dos seu apelidos, o que lles produciu unha gran satisfacción.

Saber o significado do nome dos lugares onde viven e que lles son familiares contribúe a espertar o sentimento de apego, pertenza e integración nunha determinada comunidade, identificándose cun espazo e lugar concreto. Neste senso, e sobre todo a microtoponimia, permite ao alumnado o coñecemento exhaustivo do territorio que o rodea e onde se desenvolve no seu día a día. É de grande utilidade e riqueza a información proporcionada polos topónimos xa que non só aprenden os nomes de lugares, senón tamén botánica, zooloxía, historia, xeografía... É dicir, a toponimia permite a súa utilización dende un punto de vista multidisciplinar.

O procedemento para levar a cabo o estudo de cada lugar por onde pasa o Camiño no concello de Ames foi similar ao utilizado para estudar o patrimonio artístico e natural.

Despois de ir sinalando no mapa os lugares do percorrido, cada neno/a elixiu un deles para estudar. Tiñan que facer un pequeno resumo do seu significado axudados da bibliografía facilitada por min e de pescudas na web. Tamén terían que expoñérllelo aos demais alumnos da aula.



### Aprendemos os nosos xentilicios

Así, foron descubrindo que os nomes de lugares están enlazados coa xeografía, cos animais, coas plantas, cos nomes de persoas, coas características do terreo... Sorprendeulles que moitos estivesen relacionados coa auga, por outro lado normal, xa que pola zona pasan varios ríos e regatos que dan lugar a nomes como *A Maía*, *Ames*, *Tambre*, *Sar*, *Brañas da Devesa*... Asemade, comprenderon por que o noso patio, asentado nunha braña, está sempre anegado no inverno, coñecedores xa do significado desa característica do terreo.

Por suposto tamén analizamos a denominación do noso centro, *Agro do Muíño*, (fermoso nome e moi acaído polo seu emprazamento relacionado coa actividade agrícola), así como o lugar onde se atopa, *As Cortes*.

Aínda que cada un traballou un topónimo, na posta en común na aula descubriron a súa relación entre eles. Ademais dos hidrotopónimos xa mencionados foron observando que outros procedían do relevo ou da constitución do terreo (*Outeiro*, *Barreiro*, *Lapido*, *Val [da Maía]*...); de nomes persoais ou antropónimos (*Bertamiráns*, *Fraíz*, *Framil*, *Mourigade*...); relacionados coa flora e vexetación (*Biduido*, *Bugallido*, *Carballido*...) ou que eran zootopónimos como *Cantalarrana*.

Nese percorrido concreto do Camiño de Santiago da Ría de Muros-Noia, merecen un aparte os topónimos relacionados coa nomenclatura eclesiástica ou haxiotopónimos. Seguindo a orde, dende que entramos no concello de Ames en dirección a Santiago, atopamos o *Cruceiro de Cantalarrana*, o lugar chamado

*O Santo, a Igrexa de Ortoño, o Peto de Ánimas de Maguxe, a Capela da Mercé de Lapidó co seu cruceiro e a Capela da Nosa Señora do Carme, no Outeiro. Ademais das vías que unen uns núcleos de poboación con outros, Ames foi e é un importante lugar de tránsito, xa que no seu territorio artículáanse tres camiños de peregrinación (o Camiño de Fisterra-Muxía, o Camiño Portugués e o Camiño da Ría de Muros-Noia), por onde transitaban carruaxes, animais, arrieiros, viaxeiros... Existe polo tanto toponimia relacionada con esta rede viaria (*Carreira, A Rúa, o Camiño dos Arrieiros...*) e tamén nomes que conteñen os elementos *ponte, pontella, paso, porto...* Unha desas pontes está preto do colexio, a *Ponte da Condomiña*, termo que significa ‘terra de dominio compartido entre varios donos ou señores’. Falaríanos semanas despois o arqueólogo Mario César, cando visitamos con el as ruínas medievais das Torres de Altamira, sobre a posible relación deste topónimo coa familia Moscoso e a Casa de Altamira, nobres con pazo en Santiago e castelo fortaleza en Brión. A xurisdición de Altamira incluía dúas das parroquias polas que discorre o camiño: Ortoño e Bugallido.*



Co arqueólogo Mario César Vila visitando as Torres de Altamira

Aclarouse co alumnado o xentilicio do seu concello, algo que ao longo do tempo levou a confusión, xa que era utilizado popularmente por erro o xentilicio amiense para os nativos de Ames, cando o correcto sería amesá/n, pois os amienses son os nados no barrio compostelán de Amio.

O colofón a este pequeno pero intenso estudo da toponimia no camiño da ría foi a visita de Xosé Ramón López Boullón ao centro. O alumnado puido interactuar con el. Respondeu ás súas dúbidas e fíxolles entender o necesario que

é conservar todos eses nomes que forman parte tamén do noso patrimonio e que non deben quedar esquecidos no tempo.



Xosé Ramón López Boullón interactuando co alumnado sobre toponimia

## 6.

Despois de acometer o estudo do noso pequeno trazado do Camiño da Ría Muros-Noia dende diferentes puntos de vista patrimoniais, programouse como primeira saída o percorrido dun pequeno tramo do camiño dende o límite do concello de Brión ata preto do noso centro, arredor duns 5 quilómetros.

Acompañounos o arquitecto Marcial Rodríguez para facilitarnos información de primeira man, xa que, como se mencionou máis arriba, foi colaborador da investigación do Camiño da Ría. Antes de saír mostroulle ao alumnado en fotos antigas a evolución da vila de Bertamiráns, dende que era unha aldea con poucas casas, hortas, leiras e unha estrada que a cruzaba, ata o día de hoxe, con edificios de tres plantas e distribuído en rúas. Reflexionamos sobre o difícil que é facer o trazado exacto do camiño primitivo, pois agora hai novas construcións onde antes era zona de paso e, nalgúns tramos, se se respecta a ruta inicial, sería un percorrido moi sinuoso.

Houbo que preparar ben a andaina, xa que hai zonas que van pola estrada, sen beirarrúas. Foi preciso pedir a colaboración de Protección Civil, á que lle agradecemos enormemente a súa profesionalidade e bo trato co grupo. Sen este

apoio loxístico non poderíamos facer nin este tramo máis curto nin a romaxe a Santiago, actividade de peche e produto final de todo este estudo.

No roteiro iamos parando onde había puntos de interese, tanto do patrimonio artístico coma natural ou toponímico que xa tiñamos traballado na aula. O alumnado que facía de “guía turística” ía explicando cada elemento ao resto do grupo, coas puntualizacións expertas de Marcial.

Atravesamos a *carballeira de Carballido*, observamos o cruceiro de *Cantalarrana*, cruzamos a *Ponte da Condomiña* sobre o río Sar, visitamos a casa de Rosalía de Castro, paramos no *Cruceiro do Santo*, na *Igrexa de Ortoño*...

A saída máis relacionada co noso patrimonio natural fíxose preto do centro: a visita ao río Sar e ás Brañas da Devesa. Coas intervencións do alumnado “guía” e a técnica de Medio Ambiente do Concello de Ames fomos facendo un percorrido e explicando ao resto do alumnado a importancia desta zona húmida dentro da Rede Natura 2000. O alumnado proporcionou datos sobre a fauna e a flora e, polo tanto, sobre a necesidade de conservala.



En sintonía coa carballeira

Outras das visitas realizadas, xa mencionada, foi feita dende un punto de vista arqueolóxico da man de Mario César: transportounos a outras épocas a través da historia, da arquitectura e da arte na visita ao Castelo da Rocha Forte, aos petróglifos de Monte Castelo e ás Torres de Altamira.

7.

O produto final de todo este estudo ao longo dun curso foi a andaina do último tramo do Camiño dende o noso centro ata chegar á Catedral de Santiago (uns 11km), actividade que tivo repercusión nos medios de comunicación.

Volvemos contar coa colaboración do Concello de Ames, que achegou o custo dunhas camisetas deseñadas na aula co título do noso proxecto e a serigrafía dun traballo de plástica sobre o coidado medioambiental do camiño. Tamén nos xestionaron de novo a seguridade a través de Protección Civil.



Chegada a Santiago. Fin do traxecto/proxecto

Penso firmemente que fóra das aulas, con actividades prácticas e lúdicas, e polo tanto motivadoras, é onde o alumnado é consciente do que está aprendendo, pois faino a través das vivencias. Ao vivir a propia experiencia interiorizamos de forma significativa. Estas aprendizaxes, ademais, quedarán na nosa memoria acompañadas dunha importante pegada emocional.

Foi tamén moi gratificante ver o sorriso dos nosos nenos e nenas realizando saídas despois dun ano de medidas tan restritivas para os máis pequenos; un curso difícil cun protocolo que cumprir afastado das relacións sociais, das apertas, dos xogos, dos avós nalgún caso... Este proxecto foi unha vía de escape para poder gozar ao aire libre momentos máis distendidos, á vez que absorber coñecementos sen case darse conta. O Camiño de Santiago da Ría de Muros-Noia foi tamén un camiño de aprendizaxe.

## ***Imos por Ames. Un percorrido didáctico polo Camiño Portugués en Ames***

Luciano Fernández Martínez  
*IES do Milladoiro*

Presentamos a seguir a nosa experiencia de participación no deseño e aplicación na aula de materiais e propostas, baixo o modelo das secuencias didácticas, co seu centro de interese posto nos nomes de lugar máis próximos. Trátase dunha práctica que se efectuou nos dous últimos cursos no marco do labor colectivo do IES do Milladoiro, que impulsou diversos proxectos colaborativos e abertos á contorna para a posta en valor da toponimia.

### **OS PROXECTOS DE CENTRO**

O proxecto *Imos por Ames* foi unha aposta pola interdisciplinaridade, no curso 2019-20, co achegamento ao territorio a partir dos nomes dos lugares. Vehiculouse dentro dun Contrato Programa e arrincou asociado á decisión do Concello de potenciar a presenza da toponimia como recurso educativo. Precisamente este acababa de organizar, en setembro de 2019, en colaboración coa Real Academia Galega, unhas ambiciosas xornadas sobre este ben colectivo. Entre os seus obxectivos estaba, xustamente, servir de punto de partida para proxectos colaborativos que, desde o ámbito do ensino, implicasen a sociedade no proceso de normalización lingüística.

Participaron neste proxecto tres departamentos, Lingua galega, Xeografía e Historia e mais Matemáticas, así como o EDLG. En total, doce docentes. A iniciativa partiu de Valentina Formoso, responsábel do Equipo de Dinamización e relatora nas xornadas citadas, xunto con Milagros Diéguez, profesora de Matemáticas, e conseguiron aglutinar profesorado xa implicado no centro –e maioritariamente cun longo percorrido– na metodoloxía de aprendizaxe cooperativa e mais a través do traballo por proxectos.



Como produtos finais, pretendeuse realizar de inicio infografías, guías audiovisuais para o percurso polos camiños de Santiago en Ames, roteiros matemáticos, vídeos informativos sobre os nomes e as formas de vida nos diferentes lugares, letreiros rotulados e mapas en cartón pluma con información toponímica. No primeiro trimestre organizáronse os grupos de traballo, deseñáronse as actividades centrais, recompiláronse e perfiláronse os materiais e iniciouse a cartelería. No segundo trimestre desenvolvéronse as actividades nas diferentes materias, mais a secuencia de Lingua quedou cortada en boa medida, na súa fase final, polo confinamento. O terceiro trimestre estaba destinado á saída para percorrer os roteiros, coa gravación das exposicións do alumnado, e á exposición dos resultados no centro, cousa que, evidentemente, non puido realizarse.

Desde o seu propio deseño, tívose moi en conta o especial contexto do centro. No IES do Milladoiro percíbese de xeito notorio que o alumnado non está asentado no territorio que habita. E iso acontece por varias causas evidentes. O concello está constituído por parroquias rurais, en xeral pouco habitadas, e dous núcleos de poboación que medraron espectacularmente desde a década dos 90. O Milladoiro, en concreto, funciona como cidade dormitorio de Santiago de Compostela e como urbe de acollida da poboación inmigrante. Así, o número de familias chegadas nos últimos trinta anos doutros puntos de Galicia e de diferentes países é enorme. Nesa situación, a maioría do alumnado (e do seu contorno social) posúe un coñecemento e unha percepción do territorio moi limitados.

O proxecto xorde, entón, como forma de integración no medio ante o desarraigo e a aterraxe recente, ante o descoñecemento do contorno, non só xeográfico e histórico, senón tamén lingüístico, e non unicamente no tocante ao caudal léxico. Sempre na busca da formación creativa e da significatividade en traxectos que partan da realidade próxima. Un estudantado, como dixemos, en boa parte foráneo e pertencente na súa absoluta maioría (nalgúns aulas o 100%) a familias de recente asentamento no núcleo urbano requiría facilitar a identificación coa contorna. Este factor determinante contribuíu a asentar a preocupación por situar o labor nas coordenadas do presente.

Pareceunos fundamental, nese contexto, enfocar o Camiño como recuperación e recreación con valor para o futuro, non como resto dun pasado que revisitar e tripar unicamente. Centrarnos en como nomeamos e como percorrer mellor o territorio para ampliar as aprendizaxes. Necesitabamos ligar o achegamento á toponimia coas formas de comunicación actuais mediante a produción

de textos do ámbito social, máis alá do académico. Nin a investigación nin o rexistro podían ser as vías principais de traballo, aínda que non as arrombásemos. Ademais, á marxe dos niveis implicados (primeiros cursos da ESO) e das dificultades de contacto con informantes, as publicacións especializadas e as achegas xa efectuadas na aplicación *Galicia Nomeada* –con máis de 6.000 topónimos e microtopónimos do concello– cubrían abondo os espazos.

Dese xeito, precisabamos crear produtos útiles, atractivos e que enriquecesen o camiño, tal que infografías cos modos de designación do territorio, mapas ilustrados ou guías de percorridos. Por outro lado, quixemos atender na medida do posíbel aqueles topónimos con termos vivos malia que en desuso ou sen valor referencial, pero que hoxe se poden conservar nun desenvolvemento económico e urbanístico que respecte o medio. Así mesmo, era imprescindible amosar como se manteñen e mesmo reutilizan estes nomes hoxe en núcleos urbanos: en rúas (rúa Codeseira, rúa Agro da Vella...), en designacións non toponímicas (Asociación cultural Pedra da Mira...) etc. E mesmo imaxinar como poderíamos renomear agora determinados espazos devastados ou transformados.

Para o manexo da información clave contamos co apoio do volume de Xosé Ramón López Boullón *Toponimia de Ames* (2019) e mais as valiosas revisións do noso material a cargo de Vicente Feijoo Ares.

Recompilamos e adaptamos mapas de distintas épocas do territorio do concello e das parroquias, así como dos camiños e do rueiro do Milladoiro, aos que se engadiron folletos, fotos propias dos traxectos e vistas aéreas (desde o voo americano do *Army Map Service* de EEUU, de 1956-57). Elaboramos colaborativamente, a maiores, cadros e gráficos con información sobre as orixes, o significado, a situación, a presenza noutros espazos ou a posíbel deturpación de cada nome de lugar escollido.

A respecto da distribución das zonas e actividades específicas da materia de lingua, en 1º da ESO decidiuse atender o Camiño Portugués e en 2º e 3º de ESO o Camiño a Fisterra.

O confinamento decretado polas autoridades ante a pandemia cortou en boa medida as accións en marcha, posto que, máis alá das dificultades iniciais do traballo a distancia, especialmente de carácter grupal, aquelas esixían o desprazamento polos espazos obxecto de investigación e mais presentacións públicas no IES. En todo caso, xa se publicaran algúns materiais, especialmente desde o EGLG.

No curso seguinte, o 2020-21, o EDLG, por iniciativa do profesor de educación plástica Manuel Maseda, integrante do Equipo, puxo en marcha un Plan Proxecta denominado “Ao son da oralidade: o noso patrimonio”. Este proxecto transversal fundamentouse no achegamento á realidade da contorna “desde a enerxía transformadora da oralidade, da toponimia e dos petróglifos”, segundo se recolle no documento base. O obxectivo principal era potenciar a comunicación e interacción profundando nas nosas orixes e, asemade, poñer en valor o patrimonio material e inmaterial para empoderarnos como colectivo. A respecto da toponimia, supón un desenvolvemento do proxecto *Imos por Ames* para facer efectivo o percorrido polos espazos máis próximos e conectalo coa lusofonía.

Nesta liña, procúrase incidir na formación crítica do alumnado “para identificarse e enorgullerse da zona na que viven, coñecendo e axudando a visibilizar a potencialidade do seu contorno como un espazo con gran riqueza patrimonial”. A investigación patrimonial baséase neste caso na oralidade, entendida como unha das ferramentas máis poderosas de transmisión do saber. Será tamén o que permita conectar as razóns culturais coas formas derivadas das profundas mudanzas económicas e sociais das últimas décadas. Incide explicitamente no traballo por proxectos para a realización de produtos audiovisuais ou TIC e mais na interdisciplinaridade.

Entre as actividades realizadas incluíronse unhas xornadas homónimas. Foron organizadas en colaboración coa ANPA e o Concello e celebráronse o 23 e o 24 de marzo no auditorio da Casa da Cultura do Milladoiro. Isto permitíunos contar con especialistas como Xosé Ramón López Boullón, que impartiu unha charla sobre a toponimia de Ames, ou Vicente Feijoo Ares, quen disertou sobre o potencial didáctico da toponimia. Tamén foi de proveito o obradoiro “Roteiros emocionais”, a cargo de Vero Rilo e Marcos PTT. Ademais da presenza –limitada– do alumnado no auditorio, de diferentes cursos da ESO, tamén asistiron outros grupos mediante a emisión de videoconferencias. Estas fican dispoñíbeis na rede desde a conta de Youtube do Concello de Ames. A maiores, ao remate do curso, elaborouse e distribuíuse unha publicación en papel.

## OS PROXECTOS DE AULA

Á hora de programar para as aulas, o omnipresente termo *proxecto* pasa a ter outro valor. Non se trata de encargar traballos para a casa, por máis que insten a elaborar produtos textuais, de limitarse ao labor de revisión e avaliación só final ou de desconsiderar a aplicación e relevancia no mundo real. A *aprendizaxe baseada en proxectos* require a guía constante do profesorado e un grupo de colaboración para enfrontar as necesidades e decisións do alumnado, integra estándares de distintas competencias, esperta a inqueda por saber e ser quen de facer en contextos reais ou esixe unha avaliación autenticamente formativa, entre outras características. Cremos preciso aclarar esta orientación antes de relatar a nosa experiencia, pois é especialmente relevante cando o centro de interese é un aspecto tan específico como a toponimia e cando, neste campo, se realizan practicamente todas as actividades na aula e no centro.

Esa aprendizaxe contextualizada, que parte das necesidades comunicativas do alumnado nos diferentes ámbitos nos que desenvolve ou podería desenvolver a súa actividade social e persoal, alén da académica e profesional, canalízámola mediante secuencias didácticas de investigación e produción. Nelas, todos os elementos están interrelacionados a través de actividades posibilitadoras e ao servizo da consecución dun produto final, que é a resposta ao reto inicial.

Xa que logo, é primordial deseñar tarefas entendidas como pasos conectados que permitan elaborar unha produción con suficiente éxito. O núcleo motivador sitúase nun problema ou reto próximo que lle dea sentido e funcionalidade ao labor emprendido. Achéganse, ademais, as ferramentas de andamiaxe necesarias para guiar o alumnado, incluíndo documentos de apoio e control, bos modelos e orientacións suficientes.

O traballo coa información tende a orientarse á extracción de diversas fontes e ao desenvolvemento do sentido crítico, mais sempre axustándose ao nivel da aula. Préstaselles atención, en todo caso, ás estratexias de comprensión dos textos que se manexan. Neste punto acada especial valor a incorporación de técnicas de aprendizaxe cooperativa.

Por último, ao longo do traxecto da secuencia será importante establecer paradas para a reflexión sobre o propio labor, para desenvolver a metacognición que lle facilite ao alumnado ser consciente da aprendizaxe e autorregulala. Nesa

liña, é imprescindible incorporar de xeito constante a avaliación orientadora e a autoavaliación.

Nesa metodoloxía dinámica que asegure a proxección dos modelos didácticos dos que partimos a procesos de aprendizaxe activos establecemos fases constantes. Son as que comentamos a seguir.

Denominamos “Unha de proba” o arrinque, no que tratamos de activar e motivar desde o audiovisual e as emocións, extraer ideas previas e realizar unha produción inicial –a partir dun suposto– que permita axustar o proceso. É importante tamén nestes momentos contextualizar ben a proposta e negociar co alumnado a súa orientación: persoas destinatarias, formatos, espazos nos que facer públicas as producións etc. En todo caso, ao inicio de curso xa nos encargamos de rexistrar as preferencias do alumnado e acordar as liñas xerais dos proxectos. O da toponimia do Camiño é un dos máis votados e acadamos amplos consensos.

O segundo gran paso diríxese a profundar en contidos de comunicación, de sociolingüística, de literatura ou transversais, precisos para lle dar valor ao que pretendemos crear. Trátase de situarse na temática e dispor dos coñecementos necesarios para os usos previstos. Implica poñer en acción as habilidades para a procura, a análise do contido, a escolla e a incorporación da información.

Nas dúas seguintes fases desenvólvense obradoiros de comunicación: sistematízanse os trazos do xénero textual que se pretende compoñer e amplíanse as destrezas lingüísticas esixidas polo xénero ou simplemente asociadas a este. A reflexión parte dos usos nos textos reais modelo, tamén de xéneros próximos para o contraste, e incluímos aquí a fixación e ampliación do léxico do ámbito traballado.

A continuación, pasamos a planificar a creación –sexa oral, sexa escrita–, a textualizala, a revisar os borradores e a darlle forma á versión final. Centrámomos na revisión das propiedades textuais e na aplicación de estratexias de mellora.

Fica aínda un último treito, que titulamos “O que damos de nós”, para a publicación, presentación, exposición ou calquera outro modo de difusión do traballo que se acordase, que adoita incluír só o produto final, mais ás veces engádese unha recompilación de producións intermedias. Evidentemente, reflexiónase tamén sobre as propias aprendizaxes e efectúase a avaliación final.

## UNHA SECUENCIA DE PRODUCCIÓN

Con pequenas diferenzas, levamos ás aulas dos dous últimos cursos en 1º da ESO unha secuencia de actividades que leva idéntico título que o proxecto inicial, *Imos por Ames*. Publicámola en aberto, case na súa totalidade, na Aula Virtual do instituto.

Partimos dunha serie de vídeos motivadores grazas ás múltiples e interesantes iniciativas compartidas na rede, no ámbito escolar, municipal e institucional, que permiten achegarse á riqueza toponímica do país e reflexionar sobre o sentido do noso labor. Nesa liña, mediante un xogo oral de aproximación á orixe dalgúns nomes, distribuídos por niveis de dificultade, propónselle ao alumnado unha produción inicial de carácter infográfico que poida orientar a secuencia.

No apartado de profundamento no tema, empregamos unha sinxela presentación sobre o valor dos nomes de lugar e os seus tipos para, a seguir, pasar a identificar no rúeiro do Milladoiro aquelas denominacións tomadas de topónimos existentes antes da urbanización, posto que se manteñen en gran número de rúas. Un *gif* animado coas vistas aéreas da zona en distintas décadas axúdanos a entender o sentido das decisións e da mesma actividade. Incluímos tamén aquí a ampliación do coñecemento do léxico da natureza, especialmente do relevo e dos espazos humanizados, coa axuda das aplicacións *Quizlet* e *Educandy*.

Así mesmo, incorporamos contidos sobre as variedades xeográficas da lingua. Resulta especialmente útil neste punto o contraste entre topónimos coa mesma orixe presentes en distintos bloques, caso de *Quintáns/Quintás*, *Truitín/Troitín* ou *Os Chans/Os Chaos*. Como produción intermedia, o alumnado debe componse unha presentación visualmente clara, sobre o mapa de Galicia, que recolla os principais trazos dos bloques dialectais. Facemos uso no remate desta fase do xogo dixital *Atopando Compostela*, creado pola Asociación Galega de Onomástica.

Na abordaxe do xénero textual, extraemos trazos da infografía servíndonos de exemplos escollidos, con presenza ampla de estruturas baseadas nun percorrido. De por parte, intentamos mellorar as destrezas para seleccionar e organizar información, que son fundamentais á hora de componse unha infografía eficaz.

Nesta altura, iníciase a debulla individual dos topónimos que se lle asignan a cada alumna/o. Con cada un, componse un indicador elemental, con representación do tipo, e recóllese a información pertinente nun diagrama de



Na fase final, dividimos o Camiño portugués de Ames en tramos para distribuír o traballo grupal e guiamos plenamente o proceso. Cómpre ter en conta que o traballo coa información, tamén moi encarreirado, xa estaba feito e agora xúntanse rapaces e raparigas que manexaron topónimos próximos. Decidimos conxuntamente que divisións no Camiño son máis acaídas ao grupo.

A infografía debe ter unha base xeográfica (a partir do percorrido do propio Camiño no mapa) e presentar a información recompilada. Realizouse en cartolina ou, opcionalmente, nunha aplicación da rede; nese caso, adoitamos recomendar *Vennngage*, que ofrece na conta gratuíta para estudantes multitude de modelos.

Para a planificación do texto, o alumnado decide como será a organización visual sobre o percorrido real. Pode presentalo de xeito realista ou non (con pasos, por exemplo), pode adoptar a perspectiva aérea ou en perfil etc. Concretou, así mesmo, como distribuír a información: en paneis ou cadros toponímicos, con camiños secundarios, en forma circular ao redor de cada nome...

Na textualización, deseñouse a base da infografía, o fío lóxico xeográfico. Debuxáronse ou incorporáronse as imaxes, iconas ou símbolos que acompañaban o texto. Como mínimo, debía haber un debuxo por cada tipo de topónimo presente no percorrido e tamén un para cada tipo de información recollida. A maiores, depurouse o contido textual do diagrama de datos, que tiña que ser persoal, na medida do posíbel, e sinxela pero non telegráfica. Por último, distribuíronse os elementos icónicos e o texto da maneira determinada e déuselle ao conxunto un deseño uniforme e claro, que axudase a percibir e entender. Fixemos fincapé en evitar a mestura de formas distintas, cores variadas ou letras moi dispares e en chapodar o superfluo ou que interfería na forza e capacidade comunicativa que toda infografía debe ter.

Para a revisión do produto, achegamos unha folla de control e seguimos o proceso coa entrega de borradores.

## **PRODUTOS FINAIS DIVERSOS**

No marco dos citados proxectos do IES, foron ben diversas, como é lóxico, as producións do alumnado. Entre elas están uns calendarios para as aulas, físicos e virtuais, con información sobre as parroquias; publicáronse nos dous últimos





Na publicación en papel á que aludimos ao inicio, de xuño de 2021, inclúense, entre outros traballos, recensións sobre as videoconferencias das xornadas, unha viaxe virtual polas parroquias de Ames e os resultados de análises comparativas da toponimia de Galicia e de Portugal. Estas últimas, realizadas na materia de portugués, permiten percibir a base común que se mantén, sobre as variacións fonéticas e gráficas, na denominación dos espazos ao norte e ao sur do Miño. As dúas investigacións levadas a cabo espellan que se acha sobre o 70% dos nomes en ambos os países. Nun caso, compárase o Camiño desde O Porto a Valença co nomenclátor galego e noutro o ruciro do Milladoiro e mais o Camiño en Ames co nomenclátor luso.

En todo caso, as composicións principais en lingua foron as infografías dos distintos tramos. Algunhas delas, vinte e dúas en concreto, non escolmadas pola calidade, senón pola disposición das autoras e autores, incorporáronse posteriormente nunha presentación en Prezi<sup>1</sup>.

O conxunto do material empregado e producido está publicado no sitio web *Toponimia do concello de Ames*<sup>2</sup> e mais no blogue do EDLG<sup>3</sup>, ambos xestionados por Valentina Formoso.

No actual curso escolar pretendemos mellorar o proceso seguido e concluír, por fin, a secuencia, coa realización do traxecto en grupo e a gravación das presentacións dos espazos. Loxicamente, esa actividade final debe ser preparada coa revisión das estratexias expositivas ou certos aspectos da linguaxe da imaxe, ademais da coordinación que require. Os vídeos resultantes poderán pórse a disposición do público en xeral e tamén, en particular, da *Asociación de Amigos do Camiño Portugués en Ames e Teo* ou do propio concello.

Alén diso, exploramos outras posibilidades de produción intermedia, como a confección dun xogo temático co léxico do corpus toponímico e con probas en puntos significativos do percorrido.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

López Boullón, Xosé Ramón (2019). *Toponimia de Ames*. A Coruña: Real Academia Galega. <https://doi.org/10.32766/rag.339>

1 Disponible en <https://i.gal/infografias21>

2 Disponible en <https://sites.google.com/view/toponimiadeames>

3 Disponible en <https://omillafaladoiro.blogspot.com>



# IV

## Galicia como impulsora en Europa dos estudos toponímicos sobre o Camiño

*Toponimia de Galicia.*

Unha cala sobre o desenvolvemento dun gran proxecto

/ VALENTÍN GARCÍA GÓMEZ (Xunta de Galicia)

Onomástica no Camiño de Santiago segundo o *Códice Calixtino*

/ EDUARDO LÓPEZ PEREIRA (Academia Xacobeá)

Retos e contradicións da categoría patrimonio inmaterial:  
da conservación á salvagarda

/ CRISTINA SÁNCHEZ CARRETERO (Consello da Cultura Galega)

Notas de toponimia xacobeá galega

/ GONZALO NAVAZA (Real Academia Galega)

Debate



## *Toponimia de Galicia.*

### **Unha cala sobre o desenvolvemento dun gran proxecto**

Valentín García Gómez  
*Xunta de Galicia*

É para min unha honra estar hoxe aquí, neste fermoso edificio do Museo de Pontevedra, para lles falar sobre o proxecto *Toponimia de Galicia*, e, máis concretamente, sobre a participación da Secretaría Xeral de Política Lingüística nesta maravillosa empresa que vai cumprir, na forma que posúe actualmente, un lustro de vida, cuns froitos que cualifico, anticipándome ao momento da súa valoración final, de soberbios. Menciono o Museo de Pontevedra xa de inicio non por unha razón protocolaria unicamente, senón porque o edificio de nova planta onde se está a desenvolver esta VI Xornada de Onomástica Galega merece sempre todo tipo de mencións eloxiosas porque representa a continuación dun vello proxecto galeguista cuxa materialización, coa grandiosidade que posúe actualmente, é debedora do empeño e da sabedoría de persoas das que se pode afirmar que unha das súas virtudes máis aplaudidas foi lograr involucrar as institucións públicas nos seus propósitos. Certamente, sendo longa a nómina dos protagonistas do relato desta construción galeguista, ocupa un lugar sobranceiro o chorado Xosé Filgueira Valverde, exemplo destacado desa virtude de natureza colaborativa e participativa á que acabo de referirme.

Agradézolle á Real Academia Galega e moi especialmente ás coordinadoras da xornada, Ana Boullón e Luz Méndez, a cortesía de me convidaren a participar nesta mesa redonda para falar dun proxecto fermoso do que xa adiantei que está a dar uns froitos soberbios e do que se esperan moitos máis no futuro inmediato. Ao mesmo tempo, antes de entrar en materia, quixera determe, moi brevemente, no tema arredor do que se desenvolve esta xornada: as relacións da onomástica galega co Camiño de Santiago. Non digo nada novo, senón máis ben reitero algo formulado antes miles de veces, se afirmo que ao longo da historia da humanidade foron os pobos e civilizacións con maior contacto con outros grupos humanos os que desenvolveron manifestacións culturais máis ricas, vizosas e perdurables. As investigacións máis recentes confirman que

os habitantes da Gallaecia prehistórica foron pródigos en relacións marítimas a través do Atlántico, un “mar océano” que dous milenios máis tarde posibilitaría o asentamento galego en América. Un camiño que foi de ida pero igualmente de volta, pois de Cuba, da Arxentina ou do Uruguai chegaron a Galicia, desde mediados do século XIX, ideas anovadoras e proxectos de progreso, así como palabras novas e costumes exóticos, axiña asumidos como propios. Pero se hai que resaltar un momento certamente sobresaínte na historia de Galicia cómpre mirar cara á Idade Media, cando o noso país alcanza unha centralidade política e cultural sen precedentes. Tal acontecemento producírase grazas ao Camiño de Santiago, ese río no que converxeron afluentes culturais de toda Europa e trouxo a Galicia, para se hibridaren cos elementos autóctonos, a ciencia, a música, a literatura ou a arquitectura que emerxían en Europa enteira e que os peregrinos transportaban no seu macuto e ían diseminando a medida que avanzaban cara a Compostela falando as linguas de seu, que foron quedando aquí, en anacos, para nomear a realidade e logo dar nome a persoas, lugares etc. Hoxe Galicia é, de novo, o destino xeográfico dese magma incandescente de formas culturais que se van fraguando polos camiños que a ela conducen. Decenas de miles de persoas que chegan á nosa terra cada ano coas súas raíces, linguas, lecturas, entusiasmo artístico, forza creativa, modos de vida, hábitos culinarios... Neste sentido, debemos concibir o Xacobeo 2021 como o molde propiciatorio dunha eclosión cultural, sen esquecer que o Camiño é unha vía tanto de chegada como de regreso. Galicia e a súa cultura antiga e rica teñen que ser compoñente fundamental desa eclosión; sen mitificacións arqueoloxizantes, senón partindo da concepción de que conserva vivo o seu secular xenio creador e dialoga coa modernidade para enriquecela e formar parte dela.

O proxecto *Toponimia de Galicia* encádrase dentro dese marco conceptual cuxo centro é a conservación dun patrimonio milenario que debe e está chamado a dialogar coa modernidade. Constitúe, como a maioría de vostedes sabe, un proxecto que se nutre fundamental das achegas da Real Academia Galega e máis concretamente do seu Seminario de Onomástica, que proporciona o preceptivo soporte científico, e da Secretaría Xeral de Política Lingüística (SXPL), que facilita actualmente os recursos económicos que permiten levalo a cabo, pero que é tamén debedor doutras contribucións non menores e igualmente moi valiosas que ofrecen o Instituto de Estudos do Territorio (IET), dependente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, e a Axencia para

a Modernización Tecnolóxica (Amtega), ás que habería que sumar a económica, moi importante na fase inicial, do programa de cooperación transfronteiriza Interreg V España-Portugal, a través do proxecto GEOARPAD. En efecto, unha das principais características de *Toponimia de Galicia* é ser un proxecto de natureza esencialmente colaborativa, aínda que resultaría inxusto esquecer que moitos dos éxitos recollidos nos últimos anos obedecen tamén á profunda implicación no proxecto de persoas que fan do seu traballo unha causa, dos que hai exemplos en calquera dos organismos que citei máis arriba, pero entre os que só citarei o coordinador da unidade técnica de toponimia da Real Academia Galega, Vicente Feijoo. A xeito de resumo introdutorio, talvez conveña lembrar que as competencias en materia de toponimia recaen na Xunta de Galicia a partir de 1983, concretamente desde que se aproba ese ano no Parlamento de Galicia a Lei de normalización lingüística, en cuxo artigo 10 se establece que lle corresponde ao Goberno galego “a determinación dos nomes oficiais dos municipios, dos territorios, dos núcleos de poboación, das vías de comunicación interurbanas e dos topónimos de Galicia”. Desde entón, o Goberno galego realizará este labor, na súa faceta técnica, a través da Comisión de Toponimia, órgano asesor para a fixación dos nomes oficiais das entidades de poboación que o Goberno galego crea, no seu formato actual, en 1984, pero que xa viñera funcionando desde 1979, presidido polo citado profesor Xosé Filgueira Valverde, e, de feito, aquela comisión chegaría a emitir ditames sobre o nome de 72 concellos.

Como resultado do labor desenvolvido ao abeiro desta estrutura normativa, administrativa e científica, entre os anos 1996 e 2003 aprobarase, por quendas que seguiron un criterio administrativo territorial por provincias, o *Nomenclátor* das entidades de poboación de Galicia. As competencias relativas ao proxecto *Toponimia de Galicia*, así como os labores da súa administración, recaeron sempre, seguindo a nomenclatura administrativa da época, na Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Con todo, cómpre subliñar que no ano 2012 haberá mudanzas. Aínda que as competencias en materia de toponimia seguirán a depender dunha área da Xunta de Galicia distinta da SXPL, concretamente da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo (na súa denominación actual), será o departamento que eu dirixo o que asuma, a partir dese ano, o financiamento parcial ou íntegro do proxecto, a través de contratos *ad hoc* que asina coa Real Academia Galega. Deste feito derivaranse cambios adicionais non cativos que comezarán a se fraguar e a



facerse máis visibles, fundamentalmente, a partir de 2017, ano en que se lle dá inicio a un conxunto de procesos e labores de gran transcendencia que suporán un notable pulo ao proxecto xeral denominado *Toponimia de Galicia*. Pode servir de exemplo do que afirmo o feito de que os traballos da chamada Ponencia de Estudos, parte integrante da Comisión de Toponimia, van ser asumidos, a partir de entón, polo Seminario de Onomástica da Real Academia Galega, que centrará inicialmente os seus esforzos na revisión, corrección e actualización da toponimia oficial do *Nomenclátor de Galicia* vixente desde 2003 (en diante, NG 2003). Neste período, e máis en concreto no que vai de 2017 ata hoxe, centrarei a miña atención a partir de agora, un relato que farei a través de catro epígrafes.

## ***NOMENCLÁTOR DE GALICIA***

Como non podía ser doutro xeito, o proceso de fixación e oficialización do *Nomenclátor de Galicia* permaneceu vivo durante as últimas dúas décadas, pero adquirirá maior dinamismo a partir de 2012. Para realizar este traballo, partiuse da base de datos oficial de 2003 e cruzouse coa base de datos toponímica do Instituto Nacional de Estatística (NomenINE). Na nova base de datos resultante deste cruzamento, engadíronse os topónimos que figuraban no NomenINE e que non estaban no NG 2003 para estudar e valorar a súa incorporación ao novo *Nomenclátor*. Esta tarefa supuxo respecto do NG 2003:

- O cambio do nome oficial dalgúns concellos.
- A modificación do nome ou a advocación (ou os dous elementos ao mesmo tempo) de parroquias.
- A eliminación de parroquias.
- A inclusión de novas parroquias e lugares.

Para levar a cabo a revisión e actualización do NG 2003 utilizouse unha aplicación informática denominada Revisión Nomenclátor, onde se gardaron todos os datos relativos ao proceso (consultas telefónicas, documentación histórica achegada, propostas de ditame etc.). Toda esta información está dispoñible na Rede.

A versión máis recente do *Nomenclátor* é a que lle foi entregada, agora, en 2021, á Xunta de Galicia para que proceda á súa publicación no Diario Oficial de Galicia, momento a partir do cal a Amtega cargará a base de datos actualizada

na web de consulta. Neste sentido, cómpre salientar tamén que desde 2017 se procedeu á xeorreferenciación das entidades de poboación do novo *Nomenclátor de Galicia*, en colaboración co IET, organismo que inclúe os topónimos nos mapas que elabora para o Plan Básico Autonómico de Ordenación do Territorio.

Con todo, cómpre deixar claro que o proxecto *Nomenclátor de Galicia* é un traballo inconcluso e aínda aberto a posteriores actualizacións, que darán lugar a novas versións, como a programada para o ano 2025.

## ***GALICIA NOMEADA***

Este é o nome que recibe a aplicación colaborativa para teléfonos intelixentes que se comezou a deseñar en 2017 co fin de recoller e xeorreferenciar a microtoponimia galega. Neste sentido, a posta en funcionamento desta plataforma, que ten tamén como obxectivo difundir todo aquel patrimonio inmaterial asociado á toponimia, supuxo un paso de xigante no proceso de arquivo e conservación do inmensamente rico patrimonio toponímico galego, máis aló do desenvolvemento das perentorias tarefas de recollida e fixación da toponimia maior, onde se centrara a maior parte do interese e da preocupación das institucións e dos especialistas na materia ata o momento. A aplicación, cuxa realización foi posible grazas á achega técnica da Amtega, está dispoñible desde o 20 de decembro de 2019 en versións para IOS e Android nas tendas de aplicacións para teléfonos móbiles intelixentes. Unha boa mostra do éxito que acadou o proxecto é o dato de que só nos seus oito primeiros meses de vida se rexistraron máis de 1.400 colaboradores e colaboradoras que achegaron preto de 20.000 microtopónimos. No momento que estou a redactar isto (setembro de 2021), conta con 2.236 usuarios colaboradores rexistrados que introduciron un total de 29.690 topónimos, moitos deles acompañados de audicións, fotografías, documentos e vídeos asociados etc.

En calquera caso, cómpre deixar constancia de que, paralelamente, unha empresa está xeolocalizando, desde 2019, arredor duns 180.000 microtopónimos que estaban rexistrados en minutas de campo de antes de 2012. Isto faise de forma paralela ao traballo de integración das distintas bases de datos existentes con información toponímica dentro da base de *Galicia Nomeada*, a única que

servirá de referencia no futuro para os distintos usos das Administracións públicas e do mundo da investigación.

## **A FORMACIÓN E A DIVULGACIÓN EN RELACIÓN CO PROXECTO *TOPONIMIA DE GALICIA***

É condición imprescindible para que o conxunto do proxecto chegue a bo porto, dada a magnitude da empresa, concienciar sobre a súa transcendencia e animar a formar parte del, porque se trata dunha obra colectiva, á que está chamada a participar toda a cidadanía, destinada a salvagardar unha parte esencial do patrimonio cultural de Galicia. Este labor realízase a través de dous medios: o portal *Toponimia de Galicia* e as campañas *Toponimízate*.

Respecto do sitio web dedicado á toponimia galega, convén dicir que a unidade técnica de toponimia da Academia iniciou os traballos para a súa produción en 2017, ano que se dedicou a elaborar contidos técnicos, metodolóxicos, lexislativos, bibliográficos, así como audiovisuais que o fixesen atractivo e de interese para a cidadanía. Actualmente o portal é un lugar de referencia incontestable que ofrece contidos e materiais novos actualizados, do que son bo exemplo os dispoñibles nos catro apartados da sección “Sabías que...”. O sitio web xa ofrece máis de 1.000 contidos de características e natureza moi diversas en cada unha das seis grandes seccións que posúe. Á parte de toda esa información, conta cun visor de topónimos a través do que os usuarios e usuarias poden consultar e visualizar sobre un mapa do territorio galego máis de 312.000 nomes de lugar.

Debe merecer a nosa atención igualmente a campaña de divulgación *Toponimízate*. As orixes deste proxecto sitúanse tamén en 2017, nos máis de 20 cursos de formación e asesoramento lingüístico impartidos a particulares e a membros de colectivos e institucións, así como nas dez charlas pronunciadas en centros educativos, sobre cuestións relativas á metodoloxía que se debe aplicar na recollida de microtoponimia. Un ano despois, púxose en marcha a primeira edición de *Toponimízate*, campaña que desde entón ofrece, nos concellos que forman parte da Rede de Dinamización Lingüística e en centros educativos e asociacións, charlas nas que se explica o funcionamento da aplicación *Galicia Nomeada*, os usos prácticos para a sociedade e a Administración de toda esta

información unha vez que está xeorreferenciada e normativizada, ademais de explicar o significado dos nomes de parroquias e aldeas de cada concello ás persoas asistentes. A campaña *Toponimízate* divulgou o valor cultural da nosa toponimia e a necesidade de salvagardala nuns 50 concellos e en varias entidades ou organismos que traballan en pro da lingua e a cultura galegas, nos 3 anos que se levou a cabo. Transmitíuselles a mensaxe a unhas 3.000 persoas e explicáronse máis de 7.000 etimoloxías de nomes de vilas, aldeas e parroquias nos municipios onde se pronunciaron as charlas. A actividade tivo tanto éxito que a SXPL decidiu seguir apoiando economicamente o proxecto unha vez que deixou de estar financiado a través do proxecto GEOARPAD.

## FINANCIAMENTO

A práctica totalidade dos proxectos descritos liñas arriba comezaron e desenvolvéronse grazas ao financiamento da SXPL e mais do proxecto europeo 0358 GEOARPAD 1 GALICIA-NORTE DE PORTUGAL, que se deu por concluído o ano pasado tras dar por acadados os seus obxectivos iniciais. Ante a necesidade de seguir traballando neste importantísimo ámbito do patrimonio inmaterial galego, pola súa riqueza excepcional e polo grave perigo que corre de desaparecer, a SXPL comprometeuse a continuar financiando no futuro estes traballos postos en marcha grazas á contribución do GEOARPAD. Entre o ano 2017 e 2021 destináronse algo máis de 435.000 euros a estes proxectos. Para o ano 2022 serán 100.000 euros procedentes dos orzamentos da SXPL.

O esforzo económico paga a pena baixo todos os puntos de vista posibles. Así pois cando se cumpre este ano un lustro desde que se puxeron as bases deste macroproxecto de múltiples facetas e resultados soberbios, creo que tanto a Xunta de Galicia como a Real Academia Galega podemos congratularnos do éxito logrado, porque se trata, á fin e ao cabo, do éxito dun país na tarefa de salvagarda, posta en valor e difusión dun dos elementos máis característicos e ricos da súa cultura milenaria.



## Onomástica no Camiño de Santiago segundo o *Códice Calixtino*

Eduardo López Pereira  
Academia Xacobeá

*A onomástica e o Camiño de Santiago* reza o título deste ciclo de conferencias que organiza a Real Academia Galega, á que lle agradezo a súa invitación a participar.

Pero, cal camiño? Porque, para chegar a Compostela, hai centos de camiños. Cada camiñante sae da súa casa e vai por onde quere ata Santiago, e fai un camiño.




Fig. 1. Diversidade de camiños a Santiago

Eu vou optar polo primeiro que quedou fixado na historia e recollido por escrito, que é o que de ordinario entendemos polo Camiño francés a Santiago.

Para saber como se construíu e quedou fixado e marcado para sempre ese primeiro camiño temos que ir ao *Códice Calixtino*, libro V, máis coñecido como *Guía do peregrino*, do que eu fixen, hai case 30 anos, a primeira edición con tradución ao galego (1993). Esa tradución vai ser o arranque da miña exposición, tal como vou afrontar o tema que me propuxeron.

O francés Aymerico Picaud, autor desa *Guía*, non inventou un camiño a Santiago desde Francia; o camiño xa estaba feito. El non fai máis que describi-lo tal como estaba fixado e marcado polas pegadas dos peregrinos que, desde catro puntos distintos de Francia, arrancaban ata Compostela.

Que estaba feito próbano documentos da época que nos indican que un señor vai a un notario e inscribe unha terra propia en Montpellier, dicindo que estaba á beira do Camiño de Santiago; ou aparece unha referencia a unha igrexa que está no Camiño de Santiago.

No libro V do *Calixtino* o que temos documentado é o camiño francés a Santiago. Pola vía podiense veñen os borgoñóns e os teutóns, e non nos di de onde veñen nin lle interesa, porque para el o Camiño é francés e comeza en Le Puy. A vía turonense non empeza en Tours, senón que vén xa desde Orleans, por onde pasan os peregrinos, pero para el o camiño francés comeza en Tours. E outro tanto poderíamos dicir da vía lemovicense ou tolosana.

Porque no 1137, ano máis ou ano menos, cando Aymerico Picaud escribe a súa *Guía* para os peregrinos que camiñan a Compostela, hai un camiño plenamente recoñecido, que desde Ponte la Reina, onde se xuntan os catro camiños que parten de Francia, chega ata Compostela.

Dos catro camiños que saen desde Francia, un atravesa por Somport saíndo de Arles; os outros tres atravesan por Roncesvalles, partindo desde Le Puy, Vezelay e Tours, despois de xuntarse en Ostabat (Fig. 2).

Pensei que unha análise da toponimia recollida no Camiño de Santiago sería materia de moitos libros. O estudo dun par de topónimos mencionados no *Calixtino* para expoñer en 15 minutos sería de pouca sustancia. Así que optei por expoñer unha metodoloxía de como abrir o libro V do *Códice Calixtino* cos ollos postos na toponimia como fito en que se baseou Aymerico Picaud para fixar para a posteridade o Camiño a Compostela desde Francia.

Pronto nos imos dar conta de que ese Camiño queda fixado pola toponimia, que nun primeiro achegamento podíamos clasificar en toponimia profana e toponimia sagrada. Neste sentido, quero chamar a atención sobre o feito de



Figura 2. As catro vías do Camiño francés segundo o *Códice Calixtino*

que as cidades son nomeadas de acordo co nome do santo que en cada unha se honra: Santa María de Le Puy, Santa Fe de Conques, San Pedro de Moissac, San Leonardo de Limoges etc.; o que di moito da intencionalidade coa que foi escrita esta *Guía* para peregrinos a Santiago. Non é unha *Guía* para turistas. Veláí a primeira ensinanza da toponimia do Camiño descrito por Aymerico.

Imos, pois, facer o Camiño de Santiago de acordo coa toponimia nestes dous grandes grupos de nomes, sagrados e profanos, que o enmarcan e o fixan ata o día de hoxe e que constitúen a toponimia profana e a toponimia cristiá do Camiño. Evidentemente, como só dispoño dun breve espazo de tempo, o que vou mostrar é unha metodoloxía de análise desde o punto de vista desta toponimia.

Algo moi sinxelo: vou partir, –e, tamén, voume limitar– ao primeiro capítulo do libro V do *Calixtino*. E vouno facer partindo da miña tradución, feita hai 30 anos, como dixeran ao comezo:

Son catro os camiños que levan a Santiago e xúntanse nun só en Ponte da Raíña, en terras españolas. O primeiro pasa por San Gilles, Montpellier, Tolosa e Somport; o segundo, por Santa María de Puy, Santa Fe de Conques e San Pedro de Moissac; o terceiro, por Santa María Magdalena de Vézelay, San Leonardo de Limoges e a cidade de Périgueux; o cuarto por San Martiño de Tours, San Hilario de Poitiers, San Xoán d'Angély, San Eutropio de Saintes e a cidade de Burdeos. A ruta de Santa Fe, a de San Leonardo de Limoges e a de San Martiño de Tours xúntanse en Ostabat, e despois de pasar Port de





1. *Pons Reginae*, en Navarra, aínda hoxe conta coa ponte que lle deu nome, feita construír por Dona Maior, muller do rei Sancho III (1004-1035), para o paso de peregrinos sobre o río Arga. A súa igrexa de Santiago e os dous hospitais de peregrinos cos que contou testemuñan a importancia que tivo esta cidade, na que confluían as catro vías francesas.
2. *Montpellier*, aquí como *Mons Pessulanus*, ao que se lle dan varios posibles significados: “monte pedregoso, monte das especias...”.
3. *Uziliaci*, Vézelay, a antiga vila romana de *Vercellus*.
4. *Périgueux* vén de *Petrocorii*, nome de orixe celta “catro coros”, latinizado cando os romanos se atoparon alí cunha tribo celta.
5. *Poitiers*, outro nome de tribo celta, os pictavos ou pictones, que vivían ao sur do Loira, antigo Liger.
6. *Saintes*, á que os romanos lle deron ese nome de *Nediolanum Santonum* cando a fundaron na beira do río Charente.
7. *Ostabat* (Hostavalla), tan importante na Idade Media como inadvertida na actualidade foi esta localidade francesa na que confluían tres das catro vías francesas, na que había hospital e hospedaría e da que oiremos ao noso autor, no capítulo VII, dar queixas polo portádego que se lles cobra a aos peregrinos.
8. *Portus Cisere*, aquí observamos un trazo característico na toponimia que marca o camiño: un porto de montaña (*Porz de Sizre*, na *Chanson de Roland*). Comunica o val francés de Cize co español de Roncesvales, seguindo a vella calzada romana, coñecida como *via Traiana*, que ía de *Burdigala* (Bordeos) a *Asturica Augusta* (Astorga). Neste val atópanse dúas importantes cidades, Saint-Jean-Pied-de Port e San Miguel, de onde arranca a primeira das trece etapas en que o autor da guía reparte o camiño deica Santiago no capítulo seguinte.
9. *Portus Asperi* di o texto latino, tanto aquí como no capítulo IV ao falar dos catro hospitais do mundo. Poderíamos traducir por “porto de Aspe”, nome que se corresponde co cume máis alto, onde nace o río Aspe que discorre pola localidade de Borce e que aínda atopamos no Poema de Fernán González, pero que agora é máis coñecido por *Summus Portus*, é dicir, Somport.

Non teño tempo de tratalo aquí, pero direi que Aymerico adopta diversas formas para fixar e describir o camiño por onde transitaban daquela os peregrinos. Entre estas formas podemos sinalar:

1. Enumeración das xornadas, é dicir, as etapas, nas que indica portos, hospitais, descrições do que hai nas vilas por onde pasa e prácticas de peregrinos, como o costume levar as pedras para facer cal para a catedral de Santiago: “Triacastela, na ladeira do mesmo monte, xa en Galicia, lugar onde os peregrinos collen unha pedra e lévana ata Castañeda, a fin de obter cal para as obras da basílica do Apóstolo”. Desta maneira son descritas un total de 62 localidades por onde pasa.
2. Enumeración dos ríos por onde hai que pasar: “Fixen esta descripción dos ríos para que os peregrinos que van a Santiago coiden de beber nos que son mortíferos e poidan elixir os sans para si e as súas cabalgaduras” (López Pereira 1993, p. 85). Tan só en España danos o nome de 25 ríos desde Somport ata Santiago: “Estes son os ríos que hai desde Port de Cize e Somport ata Santiago” (1993, p. 83).
3. Relación das terras que se atopan no Camiño e das características das súas xentes. Vale a pena lembrar as gabanzas dos galegos, sobre todo despois de escoitalo falar dos vascos e dos navarros.

Vén despois a terra dos galegos, pasados os lindeiros de León e os portos dos montes Irago e Cebreiro. É terra vizosa, con ríos, pradeiras, extraordinarios campos de maceiras, bos froitos e cristalinas fontes, pero de poucas cidades, vilas e terras de labor. Está falta de pan de trigo e viño, pero abundante en pan centeo e sidra, ben abastecida en gando e cabalerías, en leite e mel, e en pescados mariños grandes e pequenos; rica en ouro, prata, telas, peles salvaxes e outras riquezas; ata é moi abundante en mercancías árabes de valor. Os galegos son o pobo que máis se asemella á nosa nación gala, entre os demais pobos de España, se non fora porque son moi iracundos e litixiosos (1993, p. 96).

4. Descripción do paso polos lugares onde repousan os corpos dos santos que descansan no Camiño e que deben ser visitados polos peregrinos. El visitou San Xil e Arles, onde hai que venerar o sartego de San Trófimo.

Rematarei con este mapa da toponimia que se recolle na miña edición da *Guía* unha vez cruzados os montes Pireneos e que daría tema para moitas horas de conferencia.




Fig. 4. O Camiño francés en territorio hispano

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

López Pereira, X. Eduardo (1993). *Guía medieval do peregrino. Códice Calixtino, libro V. Estudio, edición crítica e traducción*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.



# Retos e contradicións da categoría patrimonio inmaterial: da conservación á salvagarda

Cristina Sánchez-Carretero  
*Consello da Cultura Galeg. INCIPIT-CSIC*

Neste encontro dedicado aos estudos toponímicos sobre o Camiño, pedíuseme<sup>1</sup> que falase da toponimia como patrimonio inmaterial. Para poder contestar ao encargo das coordinadoras, Ana Boullón e Luz Méndez, formulei a pregunta para o debate de como facer estratexias de salvagarda da toponimia do Camiño. O título desta mesa redonda é “Galicia como impulsora en Europa dos estudos toponímicos sobre o Camiño” e a miña proposta é que non só pode ser Galicia pioneira e impulsora dos estudos sobre a toponimia do Camiño<sup>2</sup>, se non que pode ser pioneira nas metodoloxías colaborativas para a súa salvagarda. Para chegar a esta conclusión, primeiro presentarei algunhas ideas sobre os retos e as contradicións da categoría patrimonio inmaterial e como se reflicten no xiro das políticas patrimoniais desde o modelo baseado na conservación ao modelo baseado na salvagarda.

## 1. O CONCEPTO DE PATRIMONIO INMATERIAL E AS CONTRADICIÓNS QUE IMPLICA

Ao utilizar o termo “patrimonio” parto dunha perspectiva amplamente consensuada dentro das ciencias sociais: aquela que sinala o patrimonio como unha construción social ou como un proceso metacultural característico da modernidade occidental, que se irá expandindo progresivamente ata a actualidade.

- 
- 1 As ideas que presento aquí están baseadas nos traballos elaborados xunto a Victoria Quintero-Morón (Quintero-Morón e Sánchez-Carretero 2017; en prensa), no marco do proxecto do Plan Estatal de I+D+i (PID2020-118696RB-I00) *HabitPAT. Os coidados do patrimonio*, financiado por MCIN/AEI/10.13039/501100011033
  - 2 De feito, Galicia xa é pioneira dos estudos de toponimia en xeral, como se pode ver nos traballos do Seminario de Onomástica da RAG; por exemplo, os proxectos *Toponimia de Galicia* (toponimia.xunta.gal) e *Galicia Nomeada* (galicianomeada.xunta.gal).

No proceso de desenvolvemento de instrumentos conceptuais, normativos e de xestión do patrimonio, o termo “patrimonio cultural inmaterial” (PCI) é relativamente recente –aínda que non o concepto– e supón unha serie de transformacións nas nocións máis expandidas do “discurso patrimonial autorizado” (Smith 2006). Se seguimos a definición que propón a Convención de 2003 para a salvagarda do Patrimonio Cultural Inmaterial da UNESCO (en diante Convención de 2003), o PCI fai referencia a prácticas, coñecementos, valores, crenzas... que un “colectivo” considera parte fundamental da súa identidade e que desexa salvagardar e transmitir.

Nun sentido estrito, todo patrimonio é inmaterial, pois calquera elemento que se considera digno de ser conservado e transmitido, éo polos valores de especial significación que se lle adxudican. É dicir, a “inmaterialidade” é unha dimensión de todo elemento patrimonial independentemente da súa tipoloxía. Non obstante, a categoría “PCI” non fai referencia a esta dimensión, senón a unha tipoloxía concreta.

A Convención de 2003 pretende superar as inequidades das listas de patrimonio mundial e achegar novos niveis de gobernanza máis democráticos e inclusivos. Pódese afirmar que esta institución mundial converteuse nun referente nos ámbitos oficiais e académicos, de tal modo que a Convención expandiu esta versión do patrimonio con grande éxito. A presentación de prácticas, expresións, saberes, rituais e performances neste “novo envoltorio” do PCI (Santamarina 2013) segue o ronsel da expansión patrimonial das últimas décadas. Esta capacidade de difusión e a aceptación con que se acolleu o PCI relaciónanse cun xiro no discurso da UNESCO que vai do exotismo do pasado a unha pretensión de enxalzar e acoller a diversidade cultural, dando cabida a producións e saberes de pobos e grupos claramente infrarrepresentados nas listas declaratorias do patrimonio mundial (Kirshenblatt-Gimblett 2004; Santamarina 2013). Tampouco se pode obviar que a “fama” obtida por estas fórmulas de patrimonialización relaciónase coas sempre crecentes demandas da industria turística en busca de novos mercados e produtos. Son diversos os autores que sinalan, criticamente, o éxito en mercadotecnia que supón ser parte das Listas de Patrimonio da Humanidade e as implicacións que iso ten nas definicións dos bens –materiais e inmateriais–, así como as transformacións que supón nas sociedades receptoras.

A pesar das aparencias, a patrimonialización de certas prácticas culturais –iso que hoxe damos en chamar patrimonio inmaterial– non pode considerarse

unha acción moi nova debido a que existen precedentes directos tanto en accións museísticas –museos ao aire libre, ecomuseos, museos de comunidade, veciñais– (Quintero-Morón 2005; Santamarina 2013) como no tratamento do folclore (Hymes 2000), do chamado folclore público (Baron e Spitzer 2007) e tamén nas lexislacións patrimoniais estatais en referencia ás actividades, saberes e prácticas consideradas parte do “patrimonio etnolóxico” (Agudo 1999; Pérez 2011). A noción foi transformándose: durante os trinta anos que preceden á Convención de 2003 houbo traballos de expertos e un debate internacional sobre o tratamento deste tipo de patrimonio (Kurin 2004) e unha evolución do concepto.

En definitiva, a noción de PCI non é nova; véxanse por exemplo, as similitudes da definición de PCI da Convención de 2003 da UNESCO coa definición de folclore de 1846 de William Thoms (Sánchez-Carretero 2005, p. 149); aínda que si que o son as formas en que se define como patrimonio (Kirshenblatt-Gimblett 2004; Arizpe 2004; Quintero-Morón 2005; Pérez 2008; Bortolotto 2011; Santamarina 2013) e unha serie de novas relacións e protagonismos entre os actantes da patrimonialización (Tauschek 2015).

## 1.2. Retos e contradicións

Gran parte da análise antropolóxica sobre o PCI céntrase nas lóxicas e cambios que produce o concibir unha práctica social como PCI e os efectos que producen os distintos instrumentos de xestión que se activan coa devandita etiqueta (Carrera 2005, 2016, 2017; Jiménez de Madariaga 2017; Kirshenblatt-Gimblett 2004; Quintero-Morón 2009; Santamarina 2013; Velasco 2012). Entre as limitacións ou restricións da categoría PCI, segundo o recolle Quintero-Morón (2005), adóitase sinalar que:

- a) O suposto protagonismo outorgado a “comunidades, grupos e nalgúns casos individuos” ten fortes contradicións intrínsecas no modelo de patrimonialización da UNESCO (Carrera 2009, 2016; Hertz 2015; Jiménez de Madariaga 2017).
- b) A creación de listas tivo consecuencias políticas, sociais e cognitivas, xa que esta abstracción da realidade (bens rexistrados), unha vez lexitimada por algún tipo de poder, convértese nunha forma posible de manipulación exposta a diversos contextos políticos e sociais (Carrera 2016).



- c) A participación esixida nos procesos de catalogación pode derivar nun paso burocrático e, por tanto, nunha instrumentalización dos procesos participativos (Sánchez-Carretero, Muñoz-Albadalejo e Roura-Expósito 2019).
- d) Serviu para subsumir categorías legais anteriores como as de patrimonio etnolóxico ou etnográfico e, ao mesmo tempo, manter unha división entre alta e baixa cultura; é dicir, retroalimentar a xerarquización das disciplinas ou tipoloxías patrimoniais e, polo tanto, entre os grupos sociais que protagonizan unhas e outras.
- e) Os procesos de patrimonialización e salvagarda, aínda que pretendan ser dinámicos e estar abertos ao cambio, de facto promoven certo estatismo ou fosilización, o que supón un profundo paradoxo respecto a unhas prácticas e coñecementos definidos como vivos e en transformación, tendo en conta que tamén se prepara como un produto para o consumo da industria turística.

Dentro da análise dos procesos de patrimonialización do PCI, tamén se destacan algunhas das achegas desta categoría:

- a) É un paso máis no proceso que vai dunha noción restritiva e elitista a outra máis “incluínte e democrática”. Propón reflectir a diversidade cultural, dar cabida a grupos indíxenas ou minoritarios e permitir a visibilización de novos colectivos na esfera do patrimonial. Trata de superar a dimensión monumental do patrimonio cultural e de expandir os Estados-nación, grupos e suxeitos “produtores” de patrimonio.
- b) Ao salientar a dimensión inmaterial sublíñase a acción mesma, o aspecto procesual, o carácter vivo e cambiante destes patrimonios (algo que xa tiña precedentes tanto respecto ao patrimonio natural como ao cultural), incorporando unha visión antropolóxica do patrimonio.
- c) Dá protagonismo ás comunidades, grupos e suxeitos produtores, depositarios ou portadores dese patrimonio.

De acordo con Kishenblatt-Gimblett (2004) e moitas outras autoras e autores, o patrimonio non é o que sempre estivo, senón unha lectura do pasado, da natureza ou do xenio creador que se fai desde o presente. Nese sentido, algúns elementos, bens ou saberes pasan a considerarse, marcarse ou ter a etiqueta de patrimonio ou de patrimonio inmaterial a través dunha serie de accións ou “xestos” (Davallon 2014). As prácticas, rituais, saberes, cosmovisións que chegan a etiquetarse como patrimonio inmaterial están intrinsecamente ligadas á

dimensión local, aos colectivos ou grupos que as levan a cabo e que adquiren, con esta declaración, a responsabilidade do seu coidado no futuro. Desde esta lóxica, a propia Convención de 2003 e os seus instrumentos de desenvolvemento demandan a participación das “comunidades, grupos e nalgúns casos individuos” nos procesos de decisión e actuación respecto ao PCI. Iso supón unha transformación moi importante respecto aos modelos tradicionais de “tutela” do patrimonio por parte das institucións.

## 1.2. PCI como proposta “democratizadora”

Parte do éxito e expansión da Convención de 2003 débese á súa proposta democratizadora que, ademais de visibilizar novos colectivos, dá expresamente o protagonismo da patrimonialización ás “comunidades, grupos e nalgúns casos individuos” pois son só eles os capacitados para “recoñecer como parte integrante da súa identidade cultural” “os usos, representacións, expresións, coñecementos e técnicas” que constitúen o PCI, tal como se afirma no art. 2 da Convención (11). É dicir, son as “comunidades, grupos e nalgúns casos individuos” os que deben identificar, definir e deseñar, entre outros, os inventarios, programas e nomeamentos. Esta relevancia das comunidades e grupos supón un xiro radical, en teoría, respecto ás lóxicas e prácticas das Convencións anteriores da propia UNESCO, que depositaban nos técnicos, expertos e académicos a asignación dun valor supostamente obxectivo e universal aos bens culturais. Nas visións hexemónicas do patrimonio ata a aparición da Convención de 2003, a lexitimidade para a selección e a atribución de valores aos elementos patrimoniais—mesmo ás prácticas e coñecementos tradicionais ou populares—proviña exclusivamente dos/as expertos/as. Depositariar a lexitimidade da patrimonialización nas comunidades e grupos locais supón unha transformación profunda: é o que certos autores denominan como o novo “paradigma participativo do patrimonio” (Adell *et al.* 2015; Cortés, Jiménez-Esquinas e Sánchez-Carretero 2017) inscrito nos actuais modelos de gobernanza neoliberal.

A integración das comunidades e grupos locais na selección do patrimonio, na definición de que valores contén e representa, na decisión de como transmitirlo, transformalo e usalo supón, sen dúbida, unha transformación das xerarquías habituais da patrimonialización e tamén dotar de voz e de visibilización na

“vitrina do patrimonio” a colectivos minorizados, subalternos, pouco visibles... Supón tamén cuestionar a supremacía das creacións occidentais baseadas na materialidade, na obra de grandes arquitectos ou artistas, creadas para o consumo prioritario das elites, para o mantemento do seu poder, para a reprodución da súa distinción (Bourdieu 1998).

## **2. DA CONSERVACIÓN Á SALVAGARDA: CONTRADIÇÕES ARREDOR DO GRUPO “DEPOSITARIO” E DO CONCEPTO DE “COMUNIDADE, GRUPOS E NALGÚNS CASOS INDIVIDUOS”**

O protagonismo de comunidades e grupos autóctonos é necesario para manter e transmitir un patrimonio que se define como “vivo”, dinámico, suxeito a hibridacións e cambios... e que repousa nos quefaceres, prácticas, sentires e expresións dos seus usuarios (Jiménez-Esquinas 2021). Por isto é importante o xiro que supón o paso dun modelo de conservación a un modelo de salvagarda. Este cambio inspírase na protección do patrimonio natural, onde non interesa tanto a conservación dun elemento concreto (unha árbore, por exemplo), senón a salvagarda do ecosistema que fai posible que se dean esas formas de vida. No caso da salvagarda do PCI, trataríase de ter ferramentas que possibiliten a sustentabilidade de prácticas culturais, como –no caso que nos ocupa– o uso de topónimos.

Especialistas en antropoloxía veñen sinalando que o concepto de comunidade que utiliza a Convención de 2003 e outros documentos da UNESCO caracterízase por unha definición idealizada, normalizada e ben delimitada. É dicir, prodúcese unha esencialización da comunidade (Arrieta 2009; Hertz 2015; Kirshenblatt-Gimblett 2004; Tauschek 2015) considerándoa inherentemente boa, exenta de conflitos, homoxénea, sen xerarquías internas, cunha soa voz. En realidade, os colectivos ou comunidades inmersos ou afectados por procesos de patrimonialización son heteroxéneos na súa composición e intereses, teñen diferentes percepcións da acción, do ritual ou do procedemento e atribúenlle a miúdo significados distintos. De feito, como numerosos autores veñen sinalando, a area patrimonial defínese como un espazo de conflito (Herrero 2003; Santamarina e Del Mármol 2020; Quintero-Morón 2005; Pérez 2008; Sánchez-Carretero 2012) debido a que pon de relevo as contradicións e tensións inherentes á so-

cidade desigual e complexa que habitamos. Os procesos de patrimonialización, en tanto que supoñen a selección duns elementos e por tanto exclúen outros (Tunbridge e Ashworth 1996) e en tanto que obrigan a unha resignificación desebens e a unha redución da súa polisemia, son procesos en que as alianzas, as negociacións e os conflitos son frecuentes (Sánchez-Carretero e Jiménez-Esquinas 2016) e onde a heteroxeneidade de intereses e de poder se mostran.

Sobre este tema, a antropóloga Ellen Hertz (2015) mostra como nas definicións de “comunidade, grupos e nalgúns casos individuos” dos textos internacionais aparecen tres conceptos diferentes de comunidade ou colectivo que se usan indistintamente e se mesturan, pero que con todo, teñen efectos prácticos moi distantes entre si. Esta autora, seguindo a Noyes (2012), distingue entre: un concepto fundacional de comunidade (é un colectivo esencialmente definido, pola súa vinculación coa terra e a historia), un concepto relacional (un colectivo que se define por oposición a outros, que son diferentes e antagónicos) e un concepto performativo (un colectivo que se performa, se define e reconstitúe no “facer patrimonio”, na mesma transformación social que “fai” o patrimonio). Os dous primeiros conceptos son os que aparecen implícitos na Convención de 2003, están ligados a comunidades (ou grupos) étnica e historicamente definidos e teñen certo rumbo esencialista; o terceiro opónse a estes dous, concíbese como rede e non existiría independentemente do patrimonio (Hertz 2015), é dicir, confórmase a través da patrimonialización.

### **3. AS CONTRADICIÓNS NA (OU DA) XESTIÓN PATRIMONIAL**

O traballo das institucións de xestión patrimonial é complexo e é vital reflexionar sobre a procura de modelos alternativos, tal e como se propuxo no Foro de patrimonio organizado polo Consello da Cultura Galega en 2019-2021<sup>3</sup>. É preocupante como afectan á vida diaria de profesionais, técnicos/as ou conservadores/as do patrimonio uns procedementos que non permiten deixar o tempo e o espazo necesario para repensalos. Uns modos de facer constrinxidos por modelos decimonónicos (catálogos, inventarios) e por unha maquinaria patrimonial de estrutura reactiva. É dicir, que está exhausta dando resposta á

---

3 Pódese ver a presentación dos resultados en <http://consellodacultura.gal/evento.php?id=201139> e a publicación resultante en <http://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=4423> (Blanco, Nieto e Sánchez-Carretero 2021).

incoación de expedientes e aos procesos administrativos que conlevan, sen persoal nin orzamentos para ir un paso máis aló. Esta situación non é exclusiva de Galicia, senón que se encadra nas formas de xestión patrimonial actuais definidas por unha gobernanza neoliberal do patrimonio (Cortés, Jiménez-Esquinas e Sánchez-Carretero 2017; Santamarina e Del Mármol 2020).

#### **4. A NECESIDADE DE VENCELLAR INVESTIGACIÓN-ACCIÓN PARTICIPATIVA (IAP) E TRABALLO ETNOGRÁFICO NOS PROXECTOS DE SALVAGARDA**

Para un tratamento holístico do patrimonio e próximo ás necesidades dos/as cidadáns/as expoño –xunto a Vitoria Quintero-Morón (en prensa)<sup>4</sup>– a necesidade de volver metodoloxicamente ás raíces en antropoloxía: vincular un acompañamento etnográfico coa Investigación-Acción Participativa (IAP). Este modelo non é novo. Tense moita experiencia cos Plans Especiais de Salvagarda no Brasil e Colombia, por poñer un exemplo, que demostra que é necesario articular un instrumento flexible que poida ser específico para cada caso. E iso xa se probou e se avaliou de forma sofisticada noutros sitios, a través dun plan específico de xestión participativa para cada caso, baseado en acordos sociais.

Os estudos de patrimonio, segundo vimos, cada vez inciden máis nunha perspectiva holística, que supera o obxecto, que axunta as dimensións materiais e inmateriais e que subliña a importancia dos cidadáns e depositarios do patrimonio. Situándonos neste eixo, Quintero-Morón e Sánchez-Carretero propoñen que esta comprensión integral dos patrimonios sexa abordada desde a etnografía –tanto en conxunción horizontal con outras disciplinas, como desde unha posición de liderado ou coordinación. Cando se trata da salvagarda do PCI, a etnografía necesita ocupar unha posición central unida á IAP. Esta idea susténtase na súa idoneidade en dous sentidos: 1) para a comprensión dos fenómenos sociais desde a perspectiva dos seus protagonistas e 2) nunha serie de características consubstanciais ao método etnográfico, que repousan na súa dimensión holística, flexible, artesanal, corporeizada e vinculada aos suxeitos sociais.

---

<sup>4</sup> Desenvolvido dentro do proxecto “LAPat: Laboratorio Abierto del Patrimonio Cultural de Andalucía” coordinado por Gema Carrera (IAPH) e financiado polo Plan Andaluz de Investigación, Desenvolvemento e Innovación.

Se consideramos que o PCI e, en xeral, o patrimonio están ensamblados aos seus protagonistas, ás persoas que os crean, os habitan e os sosteñen; entón a súa salvagarda vai ligada ao coñecemento das perspectivas dos actores sociais. É por isto que a etnografía é un recurso idóneo para a comprensión destes actores sociais e as súas relacións cos seus patrimonios, achegándonos desde perspectivas complexas. Establécese así unha correlación entre obxecto (o patrimonio en xeral e o PCI en particular), obxectivos (a xeración de procesos de salvagarda respectuosos, integrais e participativos) e metodoloxías (o acompañamento etnográfico vinculado á IAP).

En resumo, deixo para o debate desta mesa redonda como se poden facer intervencións sobre a toponimia para superar a visión de “conservar” a toponimia e suxerir medidas para a súa salvagarda baseadas en acordos sociais. A pregunta resumo é como fomentar formas de vida que permitan nomear lugares vencellando a tradición co presente.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Adell, Nicolas, Bendix, Regina, Bortolotto, Chiara e Tauschek, Markus (2015). *Between Imagined Communities and Communities of Practice: Participation, Territory and the Making of Heritage*. Göttingen: Universitätsverlag Göttingen.
- Agudo Torrico, Juan (1999). Cultura, patrimonio etnolóxico e identidade. *Boletín del Instituto Andaluz del Patrimonio Histórico*, 29, 36-45.
- Arizpe, Lourdes (2004). El patrimonio inmaterial, la diversidad y la coherencia. *Museum International*, 221, 133-140.
- Arrieta, Iñaki (2009). Comunidades, científicos y especialistas en los proyectos patrimoniales y museísticos. En: Iñaki Arrieta, ed. *Activaciones patrimoniales e iniciativas museísticas: ¿por quién?, ¿para qué?* Bilbao: Universidad del País Vasco, 11-19.
- Baron, Robert e Spitzer, Nick (2007). *Public Folklore*. Jackson: University Press of Mississippi.
- Blanco Rotea, Rebeca, Nieto Freire, Teresa e Sánchez-Carretero, Cristina (2021). *Foro patrimonio e sociedade. Guía práctica para a análise dun sector clave*

- na gobernanza do futuro*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Bortolotto, Chiara (2011). Le trouble du patrimoine culturel immatériel. En: Chiara Bortolotto, ed. *Le patrimoine culturel immatériel: enjeux d'une nouvelle catégorie*. Paris: Éditions de la Maison des sciences de l'homme, 21-46.
- Bourdieu, Pierre (1998). *La distinción. Criterio y bases sociales del gusto*. Madrid: Taurus.
- Carrera Díaz, Gema (2005). La evolución del patrimonio (inter)cultural: políticas culturales para la diversidad. En: Günther Dietz e Gema Carrera, eds. *Patrimonio cultural, multiculturalismo y gestión de la diversidad*. Sevilla: Consejería de Cultura, 14-29.
- Carrera Díaz, Gema (2016). Propuesta metodológica para la documentación y gestión del patrimonio cultural inmaterial como estrategia de desarrollo social y territorial. Tese de doutoramento. Universidad de Sevilla.
- Carrera Díaz, Gema (2017). Patrimonio inmaterial, reduccionismos, instrumentalizaciones. *Revista Andaluza de Antropología*, 12, 1-30.
- Cortés Vázquez, José Antonio, Jiménez-Esquinas, Guadalupe e Sánchez-Carretero, Cristina (2017). Heritage and Social Participation: critical approaches and new comparative strategies. *Anthropology Today*, 33(1), 15-19.
- Davallon, Jean (2014). El juego de la patrimonialización. En: Xavier Roigé, Joan Frigolé e Camila del Mármol, coords. *Construyendo el patrimonio cultural y natural. Parques, museos y patrimonio rural*. Valencia: Germania, 47-76.
- Herrero, Nieves (2003). Resemantizaciones del patrimonio, reconstrucciones de la identidad. *Etnográfica*, 7(2), 351-368.
- Hertz, Ellen (2015). Bottoms, Genuine and Spurious. En: Nicolas Adell, Regina F. Bendix, Chiara Bortolotto e Markus Tauschek, dirs. *Between Imagined Communities and Communities of Practice: Participation, Territory and the Making of Heritage*. Göttingen: Universitätsverlag Göttingen, 25-57.
- Hymes, Dell (2000). La naturaleza del folklore y el mito del sol. En: Cristina Sánchez-Carretero e Dorothy Noyes, eds. *Performance, arte verbal y comunicación. Nuevas perspectivas en los estudios de folklore y cultura popular en USA*. Oiartzun: Sendoa, 55-73.
- Jiménez de Madariaga, Celeste (2017). De las prácticas participativas locales a la UNESCO. En: Teresa Vicente Rabanaque, Pepa García Hernandorena e

- Antonio Vizcaíno Esteban, coords. *Antropologías en transformación: sentidos, compromisos y utopías*. Valencia: Universitat de València.
- Jiménez-Esquinas, Guadalupe (2021). *Del paisaje al cuerpo: la patrimonialización de la Costa da Morte desde la antropología feminista*. Bilbao: Universidad del País Vasco.
- Kirshenblatt-Gimblett, Barbara (2004). Intangible Heritage as Metacultural Production. *Museum International*, 56(1-2), 52-65.
- Kurin, Richard (2004). Safeguarding Intangible Cultural Heritage in the 2003 UNESCO Convention: A Critical Appraisal. *Museum International*, 56(1-2), 66-77.
- Noyes, Dorothy (2012). The Social Base of Folklore. En: Regina Bendix e G. Hasan-Rokem, eds. *A Companion to Folklore*. Oxford: Wiley Blackwell, 13-39.
- Pérez Galán, Beatriz (2008). El Patrimonio Inmaterial en proyectos de desarrollo territorial en Comunidades Indígenas de Los Andes Peruanos. *Revista Electrónica de Patrimonio Histórico*, 3, 1-29.
- Pérez Galán, Beatriz (2011). Los usos de la cultura en el discurso legislativo sobre patrimonio cultural en España. Una lectura antropológica sobre las figuras legales de protección. *Revista Experimental de Antropología*, 11, 11-30. Disponible en <http://revistaselectronicas.ujaen.es/index.php/rae/article/view/1887/1639>
- Quintero-Morón, Victoria (2005). El patrimonio intangible como instrumento para la diversidad cultural ¿una alternativa posible. En: Gunther Dietz e Gema Carrera, eds. *Patrimonio cultural, multiculturalismo y gestión de la diversidad*. Sevilla: Consejería de Cultura, 68-83.
- Quintero-Morón, Victoria (2009). *Los sentidos del patrimonio. Alianzas y conflictos en la construcción del patrimonio etnológico andaluz*. Sevilla: Fundación Blas Infante.
- Quintero-Morón, Victoria e Sánchez-Carretero, Cristina (2017). Los verbos de la participación social y sus conjugaciones: contradicciones de un patrimonio democratizador. *Revista Andaluza de Antropología*, 12, 48-69.
- Quintero-Morón, Victoria e Sánchez-Carretero, Cristina (en prensa). La salvaguarda del PCI: trenzando acompañamiento etnográfico y procesos participativos. En: Gema Carrera, ed. *La salvaguarda del patrimonio cultural inmaterial como acuerdo social*. Sevilla: IAPH.



- Sánchez-Carretero, Cristina (2005). Sobre el patrimonio inmaterial de la humanidad y la lucha por visibilizar “lo africano” en la República Dominicana. En: Xosé Carlos Sierra e Xerardo Pereiro, eds. *Patrimonio cultural: politizaciones y mercantilizaciones*. Sevilla: Fundación El Monte, 147-163.
- Sánchez-Carretero, Cristina (2012). Hacia una antropología del conflicto aplicada al patrimonio. En: Beatriz Santamarina, ed. *Geopolíticas patrimoniales. De culturas, naturalezas e inmaterialidades*. Valencia: Germania, 195-210.
- Sánchez-Carretero, Cristina e Jiménez-Esquinas, Guadalupe (2016). Relaciones entre actores patrimoniales: gobernanza patrimonial, modelos neoliberales y procesos participativos. *PH*, 90, 190-197.
- Sánchez-Carretero, Cristina, Muñoz-Albadalejo, José e Roura-Expósito, Joan, eds. (2019). *El imperativo de la participación en la gestión patrimonial*. Madrid: CSIC.
- Santamarina Campos, Beatriz (2013). Los mapas geopolíticos de la Unesco: entre la distinción y la diferencia están las asimetrías. *Revista de Antropología Social*, 22, 263-286.
- Santamarina Campos, Beatriz e Del Mármol, Camila (2020). “Para algo que era nuestro... Ahora es de toda la humanidad”: El patrimonio mundial como expresión de conflictos. Chungara. *Revista de Antropología Chilena*, 52(1), 161-173.
- Smith, Laurajane (2006). *The Uses of Heritage*. London: Routledge.
- Tauschek, Markus (2015). Imaginations, Constructions and Constraints: Some Concluding Remarks on Heritage, Community and Participation. En: Nicolas Adell, Regina F. Bendix, Chiara Bortolotto e Markus Tauschek, dirs. *Between Imagined Communities and Communities of Practice*. Göttingen: Universitätsverlag Göttingen, 291-306.
- Velasco Maillo, Honorio (2012). De patrimonios culturales. *Gazeta de Antropología*, 28, 3.

## Notas de toponimia xacobeica galega

Gonzalo Navaza

*Real Academia Galega*

Expoño aquí algunhas notas sobre topónimos galegos, nalgúns casos con paralelos fóra de Galicia, que podemos considerar motivados polo feito xacobeo e as peregrinacións a Compostela. Deixo á parte os haxiotopónimos que conteñen o nome de *Santiago* ou as parroquias que veneran esta advocación; naturalmente, son moitos os lugares en que se dá esta circunstancia, pero non todos teñen necesariamente relación coas vías de peregrinación. Do nome *Santiago* e da súa presenza na toponimia doutras áreas xa se ocuparon noutras comunicacións e só quero insistir en algo que xa se dixo: que *Santiago* é probablemente a creación onomástica galega de máis éxito fóra das nosas fronteiras.

### CAMIÑO

*Camiño* é un termo con moitísima presenza na microtoponimia. Son infinidade os topónimos que o conteñen que non gardan ningunha relación cos camiños de peregrinación, pero si o teñen aqueles casos en que *camiño* forma parte do nome dunha parroquia porque o Camiño por antonomasia atravesa o seu territorio. Son os seguintes:

- *San Martiño de Calvos de Sobrecamiño (San Martiño)*, concello de Arzúa, A Coruña (Camiño Francés).
- *Calvos de Socamiño (San Martiño)*, concello Touro, Pontevedra (Camiño Francés).
- *San Xiao do Camiño (San Xiao)*, concello de Palas de Rei, Lugo (Camiño Francés).
- *San Mamede do Camiño (San Mamede)*, concello de Sarria, Lugo (Camiño Francés).

- *San Miguel do Camiño (San Miguel)*, concello de Castroverde, Lugo (Camiño Primitivo).
- *A Virxe do Camiño*, concello de Pontevedra (Camiño Portugués).

## HOSPITAL

Podemos adscribir tamén á toponimia xacobeá os topónimos que conteñen o substantivo *hospital*, excluídos naturalmente os relativos a centros médicos modernos. Supoñemos en todos eles a existencia dun hospital ou albergue de peregrinos na época medieval, aínda que debemos ter en conta que poden existir microtopónimos medievais con este substantivo que non se refiren a un hospital de peregrinos senón a propiedades da orde de Malta ou de San Xoán do Hospital de Xerusalén, pois na documentación medieval non é raro vela denominada como *orde do Hospital* ou *de San Xoán do Hospital* (por exemplo, en documento do ano 1331: “(mando) aa Orden de San Johán do Hospital todas las cousas que ayo...”, TMILG), mais cando dá nome a un núcleo de poboación interpretamos que si é un topónimo xacobeo. No *Nomenclátor de Galicia* recóllense os seguintes:

No Camiño Francés:

- *O Hospital*, lugar e parroquia (san Xoán) en Pedrafita do Cebreiro.
- *O Hospital*, lugar da parroquia de San Mamede do Río en Portomarín, que motiva tamén o topónimo *O Alto do Hospital*, na veciña parroquia de Nespereira (San Cibrao).
- *O Hospital das Seixas*, na parroquia de Merlán, Palas de Rei (Lugo).

Da vía chamada Künig (o nome vénlle do peregrino Hermann Künig, do século xv), que pasa por Lugo, ou ben da variante do Camiño Francés por Sobrado:

- *Hospital*, na parroquia de San Pedro de Mera, concello de Lugo (Lugo).
- *Hospital*, parroquia de Santo André de Chamoso, concello do Corgo (Lugo).

Do Camiño Inglés, dúas ramas desde a Coruña e Ferrol que confluían en Bruma e coa variante por Sobrado do Camiño Francés:

- *Hospital*, parroquia de Andavao (San Martiño), Boimorto.
- *Hospital*, parroquia de Bruma (San Lourenzo), Mesía.

Da variante do Camiño do Norte chamada “Camiño do Mar”, que transcorre pola Mariña e Ortegal:

- *Campo do Hospital*, na parroquia de Montoxo (San Xiao), Cedeira.
- *Hospital*, parroquia de San Claudio (Santa María) en Ortigueira.

Na zona meridional da provincia de Lugo, por vía alternativa ao sur do actual Camiño Francés, en dirección a Lemos onde probablemente se encontraba co antigo camiño que viña desde Viana do Bolo e cruzaba o Sil na barca de Torbeo:

- *Hospital* e *O Carballo do Hospital*, na parroquia do Hospital, Quiroga, Lugo.
- *Hospital*, lugar na parroquia *do Hospital*, concello do Incio, Lugo.

No interior da provincia da Coruña, no que podería ser unha vía alternativa ao Camiño Inglés:

- *Hospital*, parroquia de Dumbría, no concello deste nome.
- *Hospital*, parroquia de Xallas de Castriz, concello de Santa Comba.

No Camiño Portugués:

- *Hospital*, parroquia e concello de Tomiño.

A estes podemos engadir outros topónimos *O Hospital* ou *O Espital* hoxe perdidos. Entre eles, o da parroquia hoxe chamada O Condado, no concello ourensán de Padrenda, en territorio da Raia Seca, que na Idade Media era diocese de Tui, que na documentación medieval se denomina *Santa María do Hospital* ou *do Espital* (“casal do Condado que jaz ena felegresía de Santa María do Espital”, ano 1448, Vaquero, *Celanova*, nº 353).

## OS NOMES XACOBEOS DE DON AFONSO

O rei Afonso IX, seguindo o modelo do foro de Benavente outorgado polo seu pai Fernando II, mudoulle o nome a un número significativo de poboacións

con motivo da concesión dunha carta municipal ou carta foral de poboamento. Os novos nomes son polo tanto creacións medievais, tal como se confirma na documentación, malia que algúns deles se viñesen considerando ata hai pouco topónimos patrimoniais antigos. Creacións medievais atribuíbles ao rei e en ningún caso topónimos preexistentes no lugar. De entre os novos nomes impostos durante o reinado deste monarca (“Afonso oitavo alias noveno” de Galicia e de León, 1188-1230), moitos responden a modelos franceses e occitanos do repertorio de toponimia militar que xa foran empregados previamente noutros reinos hispánicos (*Milmanda, Monforte, Salvaterra, A Guarda...*), pero outros teñen inequívoca motivación xacobeas e inspiración carolinxia. Non podemos esquecer que este rei foi o gran promotor medieval do Camiño de Santiago; a primeira carta foral que concedeu (en 1188, pouco despois de ascender ao trono) foi a de Vilanova de Oscos, importante etapa –con hospital– do camiño do norte. Comentarei aquí tres topónimos que podemos chamar *xacobeos* debidos a este rei: *Rozavales, Viana e A Coruña*. O primeiro non nace propiamente cunha carta foral, pero si dun acto administrativo do monarca.

## Rozavales

*Rozavales* é o nome de parroquia do concello de Monforte. Antigamente chamábase *Salvadur*, nome que perdura no dunha das súas entidades de poboación e mais como segundo elemento do composto no da veciña parroquia de *Vilachá de Salvadur*, xa pertencente ao concello de Quiroga. O topónimo *Salvadur* remonta a un antropónimo latino *Salvator*, probablemente a partir dunha forma de xenitivo \**Salvatori* (e non *Salvatoris*) e documéntase no século VI como un dos lindes meridionais do territorio diocesano de Lugo.

O 17 de abril de 1193, mediante documento dado en Monforte cando aínda se denominaba *O Pino*, o rei Afonso IX concédelle esa freguesía chamada ata entón *Salvadur*, en terra de Lemos, á Confraría do Hospital de Roncesvales, orde fundada en 1127 polo bispo de Pamplona e dedicada ao auxilio dos peregrinos a Compostela:

*In Dei nomine. Ego Adefonsus, Dei gratia rex Legionis et Gallecie, per hoc scriptum notum facio presentibus et futuris quod do et hereditario iure concedo Deo et Hospitali Sancte Marie de Roscidavale illam ecclesiam meam de Santa Maria de Salvador cum suis pertinenciis* (González 1944, II, p. 101).

Con esa doazón, *Salvadur* pasa a denominarse *Roçavales*, coa mesma advocación de Santa María, e así figura en toda a documentación posterior a 1193. Hoxe consta como *Rozavales* no *Nomenclátor de Galicia* de 2003. O coñecido topónimo do Pireneo navarro (esp. *Roncesvalles*, arag. *Ronzesbals*, fr. *Roncevaux*, éuscaro *Orreaga*), escenario dun dos máis célebres episodios das lendas carolinxias e presente no nome da Confraría, ten en galego medieval a forma *Roçavales*, interpretado como composto de *roçar* ('limpar de maleza un terreo', galego actual *rozar*) e o plural de *val* (< latín VALLEM).

No *Nomenclátor de Galicia* constan outros dous núcleos de poboación co mesmo substantivo de connotacións carolinxias: *Rozavales* e *Souto de Rozavales*, dúas aldeas en Trives, Ourense, na parroquia de San Martiño de Manzaneda. O nome obedece a que tamén foron propiedades da Confraría do Hospital de Roncesvalles, administradas desde a freguesía de Rozavales en Lemos. Na colección documental de Montederramo encontramos mostra desa relación: *en Triues [...] leyra dos freyres de Rroça Uales* (ano 1296, Lorenzo, Montederramo, n. 581).

## Viana

*Viana do Bolo* é o nome dunha vila, parroquia e concello da provincia de Ourense. Co nome de *Viana* só se documenta desde o século XIII, como nome da poboación e tamén do seu territorio, que no Antigo Réxime constituíu unha xurisdición civil e un arciprestado eclesiástico. Antes do século XIII, ese territorio aparece mencionado na documentación como *Rouoreta*, *Rouoreda*, *Roureda* e variantes, que representan o resultado dun étimo ROBŌRĒTA, derivado de ROBŌREM 'carballo'. Para termos unha idea da extensión dese territorio dispoñemos de documentación desde o século XI que nos mostra unha lista das súas igrexas: *In valle Rovoreda, Caldesinus, Sancto Iohanne, Sorveira, Omoso, Castro Malo, Cella Valenti* (ano 1029, Celanova nº 457, CODOLGA): hoxe son parroquias (Caldesiños, Seoane, Solbeira, Quintela de Umoso / Tabazoza de Umoso, Castromao, Celavente) pertencentes aos concellos de Viana do Bolo e o seu veciño da Veiga.

A carta foral de Viana non se conserva; Julio González, na súa edición da colección diplomática deste rei, cre que foi concedida en 1206 baseándose nun documento hoxe perdido pero reproducido na *España Sagrada*, dado en León en agosto de 1206, polo cal o rei ofrece compensacións ao bispo de Astorga polo prexuízo derivado do *poboamento* de "Viana, en Robleda, Ponferrada e Laguna

del Páramo [...]” (González 1944, II, 776-777). Noutro documento tres anos posterior; Afonso IX confirma a doazón ao bispo de Astorga das igrexas presentes e futuras de Ponferrada, Castro Ventosa e “de Viana in Roureda” (1209) onde, xunto co novo nome da vila, segue empregándose o nome vello para referirse ao territorio.

A data de nacemento (1206) fai da do Bolo a primeira das *Viana* peninsulares, de xeito que podemos atribuír a patente dos topónimos ao rei don Afonso. A finais da década seguinte, en 1219, o rei Sancho VII de Navarra concedeulle carta de poboamento a unha vila nacida arredor dun hospital de peregrinos a Compostela e impúxolle tamén o nome de *Viana*. A mencionada presenza en Galicia da orde de Roncesvales, protexida pola monarquía navarra, proba a colaboración entre don Afonso e Sancho VII na promoción do Camiño, e noutros novos topónimos impostos, coa concesión de carta foral, tamén houbo coincidencia na escolla dos dous monarcas (por exemplo en *A Guarda* galega e *La Guardia* navarra).

A orixe dos diferentes topónimos *Viana* da Península era controvertida aínda hai pouco tempo. Ao non atopárselles unha explicación latina ou romance, tíñanse por prelatinos. Sabendo que son creacións medievais, explícase a estraña conservación do *-n-* intervocálico en dominios lingüísticos coma o do galego e do portugués. Na *Viana* navarra, a relación co Camiño de Santiago é evidente porque naceu como hospital de peregrinos na proximidade de lugares como Roncesvales e Valcarlos, que evocan as lendas carolinxias do Camiño, recollidas na *Historia Turpini*, o libro IV do *Códice Calixtino*, onde o arcebispo francés Turpín conta como o seu amigo o emperador Carlomagno “librou as terras de España e de Galiza do poderío dos mouros”, segundo se di na versión galega medieval incluída nos *Miragres de Santiago*. Nesa *Historia Turpini*, *Viana* (*Vienna* no texto latino, correspondente a *Viana* en occitano, *Viana* tamén na versión galega medieval) é o nome da cidade do propio arcebispo. A *Historia Turpini* carga de connotacións xacobeas o topónimo *Viana*, o cal, ademais, pode etimoloxizarse como un adxectivo derivado de *via* ‘camiño’. Esta clase de etimoloxizacións (no sentido das *Etimoloxías* isidorianas) está moi presente na simboloxía dos nomes na Idade Media e na súa iconografía: León represéntase cun león a pesar de que se saiba que o topónimo corresponde a un latín *legionem*, pois así escriben o nome da cidade en latín. A vieira como símbolo do peregrino baséase tamén nun simbolismo etimoloxizante, e ademais nacido en lingua galega, pois só en

galego conflúen os resultados dos adxectivos latinos derivados de *Venus* (VENERA), que dá nome á cuncha, e mais o adxectivo VIARIA, derivado de *via* ‘camiño’.

Se na Viana navarra a relación co Camiño é evidente, pola súa propia situación, quizais non parece tan clara esa relación no caso de Viana do Bolo. Iso na actualidade, porque no século XIII, un dos camiños de Santiago accedía desde León a Galicia por Viana, e desde alí atravesaba a serra en dirección a Caldelas para atravesar o Sil na Ribeira Sacra. A concesión da parroquia de Salvador, en Lemos, aos frades de Roncesvales ilustra a vontade do rei de promover esta rama do Camiño. Desde Lemos, o Camiño cruzaba Miño por Belesar en dirección a Chantada, onde atopamos unha nova parroquia denominada *Viana*. Non dispoñemos de información suficiente para esta segunda Viana, pero é verosímil que sexa debida tamén a Afonso IX, quen tiña en Chantada e no seu mosteiro de San Salvador de Asma un dos seus centros de actividade e favoreceu as igrexas da zona. A documentación medieval nesa área fala dun “camiño francés” entre Lemos e Chantada, e na parroquia de Líncora menciónase unha “Fonte do Espital” (Ferreira 1988, p. 194).

Outro topónimo *Viana* imposto polos reis medievais e relacionado co Camiño de Santiago é a portuguesa *Viana do Castelo*, importante etapa do Camiño Portugués pola costa, con albergue para peregrinos na rúa aínda chamada hoxe *do Hospital Velho*. O nome de Viana impúxoo en 1262 Afonso III o Boloñés, cunha carta foral que segue o modelo usado por el mesmo en *Contrasta* (hoxe *Valença do Minho*), onde o texto fai explícita a mudanza do topónimo; a parroquia de *Santa María de Foz de Lima* e a súa vila chamada *Atrio* pasan a ter unha nova denominación: “de novo impono nomen *Viana*” (Ventura e Oliveira 2006, pp. 325-326). O segundo elemento do composto actual (*Viana do Castelo*) incorporouse ao nome moi posteriormente. En Portugal hai outra *Viana do Alentejo*, que é eco desta Viana miñota.

## A Coruña

Pola mesma razón que a anterior, pois tamén é un nome tomado da *Historia Turpini* na forma *Crunia*, o nome da Coruña é un topónimo xacobeo. Considerábase ata hai pouco un topónimo de orixe e etimoloxía descoñecidos. A opinión máis estendida entendíao escuro ou controvertido na súa forma e significado porque carecíamos de documentación suficiente para esclarecelo. A realidade é



outra: a documentación que posuímos abonda para afirmar que non é un topónimo antigo, senón que naceu a comezos do século XIII por vontade do rei. Nun estudo monográfico, ao cal remito para os pormenores, expuxen as conclusións a que nos conduce a documentación: o topónimo impúxoo Afonso IX cunha motivación que non difire das que moveron a este rei a dar novo nome a outras poboacións ao tempo da concesión dunha carta foral. A da Coruña concedeuse en 1208 e con ela, a vila chamada ata ese momento *Faro* pasou a denominarse cun novo nome: en latín *Crunia* (tal como figura na fonte de onde se toma), en romance con consoante nasal palatal e con artigo desde os primeiros rexistros escritos: *A Cruña* en galego, *La Cruña* en castelán. O vello nome de *Faro*, á súa vez, substituíra séculos atrás o topónimo prerromano, céltico, de *Brigantium* o *Brigantia*.

Os estudosos que coñecían os rexistros medievais, interpretando ao pé da letra o texto onde se le *in loco qui dicitur Crunia*, deducían que o nome non era novo senón que xa existía previamente no lugar. O mellor coñecemento doutras cartas forais permite saber que esa fórmula foi habitual cando seguen o modelo do foral de Benavente: menciónase o novo topónimo como se xa fose o nome do lugar (“villa que Milmanda dicitur”...) e non se fai mención do cambio. Na documentación relativa á vila de Faro non aparece ningún *Crunia* anterior a 1208; coñecendo as motivacións e os repertorios de topónimos usados polos reis medievais resulta inverosímil a idea de que o rei optase excepcionalmente por un microtopónimo local descoñecido na documentación.

O rei tomou o topónimo *Crunia* tamén da *Historia Turpini*, o cuarto libro do *Códice Calixtino*. No texto, *Crunia* é o nome dunha das localidades galegas conquistadas por Carlomagno. Novamente, o mundo do culto ao apóstolo e das peregrinacións motivou a escolla de Afonso IX para renomear Faro con motivo da carta foral. O capítulo III da *Historia Turpini* comeza coa enumeración das supostas conquistas en Galicia; a pesar das alteracións (*Visunia* por *Viseo*, *Aurenas* por *Auriense*...), todas eran identificables excepto unha enigmática *Crunia*: “Urbes et maiores ville quas tunc adquisivit in Gallecia, ita vulgo dicuntur [‘Cidades e vilas maiores que daquela conquistou en Galicia, tal como as di o vulgo’]: *Visunia*, *Lamego*, *Dumia*, *Colimbria*, *Lugo*, *Aurenas*, *Yria*, *Tuda*, *Midonia*, *Brachara metropolis*, *Civitas Sancte Marie Vimarana*, *Crunia*, *Compostella quamvis tunc temporis parva* [‘e Compostela que naquel tempo era pequena’] .

O nome de *Crunia* para a vila antes chamada Faro nace en 1208. A localidade que aparece con ese nome na *Historia Turpini*, un texto datable arredor de 1140, era durante o século XII un lugar descoñecido. Moitos especialistas creron que esa *Crunia* do texto era A Coruña actual, mais a documentación é incontrovertible: a poboación chamábase *Faro* en 1140 e seguiu chamándose así durante décadas; a *Crunia* citada no *Calixtino* é a fonte do novo topónimo, non o seu rexistro máis antigo. Un exame pormenorizado da toponimia da *Historia Turpini* permite formular a hipótese de que a *Crunia* do texto é un *lapsus calami* por *Cauria*, a actual Coria da Estremadura española. Entre as poboacións conquistadas que se enumeran non falta ningunha das que eran sedes diocesanas no tempo do relato, e a sede de *Cauria* non está onde sería esperable, entre as da Lusitania sufragáneas de Mérida, e si está, alterada na súa grafía, entre as da Gallecia, o mesmo que as portuguesas de Viseu e Lamego.

Desde 1208 e durante as primeiras décadas da súa existencia, o topónimo rexístrase inalterado como *Crunia* en latín e *Cruña* en romance, pero a finais do mesmo século xa comezan a asomar en latín e en castelán alteracións ou novas variantes que o aproximan ou equiparan ao nome dunha localidade castelá, a *Clunia* da antigüidade, *Curuñal Coruña* en romance (hoxe Coruña del Conde, Burgos). Esa alteración dun topónimo de imposición real tan recente parece responder a un propósito da monarquía (xa castelá) de borrar as connotacións carolinxias do nome, xa que o novo paradigma histórico que se impuxera desde Castela a mediados do século XIII rexeitaba como verdade histórica a participación de Carlomagno na Reconquista e condenaba os contidos da *Historia Turpini*.

Non se conserva o primitivo texto foral de 1208, en latín, onde o nome tería que figurar como *Crunia*, pois esa é a forma usada nos documentos dese ano en que o rei ofrece compensacións ao bispo de Santiago e ao mosteiro de Sobrado, como pode verse no CODOLGA. O que se conserva é un diploma de 1286 coa confirmación de Sancho IV; nel, en vez de reproducir o nome tal como aparecería na carta foral (*Crunia*), emprégase xa a forma trisilábica *Curunia*.

Na tradución medieval ao galego da *Historia Turpini*, realizada a finais do século XIV ou comezos do XV, non aparece o topónimo na relación das conquistas galegas de Carlomagno. A omisión non pode ser casual: os tradutores medievais aínda sabían que aquela *Crunia* do texto non era Faro.

## A PONTE NAFONSO

Outros nomes impostos por Afonso IX posiblemente responden tamén a motivacións xacobeas, como é o caso de *Baiona*, eco da Baiona do País Vasco francés, que na *Historia Turpini* é escenario dun dos milagres do apóstolo, mais non podemos coñecer realmente o que levou ao rei a impoñerlle ese nome á vila da ría de Vigo previamente chamada *Irisán* en romance, *Erizana* en latín.

Remato a exposición incluíndo intencionadamente entre a toponimia xacobeas o nome da *Ponte Nafonso*. Non é propiamente un topónimo xacobeo, pero é unha construción destinada a favorecer o Camiño que vén dos portos (principalmente de Muros, que era porto reguengo) e atravesa o Tambre no seu tramo final. Había unanimidade en considerar que o seu nome procedía do dun rei (*Ponte de Don Afonso*, *Ponte Don Afonso*, *Ponte (do)n Afonso*, *Ponte Nafonso*) mais víñase discutindo que *Afonso* era ese. Moitas fontes aínda atribúen a ponte a Afonso II o Casto ou a Afonso III. Mais desde a publicación da colección documental de Toxosoutos xa non pode manterse a dúbida: é obra de Afonso oitavo chamado noveno, don Afonso por antonomasia. Por diferentes textos desa colección (doazóns, mandas testamentarias destinadas á construción da ponte) sabemos que a obra estaba en curso na década de 1220, e que naquel momento aínda non se coñecía polo nome do monarca protector, pois aparece denominada como *Ponte de Pías* (en documentos en latín; quizais “das Pías” se estivesen en romance). Nese topónimo hónrase a memoria do rei medieval que máis pegada deixou na toponimia galega.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Ávila y la Cueva, Francisco (1995). *Historia civil y eclesiástica de la ciudad de Tuy y su obispado*. 4 vols. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. Ed. facsimilar do manuscrito de c.1852.
- CODOLGA = López Pereira, José Eduardo, dir. (2020). *Corpus Documentale Latinum Gallaeciae*. [Acceso 1 outubro 2021]. Disponible en <http://corpus.cirp.es/codolga>
- Duque, Pedro (1974). El fuero de Viana. *Príncipe de Viana*, 35 (136-137), 409-428.

- Ferreira Priegue, Elisa (1988). *Los caminos medievales de Galicia*. Boletín Avriense. Anexo 9. Ourense: Museo Arqueolóxico Provincial.
- González, Julio (1944). *Alfonso IX*. Madrid: Instituto Jerónimo Zurita.
- Herbers, Klaus e Santos Noia, Manuel, eds. (2001). *Historia Turpini. Liber sancti Jacobi, Codex Calixtinus. Libro IV*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Lorenzo, Ramón (2016). *Colección documental do mosteiro de Montederramo*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Navaza, Gonzalo (2016). A orixe literaria do nome da Coruña. *Revista de Filoloxía Galega*, 17, 119-164.
- Navaza, Gonzalo (2017). A intervención régia na toponimia galega medieval. Os nomes de Afonso IX. *Guavira Letras*, 25, 50-78.
- Navaza, Gonzalo (2020). Retoponimizaciones regias medievales en el noroeste peninsular. En: *Actes de la XII jornada d'Onomàstica. Onomàstica Hispànica. Normalització i Investigació. València, 2019*. València: Acadèmia Valenciana de la Llengua, 113-182.
- PARES = *Portal de Archivos Españoles. Ministerio de Educación, Cultura y Deporte*. [Acceso 1 outubro 2021]. Disponible en <http://pares.mcu.es/>
- Pensado Tomé, José Luís, ed. (1958). *Os Miragres de Santiago. Versión gallega del Códice latino del siglo XII atribuido al papa Calisto I*. *Revista de Filología Española*, anexo LXVIII. Madrid: CSIC.
- Sandoval, Prudencio de (1610). *Antigüedad de la ciudad, y Iglesia cathedral de Tuy y de los obispos que se save aya auido en ella*. Braga: Em casa de Fructuoso Lourenço de Basto.
- TMILG = Varela Barreiro, Xavier, dir. (1993-). *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*. [Acceso 1 outubro 2021]. Disponible en <http://ilg.usc.es/tmilg>
- Ventura, Leontina e Oliveira, Antonio Resende de (2006). *Chancelaria de D. Afonso III: Livro 1. Vol. I*. Coimbra: Imprensa da Universidade de Coimbra.
- Xunta de Galicia (2003). *Nomenclátor das provincias, concellos, parroquias e lugares de Galicia*. [Acceso 1 enero 2021]. Disponible en <https://www.xunta.gal/nomenclatorAo>



## Debate

Moderadora: Luz Méndez

Participantes: Cristina Sánchez-Carretero, Eduardo López Pereira, Gonzalo Navaza,  
Ana Boullón

### Luz Méndez

A toponimia pode parecer unha pequena parte de todo o conxunto do patrimonio inmaterial galego, pero sabemos xa o sorprendente que é o conxunto de nomes de lugar de Galicia cuantitativamente. Está protexida por lei, non obstante, non todos cremos que se chegará a tempo de rexistrar este patrimonio antes de que a súa transmisión se crebe.

Somos o berce do pai dos estudos onomásticos modernos, Martín Sarmiento; eu e outros aínda seguimos soñando, xa camiño de que pasen catro séculos do nacemento do bieito, cun exército de *aletophilos* ben pagados, para non teren que ser varóns, primoxénitos, vinculeiros e orfos aos 21, que é como Sarmiento o imaxinaba.

Sei que o título desta mesa redonda é talvez demasiado difuso. Quería iniciar o debate volvendo a redundar un pouco na pregunta ou no desexo do título: considerades que temos ferramentas abondo para ser centro dos estudos toponímicos europeos? En certa maneira, a idea desta mesa redonda é tamén buscar o apoio do Consello da Cultura Galega, da Academia Xacobeá e do Goberno galego para, aproveitando que o ano que vén é outra vez Ano Xacobeo, organizar un congreso internacional de toponimia que congrege especialistas de toda Europa para facelos partícipes desa necesidade de rexistrar a toponimia do Camiño. Entón, credes que temos ferramentas suficientes desde o punto de vista patrimonial para poder ser dalgunha maneira ese elo de unión onomástico con respecto á toponimia europea? Non sei se a pregunta é un pouco vaga pero esa era a idea do título...

### Cristina Sánchez-Carretero

Eu, claro, tiña un apartado sobre o Consello da Cultura Galega. O Consello, do que formo parte da sección de patrimonio, desenvolveu no 2019, 2020, 2021 un foro de patrimonio especificamente dedicado a crear ferramentas que faltan. Penso que si, que as ferramentas que agora mesmo se teñen son pioneiras,

que as experiencias en centros educativos, a centralidade dos estudos de toponimia nesas ferramentas teñen unha solidez clara dentro do Camiño, e isto é moi innovador. Eu, como din na miña terra, para arrimar a ascua á miña sardiña, penso que o que falta é unha colaboración multidisciplinar, con traballos, con ese acompañamento. Penso que se está moi avanzado nos estudos, pero falta o salto ao cambio das prácticas cidadáns. Pero, por suposto, ánimo para facer ese congreso.

### **Eduardo López Pereira**

Eu distinguiría, evidentemente, que hai unha parte da macrotoponimia que máis ou menos está descuberta, pero hai unha gran parte de microtoponimia que está por descubrir. E creo que é o papel fundamental; é dicir, os grandes marcos de toponimia, salvo algunhas precisións moi concretas, como determinar agora *Crunia*, están feitos máis ou menos. Pero esa microtoponimia que creo que é na que estades a traballar, esa si que penso que é moi importante, porque non vai dar saltos de dez en dez quilómetros como sucede coa macrotoponimia, senón que no medio queda moita microtoponimia por descubrir e divulgar que probablemente non está aínda, polo menos, ao acceso de todo o mundo, o que si que é importante.

### **Luz Méndez**

Si, e sobre todo que o coñecemento desa microtoponimia é moi local, é dicir, a microtoponimia relativa ao Camiño que pasa por, por exemplo, Navarra, pois coñécena os habitantes dos distintos lugares, nada máis.

### **Gonzalo Navaza**

Cando dis se hai ferramentas, eu creo que para un toponimista nunca houbo no pasado un momento no que dispuxésemos de tanto acceso á documentación. Por exemplo, o Arquivo Histórico da Universidade de Santiago, o Arquivo da Catedral de Santiago, o portal PARES... Un pode acceder a documentos medievais, ver o orixinal alí, como nunca se puido no pasado. É máis fácil fabricar un *aletóphilo* de Sarmiento hoxe en día que hai douscentos anos. Hai moita documentación.

É que a toponimia, dentro do patrimonio, ocupa un lugar moi particular e ten unhas características bastantes distintas ao resto do patrimonio inmaterial,

ou polo menos do outro patrimonio inmaterial. Non sei se isto é coñecido, pero na Lei de salvagarda do patrimonio inmaterial española do ano 2015, se se inclúe unha mención explícita á toponimia tradicional é a instancias da Real Academia Galega, porque eran coñecedora de que se estaba redactando un borrador e de que non había ningunha referencia á toponimia. Foi a instancias da Academia.

A toponimia ten de particular dentro do patrimonio que, en primeiro lugar, ten unha función social viva, que é designar a realidade xeográfica. Hai moito patrimonio que funciona, que está a medio camiño entre o que ten función e o que debe conservarse porque perdeu a función social; é dicir, porque pasou a ser folclore en vez de ser hábitos tradicionais de comportamento. Pero a toponimia ten unha función práctica que é designar o territorio. De maneira que a salvagarda da toponimia en principio non require de maior esforzo, salvo que o topónimo estea competindo con outros topónimos. É unha función necesaria que os lugares teñan o seu nome, de maneira que a toponimia require moito menos gasto, moito menos esforzo na súa salvagarda que calquera outro elemento do patrimonio inmaterial, penso eu.

E logo ten esoutra peculiaridade que xa comentamos: é que, a diferenza doutros elementos do patrimonio, canto máis se usa, máis fortaleza adquire. Non se desgasta nin se consome; ao revés. De maneira que ten algo de particular dentro da cuestión do patrimonio. O simple feito de que poida continuar tendo unha función, como teñen as coordenadas xeográficas, de designar un elemento da paisaxe, xa favorece a conservación da toponimia. Porque hai unha función pública que pode seguir exercendo.

### **Luz Méndez**

Algunha pregunta entre os membros do público.

### **Ana Boullón**

O que eu quero comentar é que Galicia, realmente, dende o punto de vista científico, considero que está preparada para liderar un congreso internacional desas características. O estudo da toponimia en Galicia, como vós sabedes ben e como ti, Luz Méndez, comentaches antes, foi comezado en Galicia por Martín Sarmiento. Pero precisamente a riqueza da nosa toponimia ocasionou que houbera un interese polo seu estudo desde hai moitísimo tempo. Despois, trala Lei de normalización lingüística e a revisión do *Nomenclátor* que fixo a Comisión



de Toponimia da Xunta de Galicia, levouse a cabo un gran fornecemento de materiais ao estudo das fontes, a unha metodoloxía das formas toponímicas, que realmente eu considero, sen esaxerar, que estamos na vangarda dos estudos toponímicos científicos da Península Ibérica, por non chufarnos moito.

### **Gonzalo Navaza**

Efectivamente, a lingüística diacrónica en moitas zonas de Europa dende hai cincuenta anos pasou de moda; é unha especie de lingüística histórica ou historia da lingua ou este tipo de cousas. Está ausentes dos programas oficiais.

### **Ana Boullón**

Eu non me refería só ao estudo da lingüística histórica. O estudo da toponimia ten un interese, certo, da etimoloxía e destas cousas que a nós tanto nos gustan. Pero á parte, tamén ten unha dimensión práctica e actual que pode proxectarse de moitas formas: non só nas vertentes didácticas que hoxe vimos aquí neste par de experiencias tan interesantes, senón tamén cousas tan absolutamente prácticas como o deseño dunha *app* para que os peregrinos cando pasen por un sitio saiban que significan eses nomes de lugares ou por que se chaman así os sitios.

Galicia debería aproveitar que somos millónarios niso, millónarios en toponimia, que temos xa un caudal científico acumulado tan grande, pois, para liderar efectivamente os estudos toponímicos aproveitando ese itinerario cultural europeo que significa e que é o Camiño de Santiago.

Estamos todos de acordo, pois veña!

### **Luz Méndez**

Algunha pregunta máis? Se alguén quere facer a pregunta, como por cuestións do protocolo sanitario non podemos ofrecer micros ao público, repetirase desde a mesa.

### **Gonzalo Navaza**

Xosé Couñago... aproveito que quere falar Xosé Couñago para dicir que en Redondela están levando adiante unha experiencia moi interesante que consiste en que os rótulos dos topónimos leven un código de barras incorporado e as persoas cun teléfono poden ter información acerca do topónimo que figura no rótulo. É unha cousa tan simple e tan fácil de facer que me parece extraordinario o que estades facendo.

## Xosé Couñago

[...]

### Gonzalo Navaza

Pregunta se se avanzou algo. Comentou un caso concreto de como nunha área urbanizada, de nova creación, se impediu que se enchese de nomes conmemorativos e honoríficos e se utilizase a toponimia tradicional para denominar as novas rúas. Estas son as recomendacións do grupo de expertos das Nacións Unidas para os nomes xeográficos, as recomendacións da ONU, da UNESCO, son as recomendacións normais; a toponimia conmemorativa e honorífica está moi desacreditada na xente interesada no patrimonio. Pero sucede que entre a xente común, e ás veces sucede entre os que teñen responsabilidades municipais, tenden a pensar que esa é a única maneira de poñerlle nome a unha rúa.

Agora, detrás de todo isto hai un problema competencial. Por fortuna para nós, a competencia en materia de toponimia dos nomes dos núcleos de poboación e grandes accidentes xeográficos é do goberno autonómico, a diferenza do que sucede noutros territorios do estado onde é competencia municipal. A competencia municipal atomiza todo tipo de decisións e non permite regularizar, é dicir, que a harmonización que se fixo co *Nomenclátor*, por ser competencia da Xunta, sería imposible se fose competencia dos concellos.

Moitos concellos, basta con falar con eles e enseguida ven que o sensato é conservar a toponimia tradicional, pero dunha maneira medio inconsciente, non só quen ten responsabilidades senón tamén xente común, tenden a pensar que os nomes das rúas e a toponimia intraurbana, que é a que ten a competencia municipal, é unha especie de panteón de persoas ilustres ou é un sitio para homenaxear a alguén ou sucede calquera cousa e a xente mobilízase para pedir que lle poñan a rúa de non sei quen a non sei canto, despois iso queda... Eu vivín moitos anos na rúa Joaquín Loriga en Vigo –Loriga é un aviador paisano meu, de Lalín–; en Vigo chamábanlle Lóriga e ninguén sabía nin quen era... Que se fixo con poñerlle ese nome á rúa? Pois non se fixo nada, simplemente...

De maneira que eu creo que e un dos problemas que temos é este. Moitos concellos subscribiron, como fixo Vigo, unha especie de declaración, xunto coas comunidades veciñais, xunto coa Universidade e a Asociación Galega de Onomástica. Asinouse un documento de que se lles daría preferencia aos nomes tradicionais no momento de abertura de novas realidades urbanas, ou prazas ou

vías... Asinouse; cumpriuse no chamado PAU de Navia, alí ao lado de Samil; cumpriuse cando se iniciou outro PAU semellante en Barreiro, en Cabral, non sei se sabedes. Pero os propios da asociación que asinaron o documento previo, os da asociación local de alí, eran os máis interesados en que non sei que nova rúa que se ía abrir se dedicase ao anterior presidente da [asociación]. Hai esta tendencia de pensar que as rúas son para homenaxear á xente. É unha cousa moi recente, do século XIX, antes non existía.

### **Ana Boullón**

Hai dous anos, creo que foi, esta xornada foi dedicada aos nomes das rúas. Dentro das conclusións desa xornada, realizouse unha declaración que estaba baseada nesta experiencia que acaba de comentar Gonzalo e que impulsara no seu momento a Asociación Galega de Onomástica, coa idea de, esa declaración, publicada nas actas correspondentes dos *Nomes das rúas*, que a Real Academia Galega a levase á Federación Galega de Municipios e Provincias para conseguir un compromiso. Porque efectivamente, desde o punto de vista da lei, non se lle pode obrigar aos concellos a que fagan nada porque, como acaba de dicir Gonzalo, soamente a lei determina que é a Xunta a responsable dos macrotopónimos, pero dos hodónimos, ou nomes das rúas, os responsables son os concellos.

Entón, estaba previsto levar esa declaración, tramitala por parte da Academia, á Federación Galega de Municipios e Provincias, pero ocorreu un confinamento e entón quedou todo un pouco parado. Non se fixo. A ver se agora retomamos ese ano e medio que perdemos en todo. Pero é necesario, fai falta vontade política, evidentemente, pero a idea é chegar a ese acordo. Aquí presente está Víctor [Fernández Freixanes], o presidente da Academia... Pensamos retomar iso e impulsalo.

A experiencia tamén nos di que iso ten que ser un recordatorio continuo, porque a pesar de que Vigo asinara iso, a tentación de poñer nomes conmemorativos é constante. Polo menos hai esa posibilidade desa declaración sobre hodonimia que esperemos que siga adiante.

### **Gonzalo Navaza**

Ese documento de Vigo, permíteme comentar, para non citar unicamente a Asociación Galega de Onomástica, porque Xosé Couñago naquel momento tiña responsabilidades sobre a Federación de Asociacións Veciñais de Vigo e foi quen

se encargou de que as asociacións veciñais tamén se sumasen, porque senón, é probable que o Concello non fose tan receptivo.

### **Ana Boullón**

É necesaria a implicación da sociedade civil, pero a sociedade civil só se pode implicar se ten conciencia da cuestión. Porque se ti lle dis a unha persoa: “A esta rúa poñémoslle Castelao?”, “Si, si, claro, poñémoslle Castelao, estamos a favor de Castelao, todos estamos a favor de Rosalía de Castro”. Pero se se chamaba *Ponte do Boi*, pois ao mellor hai que deixarlle *Ponte do Boi*, aínda que todos somos fans de Castelao e de Rosalía.

### **Luz Méndez**

Algunha pregunta máis?

Ben, entón, Ana Boullón, coorganizadora, e Víctor Freixanes, presidente da Academia, van clausurar a xornada cunha breve intervención.



# Índice

Limiar .....	5
<b>Ana Boullón e Luz Méndez</b>	
<b>I.</b>	
<i>Regnante in Spania et in Gallecia.</i> Evolución semántica dos dous corónimos ao longo da Idade Media	15
<b>Anselmo López Carreira</b>	
Notas sobre a toponimia do <i>Códice Calixtino</i> : listaxes, <i>Adania</i> e <i>Crunia</i> .....	47
<b>José María Anguita Jaén</b>	
<b>II. O topónimo <i>Santiago</i> no mundo</b>	
De <i>Iacob</i> a <i>Santiago</i> . O camiño dun nome. <i>Santiago</i> na onomástica peninsular .....	77
<b>Sandra Beis Silva</b>	
O topónimo <i>Santiago</i> en América .....	99
<b>Pilar Caglio</b>	
<b>III. A onomástica do Camiño na aula</b>	
<i>Día a día facemos o Camiño da Ría.</i> Patrimonio material e inmaterial no Camiño da Ría Muros-Noia ao seu paso por Ames .....	115
<b>M.<sup>a</sup> Carmen Liñares</b>	
<i>Imos por Ames.</i> Un percorrido didáctico polo Camiño Portugués en Ames .....	127
<b>Luciano Fernández Martínez</b>	

**IV. Galicia como impulsora en Europa  
dos estudos toponímicos sobre o Camiño**

*Toponimia de Galicia.*

Unha cala sobre o desenvolvemento dun gran proxecto ..... 141

**Valentín García Gómez (Xunta de Galicia)**

Onomástica no Camiño de Santiago segundo o *Códice Calixtino* .... 149

**Eduardo López Pereira (Academia Xacobeá)**

Retos e contradicións da categoría patrimonio inmaterial:  
da conservación á salvagarda ..... 157

**Cristina Sánchez-Carretero (Consello da Cultura Galega)**

Notas de toponimia xacobeá galega ..... 169

**Gonzalo Navaza (Real Academia Galega)**

Debate ..... 181

**Índice** ..... 189







## Sección de Lingua / Seminario de Onomástica

Co gallo de se celebrar en 2021 o Ano Santo Compostelán, nesta VI Xornada quixemos achegarnos á onomástica do Camiño de Santiago. As perspectivas de estudo foron diversas: comézase pola Idade Media, na época da consolidación do Camiño, cunha achega sobre os cambios nos significados dos corónimos *Galia* e *España* ao longo da historia e outra sobre o valor da toponimia para a crítica textual (neste caso, na transmisión do *Códice Calixtino*). Céntranse no propio nome de *Santiago* as dúas seguintes: unha sobre as súas moitas variantes na antroponimia e na toponimia peninsular e a segunda sobre a súa presenza na toponimia americana. Despois, as acostumadas experiencias didácticas, neste caso dúas con base na toponimia dun tramo do Camiño no concello de Ames. Finalmente, unha mesa redonda sobre o estudo da toponimia no Camiño de Santiago en que se conclúe a oportunidade de celebrar un congreso internacional sobre o tema, como corresponde á condición de Galicia de ser a meta do Camiño e á súa posición de liderado nos estudos toponímicos. **Ana Boullón e Luz Méndez**



REAL ACADEMIA GALEGA



DEPUTACIÓN  
PONTEVEDRA

Iria Flavia